



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 95

Sesión plenaria
5 de decembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.5 39526 (10/PNP-002945)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

4.6 40088 (10/PNP-003000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

4.7 40278 (10/PNP-003026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

4.8 40356 (10/PNP-003031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 39327 (10/INT-001300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a xestión do Goberno galego en materia de sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

5.2 40091 (10/INT-001327)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

5.3 40351 (10/INT-001341)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego da industria galega do auto-móvil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 40859 (10/POPX-000118)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración da contribución do Goberno galego ao autogoberno de Galicia, despois de nove anos sen conseguir a transferencia de ningunha competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

6.2 40860 (10/POPX-000119)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución da desigualdade social en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

6.3 40861 (10/POPX-000120)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as cuestións que ten que ocultar o Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 40204 (10/POP-004683)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 8/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

7.2 40849 (10/PUP-000205)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa rexeneración da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

7.3 33582 (10/POP-003888)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre os traballos para a posta en marcha da 2ª fase do Plan de transporte público de Galicia no ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

7.4 39559 (10/POP-004622)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reverter o incremento do número de persoas falecidas nas estradas de Galicia no ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

7.5 40848 (10/PUP-000204)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a información do Goberno galego referida á posible realización por Augas de Galicia dun seguimento das condicións nas que quedou a canle do río Xunqueira despois da corta autorizada de árbores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

7.6 40853 (10/PUP-000206)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

7.7 33981 (10/POP-003959)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e dez deputados/as máis**

Sobre as obras de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

7.8 35488 (10/POP-004183)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

7.9 40033 (10/POP-004665)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa campaña da vendima de 2018 nas cinco denominacións de orixe de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

7.10 40159 (10/POP-004679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha análise en relación coa situación actual da cría do percebe e a previsión cara á campaña do Nadal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da contribución do Goberno galego ao autogoberno de Galicia, despois de nove anos sen conseguir a transferencia de ningunha competencia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución da desigualdade social en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as cuestións que ten que ocultar o Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 36.), Sr. Pérez Seco (S) (Páx. 37.) e Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 39.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 40.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) solicita a palabra ao abeiro do artigo 76.3 do Regulamento e intervén brevemente. (Páx. 42.)

Responde o señor presidente, que seguidamente lle concede a palabra ao señor Tellado Filgueira (P) para que este conteste á señora Presas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Burgo López (S) (Páx. 50.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 51.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 55.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 60) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 62.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 63.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 71.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 72.)

A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 75.)

Votación das proposicións non de lei

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para dar lectura ao texto da transacción sobre a proposición non de lei que se vota en primeiro lugar. (Páx. 77.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior: *aprobado por 66 votos a favor, 6 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero e D^a María Dolores Toja Suárez, sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense: *rexeitada por 26 votos a favor, 40 votos en contra e 6 abstencións.* (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da política agraria común: *rexeitada por 18 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos inves-

timentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0: *aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.* (Páx. 80.)

O señor Pazos Couñago (P) solicita a votación por separado do punto primeiro desta iniciativa, proposta aceptada polo señor Bará Torres (BNG). (Páx. 80.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Votación dos puntos 2, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas: *rexeitados por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías: *aprobado por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 81.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión do Goberno galego en materia de sanidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 86.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 91.)

Interpelación de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 93.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 101)

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego da industria galega do automóbil. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 103.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 110.)

Suspéndese a sesión ás tres e doce minutos da tarde e retómase as catro e media da tarde.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 8/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa rexeneración da ría do Burgo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 116.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos para a posta en marcha da 2^a fase do Plan de transporte público de Galicia no ano 2019. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 120.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reverter o incremento do número de persoas falecidas nas estradas de Galicia no ano 2018. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx.127.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego referida á posible realización por Augas de Galicia dun seguimento das condicións nas que quedou a canle do río Xunqueira despois da corta autorizada de árbores. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 131.)

Alteración da orde do día

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica o aprazamento da pregunta documento número 40853, a número 7.6 da orde do día. (Páx. 132.)

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña lucense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 133.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a Rosa Oubiña Solla e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa campaña da vendima de 2018 nas cinco denominacións de orixe de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego dalgunha análise en relación coa situación actual da cría do percebe e a previsión cara á campaña do Nadal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 149.)

Remata á sesión ás seis e vinte minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da contribución do Goberno galego ao autogoberno de Galicia, despois de nove anos sen conseguir a transferencia de ningunha competencia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día.

Señor Feijóo, permítame que empece felicitándoo, porque ten vostede un récord que era difícil de conseguir: dez anos de presidente, cero competencias; dez anos, cero competencias. E a este paupérrimo balance súmase o afán recentralizador do Partido Popular, que vostede apoiou entusiasticamente. E agora o seu xefe de filas, o señor Pablo Casado, pisa o acelerador da recentralización e anuncia unha ofensiva para quitarnos competencias e darllas ao Estado, e quere empezar pola educación.

Cítolle o presidente do Partido Popular: «*No puede ocurrir que se apueste por la endogamia de seleccionar a los profesores por su idioma.*». *Fin de la cita.* E a vostede parécelle ben, xa nolo dixo. Mire, di vostede que apoia un proceso de selección de docentes centralizado para toda España. Claro, señor Feijóo, ¡que escándalo!, non vaia ser que en Galiza teñamos profesores e profesoras que coñecen a nosa lingua e que poden dar aulas en galego. (*Aplausos.*) Só faltaría, claro que si.

Con este entreguismo político, a verdade é que non é de estrañar que o seu currículo de autogoberno só teña dúas liñas, cero competencias en dez anos, e vostede abrazando unha recentralización que xa é abafante.

Fíxese: o Estado decide canto podemos gastar, o Estado decide cantos profesores e cantas médicas podemos contratar, o Estado decide que impostos pagamos e despois fai unha repartición inxusta quitándonos recursos que necesitamos para poder financiar os servizos públicos.

Lonxe de avanzar, con vostedes retrocedemos. O seu balance en autogoberno é tan cutre que nos fai perder peso político e oportunidades para mellorar a vida das persoas. É tan cutre, señor Feijóo, que nin sequera conseguiu que o PP permitira o debate da transferencia da AP-9. O seu balance é o veto e que nos subiran máis unhas peaxes que xa son unha estafa.

No BNG si confiamos neste país, e queremos ter capacidade para decidir, ferramentas para mellorar a vida das persoas. E está vostede a tempo de cambiar o rumbo. Facémoslle tres propostas. Primeira, anuncie, agora que o Partido Popular está na oposición, que van votar a favor da transferencia da AP-9 no debate que se vai producir a vindeira semana no Congreso. Segunda, descólguese da ofensiva recentralizadora do señor Casado; deixe claro que o profesorado vai seleccionarse aquí e non en Madrid e que vai coñecer a lingua propia deste país. E, terceira, defenda unha axenda galega para reclamar máis competencias, como tráfico, trens, aeroportos, bolsas de estudo ou un novo marco de relacións laborais que nos permita acabar coa precariedade.

Estas, señor Feijóo, son algunhas das propostas que lle facemos. Sorpréndanos por unha vez, responda e deixe de facer de oposición da oposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Agradézolle, señora Pontón, a súa pregunta. Estamos a vinte e catro horas de celebrar o corenta aniversario da Constitución española. Entendo que hai un xiro do BNG, porque o que quere é que se siga desenvolvendo o título VIII da Constitución española. Iso sería, señoría, algo para celebrar neste Parlamento. Invítoa para que vostede e eu mañá comparezamos xuntos no Congreso dos Deputados para celebrar ese corenta aniversario e que, en base a esa constitución, solicitemos as transferencias constitucionais e estatutarias que lle pertencen a Galicia. *(Aplausos.)* Señora Pontón, ¿estaría vostede de acordo nesa proposta?

Señora Pontón, ¿o BNG é un partido autonomista ou antiautonomista? ¿O BNG está de acordo coa Constitución ou en contra da Constitución? ¿O BNG está a favor do Estatuto de autonomía ou en contra do Estatuto de autonomía? Esas son as preguntas, señora Pontón. Se vostede está de acordo coa Constitución e o Estatuto de autonomía, desenvolvámolo; se vostede está en contra, non plantexe cuestións farisaicas.

Señora Pontón, hai unhas semanas en Cataluña —como vostede reclamaba, falaba dos profesores— miles de profesores, miles de estudantes, miles de funcionarios, miles de persoal sanitario plantexaron diante do Parlamento unha protesta. A resposta da Generalitat de Cataluña é que non hai que distraerse con cuestións que non son esenciais. E engadía: «*Cataluña ha de decidir su futuro para huir del estrangulamiento al que la tiene sometida el Estado.*» Señora Pontón, ¿vostede cre que a docencia, a educación, a sanidade, os servizos sociais non é importante nunha comunidade autónoma? ¿Vostede está de acordo co Partido Popular de Galicia, autonomista, ou está de acordo co partido de Esquerra Republicana e o partido do PDeCAT, antiautonomista, independentista e republicano? Señora Pontón, díganos exactamente onde está.

Nós sabemos onde estamos: defendendo o autogoberno de Galicia. Hoxe Galicia, Euskadi e Navarra poden dicir que durante os dez últimos anos foron realmente as únicas comunidades autónomas que mantiveron o cen por cento o seu autogoberno. Nin Cataluña, nin ningunha outra comunidade autónoma que non fora Euskadi, Navarra e Galicia, mantiveron durante a década da crise o seu autogoberno, (*Aplausos.*) porque estiveron completamente intervidas, completamente intervidas, señora Pontón. E por iso debería vostede sentirse orgullosa deste pobo, dos galegos, das galegas, que fomos capaces de manter o noso autogoberno intacto durante a década da crise económica, namentres a inmensa maioría das comunidades autónomas, ningunha comunidade autónoma do réxime xeral, foi capaz de manter intacto o seu autogoberno, porque foi intervida polo Estado dende principio a fin. Señora Pontón, ese é o noso balance.

Pídeme vostede que complete cal é a proposta do Partido Popular e o posicionamento do Partido Popular na autoestrada do Atlántico. Corresponderalle ao Partido Popular e ao Grupo Parlamentario Popular, sen dúbida. Non teña vostede ningunha dúbida.

Sinto dicirlle, señoría, que neste Parlamento o BNG votou en contra da transferencia da autoestrada e este grupo parlamentario votou sempre a favor da transferencia da autoestrada. (*Aplausos.*) Esa é a primeira consideración. E a segunda consideración, señora Pontón —lamento darlle unha mala noticia— é que o Partido Popular e o grupo parlamentario maioritario nas Cortes, tanto no Congreso como no Senado, votarán a favor da tramitación da transferencia da autoestrada. (*Aplausos.*) Esa é, sen ningunha dúbida, señoría...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...unha noticia que quero compartir con vostedes. (*Aplausos.*)

Como nós lles damos unha alegría aos nacionalistas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...para tramitar unha transferencia da que vostedes estiveron en contra, espero que vostede nos dea unha alegría a nós e por fin diga que o BNG está a favor da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Feijóo, o único xiro que hai aquí é o do Partido Popular á dereita, e, por certo, (*Aplausos.*) acercándose a unha extrema dereita racista, xenófoba, homófoba e antigalega. Ese é, señor Feijóo, o único xiro que hai.

Mire, se necesita o apoio do BNG para exercer como presidente da Xunta de Galiza e reclamar o que nos corresponde, vaino ter, todo o apoio do BNG, para defender os intereses de Galiza. *(Aplausos.)* A ver se agora que non gobernan en Madrid esperta do seu sono, señor Feijóo.

Mire, o que defende o BNG é que Galiza é unha nación, que temos dereito a poder decidir o noso futuro e que ningunha decisión que se tomara hai corenta anos pode privarnos dese dereito. E vostede ¿que está defendendo?, ¿que leva defendendo durante estes anos? A recentralización que se deu no Estado. *(Aplausos.)*

Porque mire, aquí non se mantivo o autogoberno deste país, señor Feijóo. Vostede é o responsable do maior ataque ao autogoberno que se produciu nos últimos anos, porque se puxeron en marcha leis recentralizadoras que vostede aplaudiu, porque se permitiu que se cargara un dos instrumentos máis importantes que tiña o noso autogoberno, que eran as caixas, señor Feijóo, para entregarllas a un empresario venezolano que está vendendo as participación empresariais que tiñamos nas caixas por exemplo, facendo negocio con Audasa, e vostede cun silencio cómplice que non foi capaz de dicir nin mu. *(Aplausos.)*

E mire, eu sinto dicirlle que quen impediu a transferencia da AP-9 até este momento foi o Partido Popular, sinto dicirllo, porque o PP xa votou en contra no Congreso dos Deputados da transferencia da AP-9 no ano 2015. Se agora, grazas a unha moción de censura que os desaloxa do goberno, grazas ao apoio do nacionalismo, votan a favor e levantan o veto, benvido sexa, señor Feijóo, porque é absolutamente evidente que están facendo electoralismo, que cambiaron o rumbo, e benvido sexa que agora no Congreso vaian aprobar a lei que redactou o BNG. Sinto dicirlle que esa lei que se vai debater non a escribiu nin vostede nin o Partido Popular. *(Aplausos.)*

En todo caso, señor Feijóo, o seu balance destes dez anos son cero novas transferencias, non foi capaz nin tan sequera de que se convocara a Comisión Mixta de Transferencias, porque non reclamaron ningunha nova competencia para Galiza.

¿Quen non cre neste país, señor Feijóo? ¿Quen defende poder político, porque somos capaces de facer ben as cousas desde Galiza, ou realmente quen durante estes anos o único que fixo foi ser...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...o palmero do centralismo do Partido Popular? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿incomodouna que esteamos a favor de debater a transferencia da autoestrada? *(Murmurios.)* Evidentemente. Incomódaa, porque o BNG nunca solicitou a transferencia da autoestrada no Congreso, nunca, nunca. *(Murmurios.)* Vostedes, que levaban a vicepresidencia das transferencias cando

por única vez gobernaron en Galicia, nunca solicitaron a transferencia da autoestrada, nunca. (*Murmurios.*) Que quede claro, señora Pontón. Non é bo mentirlle ao Parlamento e moito menos mentirse a si mesma, non ten ningún sentido. Alá vostede.

Di que o único xiro... Señoría, ¿quere dicir outra vez que o BNG é un partido que está en contra da Constitución española? Si, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Moi ben, que quede claro. ¿E o BNG está en contra do Estatuto de autonomía de Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Señoría, ¿como podemos falar da transferencia e do autogoberno de Galicia se vostedes están en contra do autogoberno do país? É moi difícil, señora Pontón, entenderse. É moi difícil, señoría, tomar en serio algunha proposta.

Mire, señoría, nos anos en que vostedes gobernaron Galicia, nunca pediron a transferencia da autoestrada. Daquela falaban da cooperación intelixente. A cooperación intelixente consistía en apoiar o Partido Socialista Obrero Español por terra, mar e aire. A cooperación intelixente supoñía votar que non á transferencia da autoestrada e regalarlle ao Goberno central catrocentos millóns de euros ata o ano 2048 para cofinanciar a peaxe dunha autoestrada estatal. A nosa proposta de autogoberno é reclamarlle a transferencia da autoestrada e deixar de pagar os 400 millóns de euros, a razón de 7 millóns de euros anuais, que pagaba o BNG e o Partido Socialista ao Goberno central. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza, señora Pontón. É unha diferenza substancial.

A gran diferenza, señoría, para nós é que, durante a década da crise económica Cataluña, Valencia, Baleares, Andalucía, Castela-A Mancha, Castela-León, Extremadura, Cantabria, Asturias, todas as comunidades autónomas —salvo Galicia— do réxime xeral, tiveron que ser intervidas polo Goberno central. A nosa proposta é mantermos en pé, pagar o que debiamos, chegar á fin de mes e ser a comunidade autónoma que mellor paga a todos os provedores.

Seguinte proposta. Saír do Fondo de Facilidade Financeira, acudir aos mercados, porque somos unha comunidade solvente, e baixar os tipos de interese da débeda pública de Galicia, cousa que acabamos de solicitar formalmente ao Ministerio de Facenda.

Terceira proposta, señoría. Vostede fálame dunha serie de partidos políticos e dun partido político en concreto. Lamento, señoría, que vostede non distinga exactamente o que está ocorrendo.

Mire, señoría, ¿que lle fai pensar que un partido como vostedes, aliados de Esquerra Republicana de Cataluña e da evolución de Herri Batasuna, chamada Bildu, que queren romper a Constitución española, que están queimando bandeiras de España nas rúas, que están queimando retratos do xefe do Estado, que incluso un deputado seu rompeu un retrato do xefe do Estado neste Parlamento, son mellores socios, señora Pontón?

Mire, señoría, nós non imos pactar nada que estea á marxe da Constitución, e por iso é moi difícil pactar co BNG, porque vostedes están á marxe da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia. (*Aplausos.*) É moi difícil, señora Pontón.

Señora Pontón, o único pacto que temos é o pacto que sae das urnas, é dicir, cos galegos e coas galegas; non temos ningún outro pacto. E xa lle digo: señora Pontón, nós estamos a favor da Constitución española, sen trampa nin cartón...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de principio a fin. (*Murmurios.*) Estar a favor da Constitución española de principio a fin é: primeiro, defender a unidade da nación española; segundo, defender a igualdade de todos os españois; e, terceiro, defender o Estado das autonomías.

Lamento que vostedes non estean de acordo en ningún destes principios. Nin defenden a unidade da nación española nin defenden a igualdade de todos os galegos co resto dos españois, nin defenden o Estado das autonomías.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): En todo caso, señora Pontón, sempre que o BNG apoie unha proposta do Partido Popular, sempre nos terá ao seu lado, e, se somos capaces de pactar algunha cousa, tamén. O que lamento, señoría, é que vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non nos pode axudar no Congreso dos Deputados, porque os galegos xa non confían no BNG para ter representación nas Cortes Xerais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Antes esquecinme de saudar —e pido desculpas— os alumnos da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, que nos acompañan hoxe e que están co seu profesor, quen foi durante unha lexislatura deputado neste Parlamento, o señor Caamaño. Benvidos ao Parlamento.

O señor PRESIDENTE: E agora si. Procede a seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución da desigualdade social en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día.

Señor presidente, seguramente coincidirá comigo en que o avance na desigualdade social é un dos grandes problemas do noso tempo, en Galicia, en España, en realidade no mundo

occidental. E desde a responsabilidade pública temos que contribuír a reducir as causas que a provocan, a mitigar as súas manifestacións, pero tamén a paliar as súas consecuencias. E, para dicilo dun xeito suave, teño a sensación, o noso grupo ten a sensación de que vostede non ten isto na axenda, cando menos de xeito prioritario. Voulle dar algúns datos e tamén as fotos.

En Galicia o índice 80/20 de distribución da renda amosa unha clara tendencia ao aumento desde o ano 2008, de acordo coa Encuesta de condiciones de vida, do INE. Subiu desde o 4,5 ao 5,8, un 30 % de incremento.

Galicia non é a peor das comunidades autónomas, porque a estrutura por idades, co peso menor que ten aquí a mocidade, reduce o impacto sobre a desigualdade social, pero o impulso ao longo do tempo é claro, cun incremento moi notable do nivel de desigualdade, e tamén sucede na recuperación.

E fíxese vostede: se imos á distribución funcional da renda, a remuneración dos asalariados, que era o 48 % da renda no ano 2009, é agora do 42,7 %.

E o movemento contrario sucedeu co excedente bruto de explotación; isto a partir das contas económicas trimestrais de Galicia que publica o Instituto Galego de Estatística. As rendas do capital aumentan, as rendas do traballo retroceden. Os que máis teñen reforzan a súa posición a custa dos que só viven do seu salario.

Pero tamén sucede que se incrementa a desigualdade nos salarios. Os salarios medios, en termos nominais, son lixeiramente máis altos hoxe que ao inicio da crise, pero a desigualdade interna tamén se incrementa, de acordo coa Encuesta de estructura salarial, do INE. Os salarios máis baixos, no percentil 10, en Galicia son menores que no ano 2008; os salarios máis altos, percentil 90, incrementáronse nun 10 %. E isto sucede porque o nivel de precariedade é excesivo na entrada no mercado laboral e porque os que entran no mercado laboral máis dun 70 % apenas chegan a 1.000 euros mensuais; os que máis gañan en salarios souberon protexerse mellor.

E, por último, a mocidade entre 18 e 25 anos viu reducir o seu salario medio anual nun 25 % desde 2008, ata cobrar hoxe 6.588 euros de media, e isto afecta 83.000 asalariados. E por riba dos 56 anos ata os 65 o salario medio incrementouse lixeiramente, un 5 %. Todo isto de acordo co Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Non foi un incremento moi forte por riba dos 56 anos, pero foi suficiente para agrandar a fenda salarial.

Por tanto, señor Feijóo, durante os seus anos de goberno a desigualdade social aumenta en Galicia, os propietarios melloraron fronte aos asalariados, os perceptores de altos salarios melloraron fronte aos traballadores precarios e a deterioración salarial e da condición de vida dos xoves fíxose moi patente. A taxa de risco de pobreza por debaixo dos 24 anos multiplica case por tres a dos maiores de 65 anos.

Seguimos tendo demasiadas familias que teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes, 131.000 con carencia material severa nas últimas estatísticas.

Eu xa sei que non todo depende de vostede, pero a pregunta tamén é clara: ¿que está disposto a facer para reducir de maneira substancial as desigualdades sociais que estas fontes poñen de manifesto?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, hai unhas semanas o portavoz de En Marea tamén facía unha pregunta sobre a desigualdade e o portavoz de En Marea e eu coincidiamos en que o maior problema da desigualdade en todas as rexións e en todos os países occidentais é a falta de emprego.

Acabamos de coñecer xa os doce últimos meses, incluído novembro, e podemos dicir que Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis baixou o paro no último ano, segunda comunidade autónoma onde máis baixou o paro no último ano. En Galicia segue baixando o paro por riba da media de España, case dous puntos e medio. Segundo as afiliacións á Seguridade Social, en Galicia hoxe hai máis de 20.700 novos afiliados á Seguridade Social que hai un ano. E segundo a EPA, que vostede sempre reclamaba e que agora ultimamente xa non fala dela, co terceiro trimestre do dato coñecido, o paro en Galicia segue estando por debaixo da media de España máis de dous puntos, e a EPA o que vén dicir é: primeiro, que recuperamos a taxa de paro do ano 2009, e, segundo, que no último ano se crearon máis de 24.000 postos de traballo en Galicia. Eses son os datos.

Sobre a desigualdade, señoría, colle vostede os índices S80/S20; moi ben, paréceme ben. Supoño que vería todos os demais índices, porque coller un índice só, descoñecendo todos os demais, é un acto de trilerismo político impropio dun portavoz tan serio como vostede.

Sabe vostede que a desigualdade en Galicia se está reducindo, que a taxa de pobreza en Galicia hoxe é inferior á de cando gobernaban vostedes no ano 2008, en plena bonanza económica. ¿Por que non lles di iso aos galegos? Sabe vostede que o número de fogares con dificultades para chegar a fin de mes é o máis baixo da serie histórica. ¿Por que lles oculta iso aos galegos? E sabe vostede, señoría, que se reduce a carencia material severa en 2,4 puntos e somos a quinta comunidade autónoma con mellores datos.

Por iso me sorprende que vostede veña aquí co índice S80/S20. En todo caso, con ese índice, Galicia está por debaixo da media de España, é dicir, mellor que o conxunto de España. Colla vostede o índice Gini, poderao comprobar outra vez.

Fala vostede de salarios. Enquisa anual de custo laboral INE, datos 2017. En Galicia dende o ano 2008 ao ano 2017 os salarios increméntanse o 8 % e en España o 5,4 %. ¿Por que non

fala vostede de que en Galicia se incrementaron os salarios durante a crise económica tres puntos máis que no resto de España? Sorpréndeme.

O INE, volvamos ao INE. A taxa de pobreza en Galicia está case tres puntos por debaixo da media española. Volvemos baixar este ano con respecto ao anterior e somos unha das comunidades autónomas coa taxa de pobreza máis baixa que a do ano 2008, en plena bonanza económica. Volvo reiterar: creo que este esforzo que se fai entre todos hai que poñelo en valor.

A baixa de número de fogares con dificultades para chegar a fin de mes, a cifra máis baixa da serie histórica. Agora ben, se vostede me di: ¿e vostedes están satisfeitos con esta situación? Non, evidentemente que non, señoría. ¿E que imos facer? Primeiro, facendo o presuposto máis social que nunca se fixo na comunidade autónoma en relación coa contía dos presupostos. Dende o ano 2009 as políticas sociais incrementáronse un 70 %, un 70 % o seu presuposto; é dicir, durante a época de bonanza económica gastaban menos en políticas sociais que agora.

E a segunda proposta. Mire, por primeira vez en Galicia vai percibirse unha renda de integración social de Galicia compatible cun traballo. Ímolo aprobar este mes, por decreto. A primeira vez —insisto— que na comunidade autónoma os perceptores da Risga poden compartir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...esa percepción da Risga e un traballo. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, estamos traballando para isto. Pero, señor Leiceaga, ¿a que lle vén coller dous índices e ignorar vinte índices que din exactamente o que acabo de ler? Señor Leiceaga, clases de desigualdade, por favor, vaian vostedes a outras comunidades autónomas a dár-llelas. ¿Sabe o problema que ten, señor Leiceaga? Que nesas comunidades autónomas gobernan vostedes, ou gobernaban.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, vostede fálame do orzamento. Eu creo que as súas políticas poden resumirse —díxeno o outro día xa— no que se coñece como o efecto Mateo, porque ao que ten daráselle e terá máis pero ao que non ten aínda iso lle será quitado —Mateo 13:12—. *(Aplausos.)*

Fíxese: vostede critica a suba do salario mínimo, por ser demasiado xenerosa, pero hai 175.000 asalariados en Galicia que cobraron menos de 9.000 euros por ano en 2017, e a estes predícalles apertar o cinto. Pero son demasiados dos nosos compatriotas pelexando por chegar a fin de mes e merecerían algo máis de empatía pola súa parte, señor Feijóo. E,

con todo, reserva toda a simpatía política para os menos de 1.000 galegos —un 0,27 % do total— que pagan un imposto de patrimonio, eses que teñen 5,5 millóns de euros de patrimonio neto. E xa sei que o fai con boa intención, trata de axudalos a que cheguen á fin de mes, porque a vida está moi difícil e hai tanto chofer, tanto xardineiro, tanto piloto, tanto mecánico, tanto traballador ou traballadora do fogar, que na nova situación política ademais van reclamar con máis forza os seus dereitos, que os sindicatos están de volta, que está moi difícil chegar á fin de mes para esta xente. Xa sei que o fai coa mellor das intencións. Quere axudalos a afrontar os gastos extra, que Nova York está moi cara, que agora cos divorcios hai máis vodas, que hai que pasar a pensión aos fillos e ás fillas, que hai que..., en fin... Incluso o novo Goberno ameaza con novos impostos, o de transaccións financeiras, cando temos a maioría do noso patrimonio en valores mobiliarios. A Axencia Tributaria ameaza con combater con máis forza a elusión fiscal, e agora Suíza xa non é o que era e Singapur está moi lonxe.

Sei que vostede o fai con boa intención, que quere aliviarlles esa pesada carga de chegar á fin de mes. Non o fai por simpatía, non. Ben, en realidade non sei por que o fai, e pode ter unha oportunidade para explicárnolo. Pero o certo é que ese orzamento do que está tan orgulloso o que plantea como medida fiscal máis importante é rebaixar un 20 % o imposto de patrimonio a 723 persoas (*Aplausos.*) que teñen as maiores fortunas no noso país. Esa é a súa política fiscal desnuda, desnuda. Seguramente, é para darlles unha alegría, que non todo van ser desgustos neste momento.

Aínda está a tempo, aínda está a tempo de alterar os orzamentos e evitar este escándalo, aínda está a tempo de equilibrar socialmente os seus orzamentos do 2018, a non ser que pretenda ser coñecido como presidente das grandes fortunas.

E pedímoslle que elimine a redución do 20 % nas tarifas do imposto de patrimonio, que impulse o diálogo social cos sindicatos, ao que se comprometeu no debate do estado da Autonomía, para mellorar as condicións no mercado laboral, e que duplique as OPE que ten previstas, para reducir de verdade a precariedade na administración pública, non para facer un xesto que apenas se toca isto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Esas son as medidas que precisaría para que cambiemos de opinión sobre a súa actuación en relación coa desigualdade social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, probablemente isto de que mañá imos celebrar o corenta aniversario da Constitución pois nos fai aproximar realmente os partidos políticos.

Na primeira parte da intervención da voceira do BNG entendín que facía unha aproximación á Constitución, despois deixoume claro que non. E agora vostede cítame a Mateo —13:12—. Eu xa sei que hai socialistas cristiáns e socialistas católicos, sen ningunha dúbida. Sei que neste momento no Partido Socialista iso está a extinguir, xa quedan poucos os que hai, agora falan mal do Partido Socialista. (*Murmurios.*)

Pero o que si está claro, señoría, é que, ademais de coñecer o versículo de Mateo, non debería vostede ignorar as táboas da lei. Son dez, ben fáciles de recordar. A oitava di: non dirás falsos testemuños nin mentirás, señor Leiceaga. (*Aplausos.*) Si, señor Leiceaga. É ben fácil, é ben fácil vir aquí e coller o índice S/80 e S/20 —supoño que os alumnos da Facultade de Dereito se estarán divertindo nesta sesión (*Risos.*) —, ese 80 e ese 20, e non falar do Instituto Nacional de Estatística, non falar de ningunha estatística oficial, non falar da taxa de pobreza —que hoxe é inferior á do ano 2008—, ocultar que o número de fogares que non chegan á fin de mes é o máis baixo da época, e algo máis (*Murmurios.*): ocultarlles aos alumnos de Dereito Fiscal e Tributario que o Goberno que eliminou o imposto de patrimonio en España foi o Goberno socialista no ano 2007. (*Aplausos.*) ¡Sorprendente, señorías! (*Murmurios.*)

Vostede cre que os alumnos de dereito non teñen memoria. Si que teñen memoria. Cando estudabamos o Dereito Tributario e Fiscal, aparecerá un ítem e dirá: ano 2007, baixar impostos é de esquerdas, (*Murmurios.*) José Luis Rodríguez Zapatero dixit. ¿E que fixemos nós? Subir o imposto de patrimonio, un 20 %. ¿E que facemos agora? Deixar o imposto de patrimonio como estaba. ¿Iso é baixar o imposto de patrimonio? É dicir, ¿deixar o imposto de patrimonio como estaba é baixar o imposto? Non, non, nós subimos o imposto de patrimonio e agora deixámolo como estaba. É exactamente así. (*Murmurios.*)

Pero, señor Leiceaga, ¿sabe vostede que durante todo o noso mandato, os dez anos, levamos baixando impostos ás rendas medias e baixas? ¿Sabe vostede que o imposto da renda ás persoas físicas en Galicia é dos máis baixos do Estado?

Voulle plantexar só dúas consideracións. Unha. Cando nós baixamos o imposto de sucesións e excepciónamos 400.000 euros por habente causa, dixéronnos que era unha política tributaria de dereitas, e chega Andalucía e fai unha exención de 1 millón de euros por habente causa. ¿En que quedamos, señor Leiceaga? Se baixamos 400.000 euros en impostos de sucesións aquí, é que somos de dereitas, e se baixa 1 millón de euros o Partido Socialista en Andalucía, é que son da esquerda progresista. Primeira consideración.

E a segunda consideración —permítame, agora que estamos nas festas do Nadal—, mire, fala vostede de desigualdade, de pobreza, de emerxencia, ¿como é posible que vostedes se adiquen a comprar bombillas en Puente Genil no Nadal? Tan mal non estará Galicia. Se somos capaces de comprar millóns de bombillas na localidade cordobesa de Puente Genil para poñer as cidades onde goberna o Partido Socialista con maior esplendor, non estamos tan mal en materia de desigualdade e emerxencia, señor Leiceaga.

¿Sabe o que ocorre, señor Leiceaga? Que na cidade onde goberna o seu líder —perdón, o alcalde correspondente—, que ten os peores datos das políticas sociais de todas as cidades, incluídas as das Mareas, resulta que aí a prioridade son as bombillas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, a nosa prioridade é a política social, a política social, señor Leiceaga. Non faga demagogia coa desigualdade, coa pobreza e coas rendas baixas, porque cando se trata de facer política social o que fan é unha política de bombillas. Por certo, non sería malo comprar as bombillas en Galicia, señor Leiceaga.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(Murmurios.)

Silencio, silencio.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) Silencio. Señor Losada, señor Losada, silencio, silencio.

Mala imaxe arriba, ¡eh!

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Como que lle dá igual? ¡Home!, non diga iso, por favor. ¿Como lle vai dar igual levar unha mala imaxe da xente que está arriba? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lle pode dar igual que a xente que temos na tribuna leve unha mala imaxe de vostede, ¡por favor! Quérolle axudar eu. *(Murmurios.)* E, ademais, non é malo que de vez en cando fagamos un repaso dos Evanxeos, tamén está ben iso. Quede claro. *(Risos.)*

Pregunta ao señor presidente da Xunta de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as cuestións que ten que ocultar o Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, moitas grazas.

Señor Núñez, hai agora algo máis de dous anos, cando o Partido Popular empezaba a sentirse ameazado electoralmente a consecuencia dos numerosos casos de corrupción, que empezaban a transformarse en condenas penais, nas primeiras pezas separadas do caso Gürtel, aquí tamén co caso Campeón, etc., vostedes idearon unha campaña de imaxe consistente en aparentar transparencia, e desta maneira, entre outras cousas, fixeron unha reforma do Regulamento nesta Cámara onde dicían que ían permitir que a oposición puidese investigar temas que mesmo incomodasen o grupo maioritario. A música, desde logo a transparencia, soaba ben: poder investigar en contra do parecer do grupo maioritario.

Non obstante, chegou o momento da verdade e confirmouse a peor das sospeitas, e é que a transparencia era toda unha cuestión de cartón pedra. En Marea e o resto de grupos da oposición, en setembro deste ano, decidimos activar esa comisión de investigación nun tema que é fundamental para a cidadanía de Galicia: a defensa dun sistema sanitario público. A xente está preocupada e vive con moita preocupación a situación de recortes, de precarización do persoal sanitario, e a privatización do servizo público de sanidade. Basta enfermarse para enfrontarse a unhas longuísimas listas de espera, para ver a saturación dos servizos de urxencias ou para ver a continua derivación á privada; tamén para ver a falta de recursos materiais e de recursos tamén en materia de persoal.

E iso dá lugar a que hoxe en día numerosos colectivos, tanto profesionais como de cidadáns, estean protestando: os técnicos de transporte do persoal sanitario, o persoal sanitario dos PAC, do 061, o persoal de urxencias aquí no hospital de Santiago, múltiples comunidades locais en defensa dun servizo de pediatría: Mondariz, Cangas, Cuntis, etc.

E estas protestas tiveron dous fitos, que son especialmente importantes, e así o quixemos traer a esa comisión: a morte de oito persoas como consecuencia da falta de medicación en tempo, no caso da hepatite C, e o falecemento dunha persoa no PAC da Estrada, mentres esperaba por un médico que nunca chegaba e cun incumprimento expreso de dúas normas aprobadas pola propia Consellería, que obrigaban a ter un segundo equipo médico que non existiu; en total, un aforro de 300 euros de custo nunha tarde, que se saldou cun falecemento.

E nós, o conxunto de grupos da oposición, quixemos pasar dos números ás persoas, poñerlles cara aos recortes, e preguntarnos que foi o que pasou e preguntarnos e dar unha solución a ese padecemento que nos parece absolutamente un sufrimento innecesario.

Pois ben, foi pedir esta comisión de investigación e saber realmente cal era o verdadeiro espírito da aprobación desa reforma: impedir que realmente puidese haber transparencia, impedir que houberse investigación, porque o Partido Popular se dedicou a vetar as comparecencias que os grupos da oposición pediamos nesa comisión.

¿Para que queremos unha comisión de investigación se non podemos investigar? ¿Como se pode permitir que aqueles que se opuxeron a investigar, porque vostedes votaron en contra desa comisión de investigación, sexan agora os que decidan quen pode comparecer na comisión de investigación e quen non? Se vostedes non querían investigar, agora é lóxico que se opoñan. Logo, ¿en nome de que transparencia se fixo isto?

Esta comisión vetou numerosas propostas, e fíxose inicialmente en nome de que había demasiadas propostas, e entón os grupos da oposición acordamos reducilas unha, dúas e ata tres veces, e a resposta seguiu sendo que non, o cal deixou ao descuberto unha verdade: que o problema non eran os números, o problema é que vostedes non querían coñecer a verdade. Vostedes non querían escoitar a voz dos traballadores e traballadoras do PAC de urxencias da Estrada para saber que foi o que pasou aquela tarde, vostedes non querían escoitar as vítimas da persoa falecida naquel lugar e tampouco vostedes querían escoitar o que nos tivesen que dicir as persoas responsables da denegación da medicación dos enfermos de hepatite C.

¿Pode explicar vostede o porqué deses vetos ao coñecemento da verdade, señor Núñez?
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Creo que é moi importante hoxe escoitar o señor Villares falar de transparencia, é moi revelador, señor Villares. Eu creo que a preocupación que ten as Mareas de Podemos coa comisión de investigación é que o presidente da Xunta solicitara comparecer antes de ver cantas persoas ían comparecer, que o conselleiro de Sanidade solicitara comparecer, que o conselleiro de Facenda solicitara comparecer. Creo que iso o preocupa.

Tamén me sorprende que, falando de sanidade, non me fale vostede dos dous últimos datos da sanidade que se acaban de facer públicos ata o de agora. Resulta que acaban de saír as listas de espera do Sistema nacional de saúde. Galicia é unha das catro comunidades autónomas con mellores listas de espera en todo. Lista de espera cirúrxica, Galicia a media sesenta días, España no seu conxunto noventa e tres días. A Rioxa, Madrid, País Vasco e Galicia son as mellores. Consultas externas, Galicia a media trinta e sete días, e España a media de cincuenta e sete días.

¿Iso vostede cre que é unha mala xestión da sanidade pública do país, estar entre as trescatro comunidades autónomas con mellores datos de lista de espera, a pesar de ter a poboación máis envellecida de todas estas comunidades autónomas? ¿E parécelle a vostede que ese é un mal dato para os profesionais sanitarios?

Hoxe no Consello da Xunta imos aprobar unha oferta pública de emprego de 1.460 prazas, máis de 500 médicos, máis de 650 diplomados sanitarios. Esas son as nosas propostas, señor Villares, iso é o que estamos facendo coa sanidade.

Vostede, que pertence a un grupo minoritario dentro do Parlamento, plantexa unha comisión de investigación, e, de acordo coa modificación do Regulamento da Cámara, acéptase. ¿Por que durante trinta anos de comunidade autónoma nunca se puido facer unha comisión de investigación a proposta da oposición? ¿Por que cando nós estabamos na oposición xamais podíamos plantexar unha proposta de comisión? ¿Por que as comisións de investigación cando o Bipartito estaba no Parlamento eran investigar o que fixo o Goberno do Partido Popular cando estaba na oposición? A comisión da Cidade da Cultura, a comisión dos lamentables tubos da vía rápida do Salnés.

Votedes, esa esquerda autoproclamada esquerda —na miña opinión, esquerda reaccionaria—, están plantexando unha comisión de investigación e non comparecendo a esa comisión de investigación. ¿Vostede cre que En Marea ten algo máis importante que facer que comparecer na comisión de investigación da sanidade? ¿Será comparecer nas comisións de investigación que están formando vostedes sobre si mesmos? ¿Será iso por riba do respecto ao Parlamento e á comisión de sanidade de investigación constituída neste Parlamento? Parece que todo indica que si.

Mire, señoría, eu mesmo solicitei a comparecencia. Un membro do seu grupo díxome que como eu me arrogaba a posibilidade de solicitar a miña comparecencia. Pero iso é o descoñecemento mínimo dunhas normas democráticas. ¿Como se lle pode negar ao presidente dun goberno comparecer nunha comisión de investigación que queren constituír as minorías parlamentarias? Iso pareceulle mal.

Eu entendo que vostedes estean ocupados noutras cousas que non sexa a comisión de investigación, pero di moito da oposición que non queiran participar na comisión de investigación e que, non obstante, se adiquen vostedes a comentala en Twitter. Vostedes non comparecen no Parlamento, non comparecen na comisión de investigación. Están todo o día comentando esa comisión de investigación en Twitter. Non é de estrañar, señoría, que...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis que un partido político, vostedes nos últimos meses se estean convertendo nun meme, non é nada de estrañar. Pero un pouco de respecto ao Parlamento, un pouco de respecto ao Parlamento, un pouco de respecto ás comisións de investigación, un pouco de respecto aos grupos parlamentarios da Cámara.

Mire, señor Villares, sabe vostede que, se de algo estamos orgullosos, é da xestión da sanidade pública, non teña vostede ningunha dúbida.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso, señoría, este mes, antes de que remate, empezamos a demolición do antigo hospital de Lugo —cousa que negaron vostedes sistematicamente que fariamos— e antes de que remate o mes licitaremos o novo hospital de Ferrol. ¿Parécelle que iso é pouco compromiso coa sanidade pública, señor Villares? Iso non é pouco compromiso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Núñez, a pregunta era ben fácil e, á parte, fixémoslla por escrito: ¿por que vetan vostedes determinadas persoas na comisión de investigación, que eran precisamente as persoas que nós queríamos que comparecesen, porque criamos que podían botar luz sobre eses feitos? Era ben fácil a pregunta, botou catro minutos e non a respondeu, ten ocasión de facelo agora.

Mire, ¿pódelle explicar a toda a xente que nos escoita como se pode investigar que sucedeu en urxencias no PAC da Estrada sen chamar aquí os profesionais que estaban traballando aquel día? ¿Pode explicar como? Vostede ofreceuse a comparecer. ¿Vostede estivo alí traballando aquela tarde? Non estivo, ¿verdade? Entón, non sabe o que pasou. Entón, ¿non lle importaría deixar que veñan os que estiveron alí para que nos expliquen qué sucedeu?

¿Verdade que no caso Alvia compareceron todos os profesionais que estiveron aquela tarde traballando, tanto a bordo do tren como na estación?, ¿verdade que si? Explique neste caso por que non poden vir os profesionais do PAC da Estrada. Eles poderían avalar a desatención o día que morreu o señor Rey Brea na Estrada e dicindo e avalando que se debeu a un grave descuberto de persoal médico, que non foi casual no Sergas, senón común a outros moitos dispositivos da provincia de Pontevedra, que é a máis carenciada de persoal médico. Vostedes parece que dá a sensación de que queren amordazar no Parlamento as voces incómodas que non queren escoitar.

Pero aínda máis contraditoria é a posición do Partido Popular, que vostede aquí defende co seu silencio, en dous temas: en primeiro lugar, aos propios familiares do falecido na Estrada, e, en segundo lugar, as persoas investigadas penalmente no caso da hepatite C.

Fagámonos esta primeira pregunta: ¿hai vítimas de primeira e vítimas de segunda? ¿Por que non poden comparecer nesta comisión de investigación os representantes da familia do falecido e non obstante si poden facelo, por exemplo, noutra comisión de investigación os familiares dos falecidos do Alvia? ¿Que diferenza hai entre uns familiares e outros familiares? ¿Por que non poden comparecer os familiares do señor Rey Brea se poden facelo incluso os familiares das persoas falecidas por hepatite C? ¿Por que as vítimas en urxencias no caso da Estrada non poden comparecer e as vítimas do Marisquiño si? Afortunadamente, no caso do Marisquiño non morreu ninguén e, non obstante, as persoas lesionadas e os seus representantes poden comparecer, pero non pode comparecer na comisión a familia da persoa falecida no caso do falecemento no PAC da Estrada. ¿Hai vítimas de primeira e vítimas de segunda?

Non é a única contradición. Hai outra contradición. En relación co caso da hepatite C, vostedes censuran, vetan, imposibilitan que comparezan Félix Rubial e Carolina González-Criado, ambos investigados penalmente pola denegación indebida dun tratamento que existía na farmacia e que lles podería ter salvado a vida. ¿É útil saber por que actuaron así? Nós pensamos que si, e seguramente a xente tamén, pero non poden vir, ¿por que? Acábanlle de chivar que non poden vir porque o PP di que están sendo investigados penalmente.

A pregunta é —e están tamén os estudantes de Dereito aquí para contestala—: ¿a lei prohibe que un investigado penalmente en fase de instrución veña a un Parlamento ou a unha comisión de investigación? Non. ¿O Regulamento da Cámara prohibe que un investigado veña a unha comisión de investigación? Non. Daquela, se non hai motivo legal, soamente hai un motivo político, e un motivo político chámase mordaza. ¿Que os incomoda? ¿Que digan a verdade?

Non cola na sociedade galega iso de que non poidan vir por estaren sendo investigados. No caso Alvia todo o mundo recorda que declarou o maquinista e estaba sendo investigado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: —Si, remato—. É máis: o Partido Popular nesta mesma cámara ten proposto e admitido declaración de persoas que estaban sendo investigadas penalmente

en fase de instrución. ¿Sabía isto vostede, señor Feijóo? Mire, está aquí. (*O señor Villares Naveira mostra un documento.*) É a proposta de traballo da comisión de investigación das caixas, e por proposta do Partido Popular compareceron os que naquel momento estaban sendo investigados en fase de instrución: os señores Fernández Gayoso, Pego Alonso ou García de Paredes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Explique vostede cal é a contradición: ¿por que no mesmo Parlamento o mesmo partido nunha comisión...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...chámaos e investígaos penalmente e noutra non o fai? ¿Que teñen vostedes que ocultar? Pois que no caso da hepatitis C seguramente hai xente que está encubriendo o verdadeiro responsable dos recortes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Insiste o señor Villares en falar de transparencia e en mostrarse en contra da ocultación, literalmente. Despois desta fin de semana o señor Villares ten lexitimidade para falar de transparencia e de ocultación. (*Murmurios.*) Eu estou respectando o Parlamento e por iso eu mentínlle ao Parlamento ao dicirlle que estamos vetando, por exemplo, o letrado das persoas afectadas pola hepatitis C. O letrado comparece na Cámara. ¿Parécelle a vostede pouca defensa? ¿Parécelle pouca defensa que propoñamos que veña a plataforma de afectados? ¿Parécelle que non é axeitado que a asociación médica que levou o caso á Xustiza poida comparecer na comisión? ¿Por que mente, señor Villares? É que cando menten os demais é que menten entre eles, e o problema é que, como se menten entre eles, ao final non lles fai caso ningún. (*Aplausos.*)

Pero, señor Villares, esa é a razón. A nosa proposta non é que comparezan os catrocentos afectados polo Marisquiño —a súa, si—, porque entendemos que os afectados deben de plantexar a súa posición distinta da comisión de investigación, que, loxicamente, o que quere saber, obxectivamente, é que ocorre ou que ocorreu.

Pero vostedes están negando que compareza o letrado das persoas do caso da hepatitis C e están negando que van comparecer os médicos, a asociación médica que levou o caso á Xustiza. ¿Por que están confundindo a xente? ¿Cre que os sindicatos, as persoas relacionadas coa hepatitis C, os representantes dos colexios son persoas que non son de fiar e que non merecen crédito para esa comisión de investigación? ¿Que pretendían vostedes, señoría? Máis de duasetas persoas que comparezan, millóns de folios de documentación.

Mire, coincidimos na comparecencia: cinco solicitudes, todas coincidentes dos grupos. Comparecentes que se aceptaron no plan de traballo da oposición: vinte comparecentes. É a comisión con máis comparecentes nunha comisión de investigación celebrada no Parlamento.

Volven mentir co tema dos directivos das caixas. Os directivos das caixas citámoslos para que declarasen sobre a evolución das caixas, non para que declarasen sobre os asuntos pendentes como eran os seus salarios. Eses eran os que estaban pendentes da Xustiza. A iso non os citamos, señor Villares. Polo tanto, non debe vostede mentir, porque mentir non conduce a nada.

Vólvollo reiterar: mire, señor Villares, vostede representa un grupo político que é o paradigma da falta de transparencia no seu funcionamento. Están vostedes como para poñer en cuestión os datos e falar de transparencia, señor Villares. Non quero insistir nin incidir nas súas propostas e nas súas liortas, pero falar aquí de democracia, de transparencia, de ocultación, cando un partido político para unha votación porque resulta que todo parece indicar que esa votación non lle convén a vostede, e para a votación e simplemente a deixa *sine die*, e fala de democracia, de transparencia e de ocultación, señor Villares, ¡un pouco de pudor!

Señor Villares, hai dúas comisións de investigación neste Parlamento, as dúas a proposta da oposición, as dúas. É a primeira vez que ocorre nun Parlamento democrático, como o galego. ¿Quere dicirme vostede se hai algún concello, incluído o de Vigo, que permita unha comisión de investigación a proposta da oposición? Ningún concello en Galicia permite unha comisión de investigación a proposta da oposición, ningún, ningún, señoría. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, xa non lle vou falar do que ocorre en Venezuela...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...coas comisións de investigación da oposición. (*Murmurios.*) Si, si. É que hai vinte e cinco mil galegos alí, non sei por que se ríen de todas esas familias. (*Murmurios.*) Eu comprendo que vostedes en Venezuela vivirían moi ben, pero os vinte e cinco mil galegos viven moi mal.

Polo tanto, xa non vou falar nin de Venezuela, de como se trata a oposición, nin de Vigo, de como se trata a oposición; diso xa non vou falar. Pero póñame un só exemplo en España dun Parlamento onde as comisións de investigación sexan a proposta das minorías parlamentarias.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dúas comisións de investigación a proposta da oposición.

Señoría, quero dicirle que me sinto moi orgulloso do funcionamento deste Parlamento. O 80 % das iniciativas que se discuten neste Parlamento son a proposta da oposición.

Para despedir os universitarios que temos aquí, propóñolles que miren noutros parlamentos. Se un grupo parlamentario que ten maioría absoluta na Cámara, o único grupo parlamentario de todos os parlamentos autonómicos, acepta dúas comisións de investigación a proposta da oposición, e o 80 % das resolucións que se discuten na Cámara son por proposta da oposición, ¿vostede cre que é razoable que nos acuse de ocultación ou falta de transparencia?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non houbo un Parlamento máis democrático que este e non hai un grupo parlamentario máis democrático en España que o Grupo Parlamentario Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos coas proposicións non de lei, que é o punto cuarto da orde do día. Retomámolo.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Terá que estar isto algo máis tranquilo. *(Pausa.)*

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Socialista e de En Marea.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 39526 [10/PNP-002945].

Emenda de adición:

Engadir o seguinte texto:

“3) O traslado á fiscalía anticorrupción de toda a información da que dispoña a respecto da demora na construción das fragatas F110 por parte de Navantia para o estudo das posíbeis accións constitutivas de delito.

Así mesmo, ínstase a Xunta a:

a) comprometerse coa diversificación industrial na comarca de Ferrol que supoña o levantamento real do veto á construción civil, a comezar por impulsar un mesmo complexo integral que garanta o impulso do aproveitamento dos estaleiros da ría como un todo.

b) dar cumprimento ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galiza, que establece que “a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso” para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego.

c) facer seguimento do impacto negativo que poidan ter no posicionamento de mercado do naval galego as acusacións verquidas por Noruega ao fío do afundimento da fragata KNM Helge Ingstad (F-313) e implicarse nas accións conducentes a minoralo.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160.1 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39526).

Emenda de modificación:

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, onde di: “..., dentro deste ano, ...”, debe dicir: “... coa máxima urxencia, ...”)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 39526 (10/PNP-002945).

Emenda de adición:

Débense engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes puntos:

3.- Desenvolver todas as iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia.

4.- Esixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número, como mínimo, igual ao das baixas.

5.- Instar a dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.

4.- Acelerar na Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Ferrol estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial, o desenvolvemento do estaleiro 4.º e a competitividade do estaleiro. 4.- Acelerar na Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Ferrol estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial, o desenvolvemento do estaleiro 4.º e a competitividade do estaleiro.

5.- Instar ao Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia. 5.- Instar ao Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.

6.- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada en todas as reunións e negociacións que se desenvolvan para dar cumprimento aos anteriores puntos.

7.- A esixir ao Ministerio de Industria e á dirección da SEPI a inclusión da Xunta de Galicia no Consello de Administración de Navantia.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Traemos a este pleno unha proposición non de lei fundamental para o futuro da comarca de Ferrolterra, unha comarca que non se entendería sen un sector tan estratéxico como é o sector naval. Non lle imos descubrir a ninguén a importancia histórica, a importancia social, a importancia económica da construción naval —civil e militar— na ría de Ferrol.

De Navantia Fene-Ferrol dependen ao redor de 15.000 empregos, 2.200 empregos directos nos estaleiros públicos, ao redor de 1.800 na industria auxiliar e outros 11.000 empregos indirectos. Navantia supón, polo tanto, o 16 % do PIB industrial da provincia da Coruña en termos de emprego, Navantia Fene-Ferrol representa o 24 % do emprego industrial da provincia.

O proxecto das fragatas F-110 arranca no ano 2004, se ben é certo que durante os mandatos de Rodríguez Zapatero quedou metido nun caixón. É no ano 2015 cando o proxecto recibe un impulso definitivo, un impulso decidido por parte dun goberno, dun goberno do Partido Popular.

Nese ano 2015 apróbase o investimento de 135 millóns de euros para avanzar no proxecto tecnolóxico do mastro do buque e encárgaselle a tarefa á UTE Navantia-Indra. Nese mesmo ano, no ano 2015, un goberno, un goberno do Partido Popular inicia ademais outro investimento —20 millóns de euros— para que Navantia comece a fase de definición do deseño da plataforma das futuras fragatas F-110.

O programa das fragatas F-110 contempla a construción de cinco unidades, cun investimento aproximado de 4.000 millóns de euros. Estamos falando dun novo buque militar que integra sistemas de combate antiaéreo, sistemas de combate antisubmarino, antisuperficie e de guerra electrónica.

O programa suporá emprego para 7.000 persoas e contempla ademais unha partida de 400 millóns de euros, o 10 % do orzamento global, para algo fundamental que é a modernización das instalacións dun estaleiro que data do século XVIII. Estamos falando de facer dragados, recheos, construción dun novo dique cuberto —do que aquí temos falado moito—, de cons-

trucción de novos muelles, talleres, maquinaria, en total unha serie de actuacións para adaptar o noso estaleiro á construción dun novo buque de guerra que podería interesar non só á Armada española senón a outras armadas do mundo.

É certo que a situación de Navantia non é sinxela. Nos últimos anos sufrimos as consecuencias das tensións provocadas pola falta de pedidos, pola falta de carga de traballo, que se deron durante a última etapa do Goberno socialista. Nos últimos cinco anos do Goberno de Rodríguez Zapatero non se conseguiu nin un só contrato para os estaleiros da ría de Ferrol, cero pedidos nos últimos cinco anos. É verdade que custou, custou moito recuperar a actividade nos estaleiros da ría de Ferrol, pero é certo que nese último período 2014-2018 houbo froitos do traballo desenvolvido ao longo deste período de goberno popular, e aí está unha carteira de pedidos que suma 1.700 millóns de euros nos últimos anos na ría de Ferrol.

Estamos falando do flotel, que tanta risa causaba a moitos deputados desta Cámara, 150 millóns de euros. Estamos falando do BAM, do buque de acción marítima, encargado pola Armada española, 167 millóns de euros. Estamos falando de dous BAC para Australia, 480 millóns. Do deseño dun LHD, da transformación do *Monforte de Lemos*, da construción de bloques para os petroleiros Suezmax e do contrato das corvetas de Arabia Saudí, que estimamos que a carga de traballo que derivaría para os estaleiros de Ferrol equivale ao que supón unha corveta. En total, pedidos por un importe de 1.727 millóns de euros, e nesta cifra contamos tamén tres importantes pedidos para a eólica mariña, dous por parte de Iberdrola e un por parte de Statoil.

Pero non podemos ocultar a nosa preocupación ante a actitude do actual Goberno, do Goberno socialista de Pedro Sánchez, un goberno indolente, despreocupado, irresponsable —na nosa opinión—. Estamos preocupados porque —hai que dicilo claramente— sempre que gobernou o Partido Socialista ao sector naval na ría de Ferrol foille mal. Esa é a realidade. Aí están as reconversións da década dos oitenta, dúas reconversións consecutivas. Aí está a reconversión do ano 2005 impulsada polo señor Rodríguez Zapatero. Aí está o veto produtivo que durante trinta anos impediu que o estaleiro de Fene, antiga Astano, se puidera dedicar á construción naval convencional.

Foi un goberno do Partido Popular o que reabriu Astano, logo de trinta anos de veto produtivo, adicándoo a unha actividade fundamental como é a eólica mariña. Iso si que foi diversificar e non o que se anunciaba na década dos oitenta e que nunca se fixera.

Sempre que gobernaron os socialistas foille mal ao naval da ría de Ferrol, sempre, e nós dende logo non estamos dispostos a que iso volva suceder.

Pensamos —e dixémolo nesta Cámara moitas veces— que Zapatero fora un presidente nefasto para o naval da ría de Ferrol, pero temos que dicir que Pedro Sánchez é aínda peor, porque Zapatero é verdade que nos últimos cinco anos non conseguira ningún contrato, pero o certo é que o señor Pedro Sánchez nos últimos cinco meses puxo en risco contratos que deixara conseguido o Goberno anterior. Aí está o problema do contrato das corvetas de Arabia Saudí e aí están todos os obstáculos que se están a poñer ao proxecto das fragatas F-110.

O compromiso do Goberno do Partido Popular con este proxecto foi indiscutible: desbloqueámolo no ano 2015, investimos o diñeiro necesario para poñelo en marcha e hoxe é posible levalo adiante. Proba diso é que os orzamentos que Pedro Sánchez agora tanto deosta e que aprobamos nós, unha maioría do Partido Popular, consignaban unha partida de 252 millóns de euros para o inicio da construción das fragatas F-110. Levamos agardando dende o mes de xuño para que o Goberno de Pedro Sánchez aprobe a orde de execución das fragatas F-110. Quedan vinte e seis días para que finalice o ano, vinte e seis días, e por diante hai catro consellos de ministros, para aprobar esta orde de execución das fragatas F-110.

Por iso traemos esta proposición non de lei, para urxir a un goberno do que —temos que dicilo abertamente— non nos fiamos, no que non confiamos, e queremos urxir a este goberno a comprometer, nun consello de ministros, antes de que finalice o ano, a orde de execución das fragatas F-110.

Non lle pedimos ao Goberno de Pedro Sánchez nada que non lle pediramos ao Goberno de Mariano Rajoy. Aí está a partida presupostaria nos orzamentos do Estado. Nós fixemos o máis difícil: impulsar o proxecto nas fases de deseño, durante a peor crise económica que viviu nunca España. Mentres algúns pedían recorte do gasto militar, nós fixemos o necesario para que o proxecto se levara adiante e para investir os recursos necesarios para o deseño deste proxecto, e nós aprobamos os orzamentos xerais do Estado para este ano, que contemplan a primeira partida deste proxecto: 252 millóns de euros.

Non queremos que esa partida non sexa efectiva. Queremos que se comprometa a orde de execución para que ese diñeiro non se perda e non ter que volver empezar. Pedímoslle ao Goberno de Pedro Sánchez o máis sinxelo, nós xa fixemos o máis difícil. Ao Goberno de Pedro Sánchez pedímoslle agora o máis sinxelo: que non pare un proxecto que é fundamental para unha comarca que está farta de aturar o castigo inxustificable dos gobernos socialistas dende a década dos anos oitenta. Abonda xa de paus nas rodas, abonda xa de escusas, abonda xa de mentiras. Agora o que toca é apostar por Ferrol; agora o que toca é dicir se estamos do lado do Goberno ou se estamos do lado da comarca de Ferrol, se estamos aquí para xustificar os atrasos que algúns queren acometer neste proxecto ou se estamos aquí para defender algo fundamental para a comarca de Ferrolterra.

Hoxe o que demandamos os ferroláns é un acordo unánime desta Cámara, deste Parlamento, a un proxecto que ten que abrir un tempo novo para a comarca de Ferrol, que ten que abrir un tempo novo para un sector como é o sector naval, estratéxico para a comarca de Ferrolterra, estratéxico para a provincia e o tecido industrial da provincia da Coruña e estratéxico para a nosa comunidade.

Dende logo, os ferroláns non entenderían que hoxe esta Cámara non apoie de forma unánime un proxecto que é crucial para a comarca de Ferrol, unha comarca que non quere e unha comarca que non pode agardar máis tempo.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.

A nós desde o BNG parécenos ben que por fin o Partido Popular se poña un pouco exixente con Madrid, máis vale tarde ca nunca, porque discrepamos un pouco da lectura autocompracente do seu paso polo Goberno que fixo agora o señor Tellado. (*Aplausos.*) En todo caso, como digo, a nós parécenos estupendo.

Nós non lle imos exixir por suposto menos ao Goberno de Pedro Sánchez do que lle exixiamos ao Goberno do Partido Popular. O que non nos parece tan ben é que a iniciativa, podendo afondar un pouco máis nalgunha outra cuestión que a sinatura do contrato, pois non o faga. Por iso presentamos unha emenda con espírito construtivo, que imaxino que o señor Tellado ten pensado aceptar, para arrequerer esta iniciativa.

O primeiro que nos piden é a cuestión da sinatura dos contratos, se queremos que se asine ese contrato e se comece a traballar canto antes. Entón, vouno dicir despacio e ben claro, para que despois o señor Tellado non poida manipular as miñas palabras: nós queremos que ese contrato se asine e por fin cumpra, pero, claro, o que non nos parece moi normal, señor Tellado, é que vostede veña aquí facer un exercicio de memoria selectiva, porque fixo así un repaso pola lexislatura do señor Rajoy pero esqueceu unha cuestión que a nós non nos parece menor, e é que hai escasas semanas soubemos que, grazas a ese auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional que é o Partido Popular, pois precisamente levabamos dous anos de atraso nesta cuestión. (*Aplausos.*) Sabemos desde entón que responsables políticos do seu partido quixeron impoñer en concreto un modelo de mísil para favorecer a empresa do señor Morenés, exministro de Defensa, e sabemos e hai constancia de que o Goberno de Rajoy buscou favorecela. Polo tanto, pensamos que o mínimo, o mínimo, é que vostedes inclúan na súa proposta a demanda do Goberno central de que traslade esta cuestión á Fiscalía Anticorrupción para que depuren se hai algún tipo de responsabilidade penal. Xa digo: o mínimo, porque o normal nun goberno que lle queira un pouco a Ferrol e a este país sería tamén depurar responsabilidades políticas dun e doutro lado.

En segundo lugar, na liña de iniciativas semellantes do Partido Popular, esquecen algo que para nós é fundamental, que é a aposta pola diversificación. Na iniciativa vinculan basicamente a transformación do estaleiro actual a un estaleiro 4.0 en exclusiva a este contrato das fragatas. E nós pensamos que a perspectiva ten que ser vinculado a máis contratos, e vinculado tamén a un compromiso da propia Xunta de Galiza con cuestións que a nós nos parecen fundamentais e que formulamos aí, como a aposta por un verdadeiro complexo integral que supere a fragmentación actual, e vai nas nosas emendas aos orzamentos. Polo tanto, tamén na semana que vén teñen unha oportunidade de buscar aí un consenso. E pedimos pois esta cuestión por pedir máis ambición e demais.

E tamén porque hoxe mesmo supoño que todas as súas señorías leron a primeira hora da mañá a prensa e temos unha nova que aparentemente parece positiva. Vemos que Navantia propón 2.200 prexubilacións e contratar de forma escalonada 1.658 persoas. Fálase de rexuvenecemento, parece que tocou a lotería, pero o certo é que se restamos a 2.200 persoas eses mil seiscentos e pico pois nos queda unha perda de máis de 500 postos de traballo.

Isto lévanos a unha reflexión fundamental: neste Parlamento no que temos que estar centrados é en traballar porque esa transición ao estaleiro 4.0 non acabe sendo unha nova reconversión encuberta. E por iso entendemos que non podemos aceptar ningunha perspectiva que teña a pata do monocultivo militar, porque falou vostede do necesario levantamento ao veto á construción civil, mais o certo é que a día de hoxe hai un veto *de facto* a esta construción, e, por outra parte, entendemos que tampouco se debe aceptar un marco que nos estea levando á diminución por unha vía ou outra, vía prexubilacións e demais, á redución de postos de traballo reais.

Por iso, tamén, unha das cuestións que incluimos na nosa emenda e que entendemos que deba ser aceptada pola Xunta de Galiza, aínda que outras veces teñen aceptado algo similar e aínda non o cumpriron, nós non deixamos de insistir en que a Xunta de Galiza ten que desenvolver e cumprir a Lei do naval, a comezar polo seu relacionamento con Navantia, porque, se non, imos ver cousas como as que vimos nas últimas semanas. Vimos como desde Noruega se vertían acusacións ao naval ferrolán sobre a súa capacidade de traballo, sobre se esa fragata que se afundiou estaba ben ou mal feita, e non vimos por ningún lado a Xunta de Galiza, non hai unha relación. Vese como un planeta é Navantia e outro planeta é a Xunta de Galiza, e nós entendemos que debería haber unha liña de diálogo e de traballo. Por iso propoñemos tanto que cumpran e desenvolvan a Lei do naval como que, sobre esta cuestión concreta das consecuencias que pode ter o impacto negativo desas acusacións por parte de Noruega, sexan paliadas e non implique ningún tipo de perda de competitividade.

En resumidas contas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...entendemos que si, que hai que presionar o Goberno central para que asine o contrato, pero tamén que hai que ir moito máis alá. Hai que apostar pola diversificación, por comprometerse con levantar de facto ese veto á construción civil e comprometerse con manter e aumentar as plantillas que traballen no naval e desenvolver esta lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Señor Tellado, sorpréndeme que despois de varios anos gobernando o Partido Popular co señor Rajoy á fronte, e tendo a oportunidade que tiveron para asinar a orde de execución na construción destas fragatas, non o fixeran. E que agora, coñecendo os prazos para a firma, nos presenten esta iniciativa, sabendo que un goberno socialista vai firmar esa execución.

A construción das fragatas F-110 é unha peza fundamental para o futuro dos estaleiros da ría de Ferrol, como ben dicía vostede antes, e asumirán integramente a súa construción. É un proxecto orzado en 4,5 millóns de euros e prevese que xerará unha ocupación para 7.000 traballadores, tanto directos como indirectos, durante os próximos dez anos.

A construción naval en Galicia, e máis concretamente en Ferrol e a súa comarca, é un sector estratéxico, así como historicamente a principal industria tractora das pequenas e medianas empresas da comarca, non só polo número de postos de traballo directos, senón polo gran número de postos de traballo indirectos que xera na industria auxiliar e a importante repercusión que ten no tecido socioeconómico da comarca. Neste eido, vemos como o Goberno do señor Sánchez vai cumprir o seu compromiso con Ferrol e coa súa comarca.

Destacamos tamén que o 8 de febreiro do ano 2017 na Cámara Alta, co voto a favor de todos os grupos parlamentarios, se aprobou unha moción pola que se lle reclamaba ao Goberno daquela —o Goberno do PP do señor Mariano Rajoy— que acelerase o programa de construción das novas fragatas F-110 de Navantia no marco dun plan industrial que conte coa participación dos traballadores e que garanta a carga de traballo estable para o futuro. Ademais do desenvolvemento do programa das novas fragatas, hai que aproveitar os programas a longo prazo para a modernización dos estaleiros, a implantación de novas tecnoloxías e a mellora da produtividade para xerar máis valor engadido en toda a cadea de produción.

Sen embargo, o Goberno do señor Rajoy fixo oídos xordos a este acordo, e o proxecto das fragatas F-110 seguía gardado nun caixón ata que chegou un goberno socialista, e non sabemos o porqué, pero ocórrensenos algúns motivos, (*Aplausos.*) talvez estarían esperando o estudo encargado polo anterior equipo do Ministerio de Defensa para avaliar o tipo de mísil que portarían os buques e que favorecese a un antigo membro do Goberno, ou talvez querían esperar ata o 2019 para que o señor Rey Varela lle fixese a Ferrol e á súa comarca un regalo de reis. (*Aplausos.*) A pesar das trabas do anterior Goberno, o actual Ministerio de Defensa fixo os deberes e este proxecto atópase actualmente no Ministerio de Facenda, último trámite antes de pasar ao Consello de Ministros.

Finalmente, señor Tellado, as fragatas F-110, que serán construídas para a Armada española, serán aprobadas polo Consello de Ministros nas próximas semanas, grazas á vontade dun goberno socialista e non ao inmovilismo do Goberno do señor Rajoy e á compracencia propagandística do señor Feijóo.

O noso voto vai ser a favor, aínda que presentamos unha emenda para que o Goberno de España firme a orde de execución coa máxima urxencia, xa que este proxecto é moi importante para Ferrol e para a súa comarca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todas e a todos.

Como xa falamos na Comisión 6^a, estamos totalmente de acordo cos obxectivos desta proposta que presenta hoxe o Partido Popular, pero en realidade tamén pensamos que é unha auténtica vergoña que os que paralizaron durante dous anos esta obra sexan agora os que presentan iniciativas exixindo responsabilidades. Coincidimos nesa exixencia, pero a realidade é que hai que ter un pouco de... O que deberían —penso eu— é pedir desculpas á comarca.

Mentiron á cidadanía en aras do beneficio do señor Morenés, e se non é verdade, acepten e colaboren co Ministerio de Defensa para investigar a fondo este asunto e levalo á Fiscalía Anticorrupción, a ver se de verdade non pasou nada.

Despois tamén me sorprende que no relatorio de investimentos aprobados durante o Goberno do señor Rajoy o señor Tellado esquecera o contrato coa empresa do señor Morenés, por importe de máis de nove millóns de euros, para elaborar informes cos que tentar convencer a Armada de que os seus mísiles eran mellores que os que levaba desenvolvendo o Estado español durante varios anos con fondos públicos. Realmente parécenos o colmo que se paguen con fondos públicos as actividades comerciais dunha empresa privada. Iso si, dun exministro, pero privada.

Coincidimos tamén na necesidade de potenciar a construción civil en Navantía, que diso falou pouco o señor Tellado, aínda que é a parte fundamental do punto 2 da súa proposta. Para a transformación en estaleiro 4.0 é imprescindible unha construción naval civil que non para de medrar en toda Europa, sobre todo en barcos moi especializados, como gaseiros, cruceiros, barcos de exploración etc. Por iso é imprescindible pór en marcha o plan industrial de Navantía, pero non un plan industrial que teña como horizonte de negocio Navantía-Fene, por exemplo, neste caso, ou o alugamento de terreos e infraestruturas de loxística para que outras empresas poidan desenvolver os seus negocios na estratéxica factoría de Fene. Hai que aproveitar as posibilidades estratéxicas desa factoría para desenvolver proxectos de todo tipo con tecnoloxía propia.

Queremos que Navantía-Fene teña capacidade tecnolóxica e infraestruturas suficientes para construír cruceiros, gaseiros, e outro tipo de barcos especializados; barcos que polo seu nivel tecnolóxico son fabricados maioritariamente en Europa, cun grande valor engadido.

Para isto hai que ser ambiciosos, e plantexar, entre outras cousas, a posibilidade de desenvolver un segundo dique seco en Fene, ademais do de Navantía-Ferrol. É a única maneira de desenvolver o estaleiro 4.0, como sabe calquera que traballe neste sector.

Para que todo isto non quede nunha simple declaración de intencións, fixemos a nosa emenda de engádegas. Pensamos que é construtiva e completa os obxectivos destas propostas, para non centralo unicamente na construción das fragatas. Por un lado, pensamos que hai que desenvolver todas as iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o plan industrial que leva máis de dous anos paralizado, e así está a seguir co novo Goberno, xa que as propostas sociais que neste momento o Goberno do Partido Socialista fai á parte social son totalmente inasumibles. Señores deputados e de-

putadas do Partido Socialista, falen co seu Goberno para que modifique esa proposta, que, xa digo, non é aceptable pola parte social.

E tamén exixir á dirección da SEPI e a Navantia que todas as saídas de persoal no futuro plan industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo igual ao das baixas; non pode supoñer este novo plan industrial un novo desmantelamento profesional do estaleiro.

Tamén instar a dirección da SEPI e de Navantia a que planifiquen as saídas e entradas de novo persoal —isto lévao reclamando a parte social dende hai moito tempo—, para permitir un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento. Non perdamos todo o coñecemento acumulado en décadas, que é moito.

Despois, que a Xunta de Galicia colabore activamente co Concello de Ferrol para activar todos os temas do impacto ambiental, co fin de que os diques secos poidan ser unha realidade canto antes.

Exixir ao Goberno que nos diga cantos cartos vai haber, porque un plan industrial desta ambición, sen orzamentos, vai ser imposible de desenvolver. ¿Canto pensa investir o Goberno do Estado neste plan industrial?

Despois, tamén a Xunta de Galicia debería de trasladar o interese de estar presente no Consello de Administración de Navantía. É imprescindible, e dío a propia proposta do Partido Popular: Navantia é unha peza estratéxica da economía non só de Ferrolterra, senón tamén de Galicia. Todo isto implica que podería demandar esa presenza no Consello de Administración. E non nos veñan co argumento de sempre: que entrar nun Consello de Administración é asumir posibles responsabilidades patrimoniais. Iso non é así, a responsabilidade patrimonial é do propietario, e o propietario é o Estado. Por estar no Consello de Administración, a Xunta de Galicia non asumiría ningunha responsabilidade patrimonial, e vostedes sábeno.

Estamos seguros de que todas estas aportacións son construtivas, e de feito pensamos que mellorarían moito a súa PNL.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Logo de escoitar os representantes de *la cofradía del santo reproche*, volvamos falar de Ferrol e do sector naval.

Mire, señora Presas, a verdade é que é entenecedor ver o BNG preocupado pola construción dun buque de guerra, dun buque para a Armada española, cuxa función é manter a soberanía e a independencia de España, a integridade territorial e o ordenamento constitucional. *(Aplausos.)* ¡Benvidos e noraboa!

Sobre a súa emenda, quizais debería de saber que os estaleiros de Fene e Ferrol xa son un complexo integral dende o ano 2005. Entendo que vostede, que é máis de secano, e o barco que lle queda máis cerca é o de Valdeorras, non o saiba, pero esa é a realidade. Complexo integral da ría dende o ano 2005, hai trece anos. *(Aplausos.)*

Se fose de Ferrol, quizais vostede sabería que a elección dun mísil europeo ou dun mísil americano non inflúe no deseño dun buque. Polo tanto, iso que vostedes din é falso, ¡falso de toda falsidade!, unha cortina de fume para tapar a ineficiencia dunha ministra que tivo un lío con Arabia Saudí e que case pon en perigo o futuro dos estaleiros públicos do noso país.

Vostedes, como sempre fixeron, contribúen a esa estratexia do Partido Socialista, porque, ¿sabe que ocorre?, que cando o Goberno de Zapatero aplicaba unha reconversión naval en Ferrol no ano 2005, vostedes lle aprobaban ao PSOE os orzamentos xerais do Estado daquel ano, ¡nesas estaban vostedes!

A verdade é que, en relación coas Mareas, eu teño que dicirlle, señor Casal, que non todos os traballadores do sector naval poden ser deputados de Podemos, non poden ser. Os traballadores do sector naval queren facer barcos, barcos de guerra, que é o que levamos facendo 200 anos. Polo tanto, cando os escoitan a vostedes pedir en Madrid recortes do gasto militar e aquí pedir máis contratos para o naval, o que din é que vostedes lles toman o pelo.

Ese dobre discurso é lamentable. Están vostedes permanentemente denunciando e insidiando irregularidades. Se teñen algunha proba —porque, dende logo, se a ten, vostede aquí non a explicou—, vaian á Fiscalía. Pero non van porque non teñen probas. Vostedes adícanse permanentemente á insidia, á calumnia, ¡e están vostedes para falar de irregularidades, señor Casal!

Miren, insisten na entrada da Xunta de Galicia no Consello de Administración de Navantia, unha empresa que pechou o ano 2017 con 389 millóns de euros de perdas. Eu entendo que a vostede, como pensa que o diñeiro público non é de ninguén, dálle igual, pero o diñeiro público é dos galegos e das galegas. Non nos pida aventuras, que diso vostede sabe moito.

E señor Pérez Seco, ¡vaia papelón lle fixeron facer no día de hoxe! Vostedes non fixeron nada aínda, ¡nada!, para o proxecto das fragatas F-110. Se ese proxecto hoxe está en fase de posible aprobación da orde de execución do buque é porque nós levamos facendo un traballo dende o ano 2015 ata hoxe: investindo máis de douscentos millóns de euros no deseño e na execución, reservando unha partida de 252 millóns de euros nos orzamentos deste ano que dentro de 26 días se perden, e nós non estamos dispostos a que se perdan. *(Murmurios.)* Polo tanto, non veña vostede anunciando nada porque nada fixeron. E o papelón do seu secretario xeral nesta semana é bastante lamentable, salvándolle a cara a un goberno que, dende logo, nunca apoiou o sector naval na ría de Ferrol.

Vostede trae unha emenda que o que pide é atrasar a cuestión máis tempo, que sexa proximamente. Non, non, nós pedimos un compromiso concreto: que sexa antes de que finalice este ano, nos próximos 26 días, ¿por que non lles vale? Eu creo que non se entendeu vostede moi ben co seu secretario xeral...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...supoño que lles fala dende o helicóptero, e co ruído das asas non o escoitan. E o señor Caballero non se decide...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...dille ao piloto do helicóptero que siga dando outra volta, non se decide a saltar. Vese que non se entenden nada ben.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Sobre as emendas, señor presidente, eu o que teño que dicirles é que nós queremos unha declaración unánime deste Parlamento de compromiso co sector naval, de compromiso con Ferrolterra. É a hora de Ferrol, é a hora da comarca de Ferrol, e vostedes teñen que decidir se están con Pedro Sánchez ou se están con Ferrol.

O señor PRESIDENTE: Entón ¿acepta as emendas, logo?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu temo que están con Pedro Sánchez.

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptaa?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Cremos que ten que haber unha declaración clara...

O señor PRESIDENTE: Pero ¿acéptaa?

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e o texto orixinal...

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptaa?

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...da nosa iniciativa é perfectamente claro. Polo tanto, mantemos a nosa proposta...

O señor PRESIDENTE: ¿Non as acepta?

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e agardamos a sensatez dos grupos da oposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)

Si, señora Presas, ¿para que quere a palabra?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo artigo 76.3, sobre o decoro do grupo parlamentario, para recordarlle ao señor Tellado que tamén estamos en contra da distribución provincial

de Javier de Burgos, e parécenos que calquera deputada do país —independentemente de que teña envexa das horas de sol que temos en Ourense— estamos sobradamente capacitadas intelectualmente para defender e posicionarnos sobre o naval. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: A ver..., *(Murmurios.) (Aplausos.)* ¡tranquilidade, por favor! *(Protestas.)* ¡Tranquilidade! *(Murmurios.)* Tranquilidade, que non hai ningún problema. *(Murmurios.)*

Non me pareceu que iso fora un insulto á intelixencia de ninguén. *(Protestas.)* ¡Home, por favor, eu son de Ourense! *(Murmurios.)* ¡Eu son de Ourense e non me sentín aquí...! *(Murmurios.)* ¡Por favor! Eu creo que non. *(Murmurios.)*

De todas as maneiras, señor Tellado, se quere vostede dicir algo sobre o asunto para... *(Protestas.)* Si, si, ¡tranquilidade, por favor! *(Protestas.)* Non, non, tranquilidade. *(Protestas.)* ¡Tranquilidade! *(Murmurios.)*

Perdón, *(Murmurios.)* na súa intención non estaba lesionar ningún dos dereitos nin a dignidade da señora deputada, entendín eu. Só quero que me confirme iso.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non, non, se a señora Noa Presas, por indicar que é de Ourense, se sentiu atacada dalgunha forma... *(Murmurios.)* Eu o que lle dixen é que o dato que vostede manexaba era impreciso, *(Murmurios.)* que as unidades de produción de Fene e Ferrol...

O señor PRESIDENTE: Correcto.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...son un complexo integral dende hai trece anos.

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está!

Eu tamén entendín que non había insultos.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¡Trece anos!

O señor PRESIDENTE: Non vin insultos en ningún lado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Creo que o Bloque Nacionalista Galego non se enterou dende hai trece anos de cal é a realidade...

O señor PRESIDENTE: Está entendido perfectamente.

Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e a situación dos estaleiros da ría de Ferrol.

O señor PRESIDENTE: Non hai insulto. *(Murmurios.)* Non o hai, non, non. Xa está. Non hai insultos. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

Señora Pontón, non compliquemos o debate. Non lle vou dar a palabra xa, non. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Por favor!, ¡non vou dar a palabra! *(Murmurios.)* Non, non quero complicar... *(Protestas.)* Non, non vou dar a palabra. *(Murmurios.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O artigo do sentido común, *(Protestas.)* que é o máis común de todos. *(Murmurios.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu non percibín ningún insulto. E se houbera algún insulto ou algo que puidera atentar contra a dignidade da deputada, ía corri-xilo. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu non o entendín así e foi matizado... *(A señora Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* —vostede non fale, señora Prado, que estou falando eu—. Iso de ningunha maneira foi para lesionar a señora deputada. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Está claro! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Pontón, está claro. Está claro. *(Murmurios.)* Por favor, terminou o tema aquí. *(Murmurios.)*

Vamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 40088)

Emenda nº 1 de Modificación.

Débase substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

«1. Elaborar un Plan Xeral de Reparación Integral enmarcado nun proxecto máis amplo que derive da creación dunha Lei Galega de Memoria Histórica Democrática e que leve, entre outros obxectivos, á elaboración do Mapa completo de fosas, coa documentación accesible á toda a cidadanía. O procedemento debe partir dun proceso de investigación rigorosa realizada por expertos/as e equipos profesionais con financiamento público e tendo tamén en conta ás familias das vítimas.»

Emenda nº 2 de Modificación.

Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva polo seguinte:

«3. crear un centro documental da Memoria Histórica de Galicia, mentres tanto, facer os esforzos necesarios para promover o acceso á información dos arquivos a investigadores e particulares.»

Emenda nº 3 de Adición.

Débase engadir o seguinte punto:

«5. Crear unha Comisión non permanente que atenda as peticións das vítimas, que escoite a expertas de cara á asunción por parte das Institucións de Galicia das conclusións de dita comisión e que contemple tamén as recomendacións do informe sobre o Estado español do relator especial da ONU para a verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Esta proposta que traemos hoxe ao Pleno é parte dun conxunto de iniciativas do BNG sobre a memoria histórica democrática, mediante proposicións non de lei que presentabamos e que estamos a presentar en distintas comisións, e tamén mediante un Proxecto de lei galega de memoria histórica que proximamente traeremos a debate a este Pleno.

Parécenos que é un texto dos máis avanzados do Estado, que marca políticas públicas de memoria histórica caracterizadas pola transversalidade e pola centralidade, porque estamos convencidas e convencidos de que ten que ser unha aposta central dun goberno, que ten que depender das instancias centrais do Goberno e non ser unha política sectorial.

Hoxe traemos unha iniciativa concreta referida á exhumación de fosas, e pensamos que é unha oportunidade magnífica que lle ofrecemos ao Partido Popular para rectificar, para cambiar o rumbo, para redimirse de tantos anos de desprezo e humillación ás vítimas e ás súas familias. Tamén para demostrar o seu compromiso —se é que é tal— democrático, desmarcarse da herdanza da ditadura e poñer tamén un cordón sanitario con respecto a aquelas organizacións e partidos que fan apoloxía do fascismo.

Hai que ter en conta, para entender esta cuestión, que no Estado español está pendente —en Galiza, por suposto, moito máis— unha política pública da memoria democrática. Temos unha lei do ano 2007 que levamos dicindo todo este tempo que é cativa, que é insuficiente, e que ademais o Partido Popular presumiu desde o Goberno do Estado de non cumprir, de non gastar un só euro. E este é só un exemplo do longuísimos memoriais de agravios pronunciados publicamente por parte dos representantes do Partido Popular contra as vítimas e as súas familias.

A vostedes, que presumen tanto agora de celebrar os corenta anos da Constitución —nós, desde logo, xa lles dicimos e lles dixemos moitas veces que non o celebramos porque, por se non o entenderon aínda, somos nacionalistas galegos e as nosas aspiracións non caben nesta camisa de forza da Constitución—, (*Aplausos.*) dicímoslles que é unha auténtica anomalía

histórica e unha vergoña democrática que corenta e tres anos despois do final da ditadura, corenta anos desde esa sacrosanta Constitución súa, aínda perviva este pacto de silencio, de amnesia, que é unha mostra de baixa calidade democrática, e que cando queren celebrar os corenta anos de Constitución se produzan procesos de involución e de regresión de dereitos e liberdades que están poñendo o berro no ceo en toda Europa.

Acabamos de asistir, ademais, a un debate sobre a exhumación e o traslado dos restos de Franco que realmente nós pensamos que tamén é un debate terxiversado, porque do que temos que falar é da exhumación dos restos do franquismo. Porque é certo que Franco segue enterrado con honores de xefe de Estado en Cuelgamuros, pero o franquismo segue vivo. Segue vivo en Meirás, utilizando o pazo de Meirás para facer apoloxía da ditadura e do xenocidio, e isto non o podemos consentir. Por tanto, exixímoslle ao Goberno do Estado que inicie as accións legais dunha vez para a recuperación do pazo para o patrimonio público.

Miren, aínda que vostedes queiran desvirtuar este debate, cando falamos de política de memoria, falamos de dereitos humanos fundamentais nunha sociedade: do dereito a saber a verdade, do dereito a exercer a xustiza, tamén do dereito á reparación e do de garantías de non repetición. Pensamos que a memoria non debe ser unha confrontación; a memoria, en todo caso, debe servir para cohesionar e fortalecer a sociedade, para ter unha democracia máis plena e máis madura, que neste momento non temos mentres non teñamos resolta esta cuestión. E non é que o diga o BNG, non é que o diga todo o movemento memorialístico do Estado, é que o di a mesma ONU con reiterados informes, advertencias e requirimentos ao Estado español.

Por exemplo, o Informe do grupo de traballo sobre desaparicións forzadas, tanto no ano 2014 como na súa reiteración no ano 2017, dixo que España, o Estado español, mantiña un patrón de impiedade arredor das desaparicións do franquismo. E vostedes presumían durante todos eses anos de non gastar un euro en memoria histórica. Curiosamente, si gastaron diñeiro público, por exemplo, en repatriar os restos de 29 membros da División Azul, pero non tiñan cartos para buscar as vítimas da represión e da ditadura franquista.

A pesar deste marco legal limitado da lei do ano 2007, o BNG, cando tivo responsabilidades de goberno na Xunta de Galiza, levou a cabo políticas públicas de memoria e, concretamente, actuou no que ten que ver coa busca, localización, exhumación e identificación das vítimas do franquismo. E así foi que no ano 2008 se asinou por parte do Goberno galego un convenio co Imelga, co Instituto de Medicina Legal de Galiza, que o Partido Popular nada máis chegar ao Goberno no ano 2009 eliminou, aniquilou, como fixo con todas as políticas públicas da memoria que se foron desenvolvendo neses anos: co Proxecto nomes e voces, coa illa de San Simón como illa da memoria, co Programa Mulleres con memoria, co Consello da Memoria Histórica e Democrática, cunha infinidade de actividades desenvolvidas de divulgación sobre a memoria histórica, con axudas a asociacións e tamén no ámbito audiovisual.

Agora que pasaron xa dez anos desde aquel tempo no que houbo por primeira vez un goberno comprometido nesta materia, vostedes aprobaron unha resolución no Pleno do estado da nación para promover a colaboración institucional da exhumación de fosas. E aquí hai que dicir que xa hai un importante traballo feito en Galiza nesta materia, a través do Proxecto

Nomes e Voces nos anos 2006 e 2008, que nos permite ter un mapa claro das fosas que hai en Galiza, das que están exhumadas e das que están aínda pendentes de exhumación. Pero debemos evitar os erros do pasado e tamén ese marco limitado e insuficiente da Lei da memoria histórica, que é unha cuestión clave que nós defendemos e que defende todo o movemento memorialístico, e é que as exhumacións teñen que ser resultado dun programa de iniciativa pública, non se pode deixar exclusivamente nas mans da iniciativa privada e das asociacións que están a facer exhumacións, que teñen moito mérito, pero con voluntarismo e con escaseza de medios, e non teñen todas as garantías que se requiren polas directivas internacionais e tamén polas aprobadas polo Estado español para facer as exhumacións con equipos profesionais e multidisciplinares e seguindo os protocolos necesarios.

Neste sentido, temos que dicir que existen experiencias no Estado español que son unha referencia, son un modelo a seguir. Temos que aprender daqueles territorios, daquelas comunidades, que levan tempo facendo ben estas cousas. E temos un exemplo, unha referencia neste caso, que é o Goberno do País Vasco, cun Plan de exhumación de fosas para os anos 2015-2020 que pode ser ese modelo a seguir. Ademais, cun procedemento exquisito, rigoroso e extraordinariamente respectuoso para a actuación en materia de exhumacións, con cinco fases que rematan coa entrega —se se identifican os restos loxicamente— deses restos ás familias para poder facer o conseqüente acto, se queren, de reparación e de enterramento digno. Porque é, desde logo, un escándalo, é unha vergoña —como dixen— democrática, que a estas alturas haxa centos de familias, miles de familias en Galiza, que aínda non teñen unha tumba onde sequera poñer flores, que non puideron sequera facer o do, compartir a dor, socializar a dor, porque non teñen un lugar onde levar esas flores.

Por iso traemos aquí unha proposta que ten puntos moi clariños e propostas moi concretas. En primeiro lugar, aprobar e elaborar un plan galego de fosas para a súa localización, exhumación e identificación das vítimas e devolución ás familias para o seu enterramento digno. En segundo lugar, crear un banco de ADN para a recollida de mostras deses restos e tamén dos seus familiares, como se está facendo xa noutros territorios do Estado —como o caso de Euskadi ou como o caso de Navarra—. E para iso pensamos, ademais, que temos aquí institucións de investigación en materia forense que son unha referencia no Estado —como o Imelga ou o Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago de Compostela—, coas que se poden facer os correspondentes convenios de colaboración.

Pedimos que se inicie este plan de fosas no ano 2019, e debe ter carácter plurianual polo menos durante cinco anos; habería que desenvolvelo e dotalo, loxicamente, das partidas económicas necesarias, empezando xa polos orzamentos do próximo ano, e aquí tamén facemos propostas concretas, porque o BNG presentou emendas para poder desenvolver este plan xa a partir do ano 2019.

E tamén entendemos, como é lóxico, que se debería procurar a colaboración nesta materia dos concellos e das deputacións; dos concellos, loxicamente, onde están estas foxas. E, ademais, parécenos fundamental que o Goberno da Xunta colabore con outras iniciativas que hai no Estado, por exemplo, coa Rede Interautonómica de Memoria Histórica, á que non foron á primeira reunión, esperemos que rectifiquen e vaian á segunda, e que colabore, ademais, cun proxecto que é unha referencia tamén no Estado, que é o que está facendo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...o Goberno de Navarra para localizar e identificar as vítimas da fuga de Ezkaba.

Remato xa, señor presidente. Pensamos desde o BNG que temos unha débeda pendente de pagar, unha débeda con miles de persoas que loitaron pola liberdades e que foron asasinadas en Galiza, coas súas familias; conduce a que sindicalistas, homes e mulleres que foron fondeados nas rías galegas, como o caso de Rosario Hernández Diéguez, A Calesa, unha moza de vinte anos que foi secuestrada, que foi torturada, que foi violada, asasinada e tirada, fondeada, na ría de Vigo, preto das Illas Cíes. Tiña só vinte anos e todos os soños por cumprir.

Pensamos que pola memoria de Rosario Hernández Diéguez e de todos os galegos e galegas que están en foxas comúns, tirados e abandonados, temos que aprobar esta iniciativa, temos que empezar a facer de verdade unha política pública de reparación da xustiza e de coñecemento da verdade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Dende logo, a Guerra do 36 e os corenta anos de ditadura deixaron un saldo descomunal, impresionante, de vítimas de violacións dos dereitos humanos e do dereito humanitario. Disto non hai dúbida, incluíndo execucións, torturas, traballos forzados, detencións arbitrarias, desaparicións, exilio... E, obviamente, non estamos falando dunha vontade política, isto está por riba de calquera vontade política, é un dereito internacionalmente recoñecido, o dereito de que as vítimas coñezan e saiban onde están os seus mortos.

E os esforzos para dar resposta caracterizáronse nestes anos por moita e, sobre todo, unha grandísima fragmentación, por disparidade de prácticas. As medidas adoptadas non responderon a unha política nin de Estado nin de comunidades autonómicas, consistente, incluínte e global, ¿a prol de que? Da verdade, da xustiza, da reparación e, dende logo, das garantías de non repetición.

Hai moitos baleiros e os baleiros evidéncianse, sobre todo, nos dous primeiros puntos: na verdade e na xustiza. O modelo vixente de privatización, é dicir, de que se deleguen as exhumacións e esta responsabilidade nas vítimas e nas asociacións alimenta indiferenza das institucións e conleva dificultades de dous tipos: de homologación e de oficialización da verdade.

Por iso falamos de dereito, por iso falamos da necesidade de que as áreas da xustiza estean tamén presentes nas exhumacións, porque sabemos que é factible tanto técnica como materialmente.

Polo tanto, nós cremos que debe haber unha investigación completa, unha investigación xeral, e que as exhumacións das foxas debe estar enmarcada nun plan moito máis amplo. E, dende logo, si cremos na necesidade dunha lei galega de memoria histórica democrática, referida á Guerra do 36; non falamos de guerra civil, porque, polo menos, neste país non houbo responsabilidades simétricas, houbo un golpe de Estado, un golpe de Estado contra un goberno lexitimamente establecido.

A ausencia dunha investigación, que é o primeiro paso, unha investigación moi sólida e realmente completa é o principal atranco para que non se cumpra o dereito da verdade e o dereito da xustiza. Cremos que ese é o enfoque, por iso cremos que si á colaboración dos concellos, pero que as exhumacións non deben depender dos concellos nin do voluntarismo, é unha tarefa complexa, que require técnicas especializadas, equipos de expertos e expertas, arqueólogos, xenetistas, psicólogos, forenses...

Naturalmente, o fundamental é tamén contar con arquivos. Nós pensamos que é moi loable o traballo promovido no seu momento polo BNG e desenvolvido pola Universidade de Compostela de *Nomes e voces*. Pero hai que completalo, porque chega ata o ano 39, e seguiuuse matando e seguíronse silenciando moitos e moitas represariados posteriormente.

Por iso é necesaria, tamén, a reparación e por iso as nosas emendas; emendamos, si aceptamos, naturalmente, a proposta número dous. O banco do ADN é moi importante e estamos completamente de acordo, pero a nosa emenda vai primeiro en elaborar un plan xeral, un plan xeral de reparación integral enmarcado nun proxecto máis amplo que derive na creación dunha lei galega de memoria histórica democrática que leve, entre outros obxectivos, á elaboración do mapa completo de foxas, coa documentación accesible a toda a cidadanía. O procedemento debe partir dun proceso de investigación rigoroso realizado por expertos e co financiamento público, e tamén, dende logo, dando voz, en primeira, instancia ás familias.

Emendamos, tamén —cremos que é unha emenda de substitución—, o punto terceiro, que hai que crear un centro documental de memoria histórica de Galicia e mentres tanto facer os esforzos necesarios para promover o acceso á información e aos arquivos. Os arquivos son fundamentais, hai investigadores tamén particulares.

A emenda de adición que nós propomos é crear unha comisión non permanente que atenda as peticións das vítimas, que escoite as expertas, as persoas, de cara á asunción por parte das institucións de Galicia das conclusións da dita comisión...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: E remato xa. Que contemple as recomendacións do informe —naturalmente aquí aludido—, un informe do que eu recomendo a súa lectura, son vinte páxinas

—lese moi ben, e é nido e clarísimo—, do relatorio especial sobre a promoción da verdade e a xustiza, a reparación das garantías, de Pablo de Greiff.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego está a plantexar nesta iniciativa un dos aspectos que eu creo que é dos máis sensibles e máis urxentes sobre a memoria histórica. Sensible porque dende o noso punto de vista, dende logo, todas as familias de represaliados teñen dereito a localizar os seus mortos, os seus asasinados, que aínda en moitos casos están tirados dunha maneira indigna en cunetas e montes. É unha aspiración xusta e unha aspiración ética, e cremos que unha responsabilidade das administracións públicas é darlles resposta a estas peticións, é un deber moral, ademais, dos poderes públicos.

É urxente, tamén, porque co devir da existencia fai que as familias máis directas dos familiares dos represaliados, dos asasinados, están a desaparecer, e tamén as persoas que aínda teñen e conteñen testemuño oral dos lugares de foxas e lugares de enterramento. Testemuños que —xunto con outras fontes documentais— son esenciais porque —como todos vostedes saben— en Galicia, a diferenza doutras zonas, non hai grandes foxas comúns, existen enterramentos dun, dous ou tres asasinados, como máximo.

Así o demostran os datos recollidos polo proxecto *Nomes e voces*, que tamén é outro dos que tiveron que desaparecer coa falta de política de memoria histórica do PP. E este proxecto localizou case cincocentas foxas ata 1939 e soamente trinta e cinco albergan máis de dez vítimas.

Isto ten moito que ver coa dispersión poboacional, coa nosa estrutura socioeconómica, pero tamén coa forma de matar en Galicia, porque aquí en Galicia —como vostedes saben— non houbo guerra civil, o que houbo foi represión, o que houbo foi unha política de terror dende o primeiro momento, (*Aplausos.*) para estruturar, para consolidar as estruturas que querían impoñer os golpistas, o réxime dirixido por Franco.

Debido a que non hai esa zona de guerra, o que hai é represión, o que hai, fundamentalmente, é o que se coñece en termos históricos como represión paralegal, unha represión de vítimas de sacas, de lei de fugas, pero sobre todo hai paseados.

A verdade é que dá pavor comprobar que en máis do 80 % dos concellos de Galicia houbo paseados, houbo mortos asasinados desta maneira. Por iso, as políticas de recuperación e dignificación, que para nós son esenciais, fixeron que trouxeramos a esta Cámara en 2010 unha proposta de lei de localización e identificación das persoas desaparecidas e de digni-

ficación das foxas comúns, que plantexaban —ademais doutros elementos— o que está plantexando aquí o señor Bará, unha política de investigación e de dignificación, que sexa a Administración pública a responsable destas medidas e a necesidade de crear un banco de ADN, ademais doutros elementos.

No ano 2010 o PP votou que non, e perdemos moito tempo e seguimos coas vítimas da represión e cos mortos nas cunetas e nos montes. Unha política desaparecida, unha política que chegou á falta de política de memoria histórica do PP, que chegou a que galegos represaliados tiveran que ser exhumados con fondos de axuda dun sindicato noruegués. Debería de darlles vergonza. *(Aplausos.)* Debería de darlles vergonza que teña que ser un sindicato noruegués quen veña levantar un cadáver a Galicia. Pero nestes temas teño que dicir, lamentablemente, que o PP non ten vergoña.

Ademais diso —e si o manteño nestes temas—, o señor Bará sabe que coincide tamén o que pide, plenamente, co que os socialistas defendemos na proposta de modificación da lei de 2007, que xa entrou e está rexistrada no Congreso.

Ademais doutros elementos, están estes que o señor Bará pide, e facémolo, entre outras tamén, como unha obriga de facer plans de busca e exhumación. E facémolo porque consideramos que as indicacións e as recomendacións de todos os organismos internacionais de dereito humanitario levan a cambiar a lei, a modificar a lei. Porque non podemos esquecer que España é o segundo país do mundo que ten máis desaparecidos despois de Camboxa, ¡esa é a nosa vergonza tamén! *(Aplausos.)*

Eses plans que se van levar a cabo polo director xeral de Memoria Histórica, o primeiro que ten un goberno, faranse, ou intentarán, facerse coa colaboración de todas as autonomías. Se non temos a colaboración de todas as autonomías, farase da mesma maneira.

Porque miren, señorías —e remato— o goberno do señor Pedro Sánchez está levando como bandeira a memoria histórica e a defensa de todas as vítimas da represión franquista. Unha bandeira que está levantando o Partido Socialista, e teño que dicirlles que nós, todo o Grupo Socialista, estamos moi orgullosos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

No pasado debate do estado de Autonomía o Grupo Popular propiciou a aprobación dunha resolución, a número trinta e seis, para, e cito literalmente: «*Facilitar ás familias de vítimas da guerra civil e da represión franquista a localización, exhumación e traslado, se procede, dos restos mortais dos seus familiares.*».

Señor Bará, fixémoslo por convicción, non por necesidade de redención, por convicción, e teño que recordarlles que se aprobou co único apoio do Partido Popular, coa abstención de En Marea e do BNG e co voto en contra do PSOE. Ese é o compromiso do PP coa recuperación da memoria, creo recordalo.

Nesta iniciativa, permítanme contextualizala —eu creo que non interrompín a ninguén—, implícase a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e o Goberno de España, ao que vostede deixa fóra da súa proposición, polo que creo que é unha aposta clara polo diálogo e pola colaboración entre administracións.

Recoñécese, así, a necesidade de avanzar na dignificación das vítimas da guerra civil e dos represaliados da ditadura, agora que a conxuntura económica permite afrontar esta situación en mellores condicións, e teño que recordarlles, tamén, que se aprobou hai apenas un mes, un mes no que estivemos debatendo uns orzamentos que aínda non están aprobados no que fai referencia á Xunta, tampouco están aprobados os que fan referencia ao Estado, e tam-pouco na maioría dos municipios galegos.

Nós pretendíamos que isto fose un instrumento para afondar na cicatrización das feridas do pasado e, ademais, faciámolo primando, de maneira especial, a vontade das familias, e nese camiño teñen o compromiso de que imos seguir avanzando na concreción dos compromisos desa resolución trinta e seis.

Hoxe vostedes pretenden, na miña opinión, desvirtuar esa resolución para convertela nunha reivindicación da súa particular —lexítima, pero particular— visión política da memoria histórica, transformando o que pretendía ser un instrumento de concordia nun instrumento de confrontación partidista, e o que se fai é basicamente reproducir o programa do Goberno do bipartito, programa no que estaba, por certo, incluído o programa *Nomes e voces*, que no seu segundo ano foi financiado polo Partido Popular, tamén hai que dicilo.

Eu, ao contrario que outras partes, estou convencido de que compartimos a vocación por aliviar a dor das vítimas, de todas as familias, de todas, das das foxas de Aranga e das das foxas de Camuñas, de absolutamente todas. O que me preocupa é que esa vocación, no seu caso, moitas veces vén acompañada do intento de deslexitimación da democracia nacida coa Constitución de 1978 e da idealización da democracia republicana de 1931. E creo que non hai motivo nin para unha nin para outra. Porque nós, señorías, imos seguir así, defendendo a vixencia dunha constitución de todos, e votada por todos, e dunha democracia que é a orixe do máis longo período de prosperidade da nosa historia recente. *(Aplausos.)*

A min debo recoñecer que me sorprende que o nacionalismo galego sexa incapaz de valorar unha constitución que trouxo as maiores cotas de autogoberno que xamais tivo Galicia, incluído un respecto á nosa cultura e á nosa lingua que xamais foi recollido de igual maneira en ningunha constitución republicana, e sábeno vostedes.

Miren, o que non pode ser é que se siga afrontando na política de confrontación. O BNG parece que ultimamente precisa confrontar lexitimidades para xogar a ese pasatempo que tanto

lles gusta, o de outorgar certificados de boa conduta. Empezaron entregando carnés de bos e malos galegos, recentemente entregaron carnés de igualdade, os que estaban coas mulleres e os que estaban coa Manada. Iso díxose aquí, na Cámara que representa a todos os galegos, e hoxe veñen dicirnos os que están coa democracia, que son os da esquerda, e os que están contra a democracia, que somos os da ultradereita, porque neste país non hai dereita, somos todos ultradereita. Eu quero pedirilles un pouco de cordura, porque lles aseguro que na ultradereita xa non cabe unha persoa máis, é que non entramos ninguén máis, estamos colapsados de espazo, dígolles de verdade.

E quero que teñan vostedes un convencemento, que se pode ser demócrata sen ser republicano, que se pode ser demócrata sen militar na esquerda e que se pode ser demócrata sen ser nacionalista, señor Bará. Garántollo. (*Aplausos.*) Pódese, si se pode.

Miren, nesta fin de semana teño que dicirlles que o luns lin un artigo, que teño aquí, do señor Barreiro Rivás, en cuxo título se facía unha brincadeira, que lle confeso que me resultou inquietante: «*La CEDA ha derrotado al Frente Popular.*» Isto lino ao día seguinte de escoitar declaracións como: «*Alerta antifascista para defender os valores da democracia.*». Declaracións que facían os mesmos que hai poucos meses pulaban por derrubar o Réxime de 1978 e dicían envexar o réxime democrático chavista. Outros dicían: «*Que digan se están dispostos a que a maioría parlamentaria acondicione un partido de extrema dereita*». Os que dicían isto son os que accederon ao Goberno do Estado co apoio do *Le Pen* catalán, Sánchez dixit, dos que nos querían levar pola senda da Venezuela chavista, Sánchez dixit, e dos que defendían a democracia do tiro na nuca, que iso o digo eu.

Mire, parece, de verdade, que non houbera un minuto nin para a autocrítica nin para a reflexión. Parece, de verdade, que nos merecera menos respecto a vontade dos votantes expresada nas urnas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que os supostos inventos do CIS do señor Tezanos.

Mire, nós non imos admitir máis leccións de democracia e tampouco imos admitir leccións sobre vergoña. Os que queiran alentar a confrontación, con nós que non contén, os que queiran traballar para pechar as feridas e non repetir os erros do pasado, que non nos busquen nos extremos, imos estar onde sempre, militando na concordia, militando na democracia, e hoxe, máis que nunca, militando na Constitución de 1978. ¡Viva a Constitución! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Pazos, vostedes o que reparten é carnés de VOX e malos galegos, é o que reparten vostedes, ¿non? E despois da sentenza de hoxe, porque falou vostede da Manada, despois da sentenza de hoxe nós, dende logo, non temos ningunha dúbida de que A Manada é o sistema, A Manada é o sistema. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Iso é un pouco forte, señor Bará, dicir que A Manada é o sistema.

O señor BARÁ TORRES: Si, pensamos que A Manada é o sistema, e cando queiran facemos un debate sobre iso, que agora non toca.

O señor PRESIDENTE: Non toca, non toca.

O señor BARÁ TORRES: E con respecto á voceira do Partido Socialista, mire, estou convencido..., (*Murmurios.*) ¿está?, perdón, é que non teño postos os lentes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*), que compartimos e...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Para aí o reloxo, está no uso da palabra o señor Bará, non sei se o saben. Non, non, señora Presas, está no uso da palabra o señor Bará. O artigo do Regulamento é claro, non se pode interromper a quen está no uso da palabra, e ademais é do seu grupo.

Silencio a todos, está no uso da palabra o señor Bará, por favor xa está, xa está. Respectemos a quen... Silencio, silencio. Xa está.

O señor BARÁ TORRES: Dícialle cordialmente, señora Burgo, *o del Burgo*, que seguro que compartimos moitísimas cousas a respecto das políticas públicas de memoria, pero se houbo que facer as exhumacións con axudas de sindicatos estranxeiros, e se España ocupa ese triste ránking de persoas desaparecidas despois de Camboxa, algo terán que ver tamén todos os gobernos que houbo no Estado español ao longo de todas estas décadas, ¿non? (*Aplausos.*) Polo tanto, hai responsabilidades aquí de todo o mundo, e xa lle digo que pensamos que compartimos moitos destes principios ou todos estes principios, e pensamos que se pode facer unha política, dende logo, en Galiza moi avanzada nesta materia.

Con respecto ás emendas de En Marea, non as imos aceptar, non porque non compartamos o espírito das súas propostas, senón porque entendemos que estamos facendo un debate sobre a exhumación de foxas, e que desvirtúan a proposta que nós facemos ao intentar anular dúas das cuestións que nós propoñemos nesta iniciativa, aínda que, xa lle digo, fixemos unha proposta que está rexistrada e que traeremos a debate no pleno sobre a lei galega de memoria histórica, e aí están recollidas moitas desas cuestións ás que vostede fai referencia nas súa emendas.

Con respecto ao Partido Popular, paréceme decepcionante, vostedes non militan na concordia, parece que seguen querendo militar no desprezo e na humillación ás vítimas, porque xa non lles digo que o fagan por un deber político ou por un deber ético, fágano por un deber humanitario, que ademais é moi urxente porque hai moitas familias que están agardando aínda e moitas persoas de moi avanzada idade que están agardando a oportunidade de abrazar os restos dos seus pais, das súas nais, dos seus seres queridos. E paréceme absolutamente inhumano, e sobre todo hoxe que estamos falando do Evanxeo tanto e de cristianismo; aínda que só fora por iso deberían apuntarse, sumarse e apoiar esta iniciativa, que non é a iniciativa

do BNG, asegúrolle que non é a iniciativa do BNG, é a iniciativa dos dereitos humanos, a iniciativa da ONU, a iniciativa da xente que está pelexando en todo o mundo, e tamén en moitas comunidades do Estado español, por facer xustiza e por facer reparación. Vostedes parece que queren pechar esa porta, lamentámolo profundamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de modificación a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Dirixirse ao Ministerio de Fomento coa finalidade de que se elabore un estudio que determine o modelo máis eficiente e menos gravoso para a cidadanía para ao financiamento do mantemento da rede de autovías estatais.

2º) Dirixirse ao Goberno do Estado para que se establezan mecanismos de solidariedade con aquelas comunidades autónomas nas que existen autoestradas estatais de peaxe cun prazo máis longo de concesión, que permitan a redución das citadas peaxes coa finalidade de evitar discriminacións territoriais no acceso a esta infraestrutura.

3º) Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias das autoestradas titularidade da Xunta de Galicia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas de novo, presidente.

Ben, esta iniciativa que presentamos hai unhas semanas vén a causa dun anuncio que non sabemos se é un globo sonda ou o que é; non entendemos moi ben a razón deste anuncio do ministro de Fomento, do señor Ábalos, sobre unha proposta de pagamento de peaxes nas autoestradas que na actualidade están libres de pagamento. É un anuncio que, ademais, vai na liña —e isto preocúpanos bastante— das propostas que tamén lanzaron nos últimos tem-

pos as grandes construtoras, e que teñen como obxectivo penalizar aínda máis as persoas particulares e tamén as empresas polo uso de vías de alta capacidade, autoestradas ou autovías.

Por iso o BNG quere que haxa un pronunciamento claro e firme deste pleno de rexeitamento desta proposta, pensamos que hai que pechar, rematar e liquidar este debate, e queremos manifestar a nosa rotunda oposición, o noso rexeitamento a unha medida que nos parece regresiva, que nos parece un paso atrás, que só ten unha finalidade recadatoria, que supón unha discriminación para Galiza, porque pretende igualar a todo o Estado, e aquí —como sabemos— estaríamos aínda máis penalizados, porque temos salarios e pensións máis baixas.

Pensamos, tamén, que é unha posible medida que crearía barreiras económicas para acceso a vías máis seguras, e cando estamos nun debate, tamén, sobre sinistralidade viaria, sobre o incremento das cifras de mortalidade nas estradas, sería tamén un paso atrás. E, por último lugar, supón tamén un lastre para o desenvolvemento económico do noso país, para a competitividade das nosas empresas, para poder trasladar os nosos produtos aos mercados con máis garantías e con mellores prezos.

Ademais, por se todo isto non fose suficiente, é que chove sobre mollado, e parécenos que é un anuncio, unha proposta absolutamente inoportuna e provocadora, tendo en conta a situación escandalosa que levamos sufrindo ao redor da AP-9 coas subas recentes de peaxes do 4 %, e do 40 % dende o ano 2010, e con novas subas xa anunciadas inmediatamente, porque dentro de poucas semanas imos ter de novo esas novas subas de peaxes na AP-9; unha autoestrada, ademais, que case non ten bonificacións para persoas e empresas que fan un uso habitual, a diferenza de outras autoestradas do Estado.

E o mesmo podíamos falar do caso da AP-53, entre Santiago e Lalín, que ademais dun prezo excesivamente elevado tamén ten moitas deficiencias nos seus accesos.

E igualmente poderíamos falar, para ilustrar mellor este debate, das vías de alta capacidade da Xunta de Galiza, nas que hai tamén claros agravios e inxustizas, por exemplo no caso da AG-55 entre A Coruña-Carballo, e tamén na AG-57, entre Vigo e Val Miñor, que sofre a veciñanza destas zonas a discriminación con respecto a outras comarcas que teñen autovías da Xunta de Galiza e que non teñen peaxes, como pode ser o caso da Barbanza, do Morrazo ou Santiago-Brión. E nas que simplemente hai bonificacións —que a nós nos parecen excesivamente escasas— do vinte e cinco por cento na viaxe de volta, que ten que ser no mesmo día e co sistema de telepeaxe. E agora recibimos tamén con moita sorpresa e con moita incredulidade ese anuncio da Xunta de Galiza de establecer bonificacións para os tráxicos nocturnos que, como sabemos, teñen unha incidencia mínima e beneficiarios mínimos. O BNG o que propón neste caso é a supresión das peaxes, tanto da AG-55 como da AG-57; sería unha medida de equilibrio e de xustiza para a xente que vive nestas comarcas.

E, claro, no caso da AP-9 imos seguir pagando —se non o remediamos, loxicamente, e temos que remedialo—, queren que sigamos pagando esas abusivas peaxes durante trinta anos máis, cando nestes mesmos días estamos asistindo ao anuncio da supresión das peaxes noutras autoestradas do Estado que son da mesma época que a AP-9, como o caso da AP-1 —entre Bur-

gos e Vitoria—, ou o caso da AP-7 —Tarragona-Valencia-Alicante— ou a AP-4 —entre Sevilla e Cádiz—, que van ver eliminadas as peaxes no ano 2019. E súmase todo isto á interminable lista de agravios.

E, por riba de todo isto, sufrimos ese pésimo servizo que temos denunciado aquí mil veces e que foi obxecto, ademais, de acordos parlamentarios recentemente. E é que teñen lugar eses abusos, esa estafa, coa absoluta pasividade e complicidade das administracións, tanto da Xunta como do Estado, que non fixeron nada; tiveron a oportunidade de tomar medidas para frear estes abusos e non o fixeron, sobre todo no caso xa escandaloso dos atascos e das retencións provocadas polas obras da ponte de Rande. Estamos aínda agardando que o Goberno do Estado, tanto no anterior mandato como no actual, abra o primeiro expediente informativo e sancionador contra Audasa. ¡E miren que non faltaron motivos para facelo!

Menos mal —¡menos mal!— que agora veu a Fiscalía sacarlles as cores a estes gobernos con esa demanda colectiva polo cobro abusivo de peaxes durante as obras da ponte de Rande. Non lles vou citar todo o texto, porque realmente esta demanda podemos dicir que é un fito histórico e dá resposta —a resposta que non deron os gobernos— a esas denuncias, a esas demandas da xente. Pídese nesta demanda que se dite unha sentenza que declare a nulidade da práctica de Audasa de cobrar integramente a peaxe da autoestrada. Pídese tamén que se condene a Audasa a non volver usar esta práctica abusiva no futuro en calquera autoestrada que xestione no Estado, e diríamos que sería extensible a todas as concesionarias. Pídese tamén a condena a reintegrar aos usuarios os importes das taxas que foron aboadas no tramo da contorna da ponte de Rande nese período de tres anos; nós fariámolo extensible a todos os casos onde houbo eses abusos, eses atascos convertidos en atracos, porque, desde logo, non é de xustiza que, cando unha persoa perde tempo na autoestrada, por riba teña que pagar o prezo da peaxe. E esta demanda tamén pide unha sentenza condenatoria que supoña o pago de indemnizacións consistentes no dobre do importe da peaxe a todas as persoas usuarias.

Mire: se o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza fixeran o que tiñan que facer, isto xa estaría feito hai moitos anos, porque había motivos dabondo para tomar este tipo de iniciativas, para abrir expedientes informativos e sancionadores. E tamén dicimos —porque xa o dixemos no debate que tivemos no Pleno— que agora quen ten que actuar despois desta acción da Fiscalía é o Goberno do Estado, que ten que pedir tamén a devolución dos cartos pagados polo Estado a Audasa correspondentes ás bonificacións, tanto do tráfico do Morrazo como da ponte de Rande —na viaxe de volta—, porque foron pagados e non foron prestados eses servizos nunhas condicións normais.

E, claro, con respecto á AP-9, agora temos, proximamente, no parlamento do Estado, o debate sobre a transferencia, esa transferencia que foi vetada reiteradamente durante máis dunha década por gobernos do Estado —sobre todo, por Gobernos do Partido Popular—. E é un debate no que —como dixemos— foi tamén vetado o BNG, que foi —como todo o mundo sabe— o impulsor, o redactor deses textos aprobados por este parlamento. E, curiosamente, vai coincidir ese debate da próxima semana co aniversario dese día da vergoña no que o Partido Popular votou aquí a favor da transferencia e vetou en Madrid a transferencia, a admisión a trámite desa lei aprobada polo Parlamento galego. Iso foi o 13 de decembro do

ano 2016. Temos que rematar con ese veto dunha vez; agardamos que sexa admitida a trámite a lei e que se faga esa transferencia. E que sexa un primeiro paso tamén para acabar coas abusivas peaxes.

Tendo en conta as razóns expostas, pensamos que non é o momento, desde logo, de introducir novas peaxes en Galiza. Para o BNG é necesario e imprescindible avanzar na supresión das peaxes, comezando, ademais, pola peaxe de Redondela, que hai tamén un acordo unánime deste parlamento para facelo. Non o fixo o Partido Popular —que tivo tempo para facelo— e non o está facendo tampouco o novo Goberno do señor Sánchez. E por iso exiximos desde aquí que se tome esta decisión canto antes.

E, sobre todo, pedimos a supresión das peaxes no caso da AP-9, que vai camiño de corenta anos de concesión e que xa está máis que amortizada; que é un inmenso, un grandísimo negocio para a concesionaria, que ingresa trescentos oitenta mil euros cada día de peaxes. Hai que acabar definitivamente co abuso, coa estafa, co espolio da AP-9. Esa estafa e ese espolio que se fixo coa complicidade de todos os gobernos nos últimos anos, tanto da Xunta como do Goberno central. E, polo tanto, queremos un pronunciamento contundente deste pleno a respecto desta proposta anunciada polo ministro de Fomento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, a verdade é que tiven que volver ler o texto da proposición non de lei que vostede veu defender aquí, porque encontraba unha certa falta de concordancia entre o argumentario e o texto proposto. Quero dicir que o texto que vostedes propoñen se refire a unha intención inexistente, por outro lado, do Goberno do Estado de establecer peaxes das autovías; polo tanto, isto non é estritamente certo. Pero é que ademais falou vostede practicamente de todo menos da súa propia iniciativa. Falou, ademais, con acerto nalgúns aspectos, de acordos unánimes deste parlamento e, polo tanto, sobre iso creo que non merece a pena volver discutir neste tempo.

Creo que debemos poñernos en contexto para analizar o contido da proposta e tamén das intencións que ten o Goberno do Estado, e que plasmou xa, de feito, coa constitución dunha subcomisión. Pero, en todo caso, creo que a ningún dos que estamos aquí se nos escapa que o Estado español é o país do mundo que ten unha maior porcentaxe de estradas de alta capacidade sobre o total das estradas que ten na rede: máis de dezaseis mil quilómetros, que representan máis dun dez por cento do total. E, en segundo lugar, somos o país con máis número de quilómetros de estradas deste tipo, de alta capacidade, por detrás de Alemaña. E iso que hai, evidentemente, outros países, outros estados na Unión Europea, que teñen máis superficie ca nós, como é o caso de Francia, por citar simplemente un.

O noso grupo parlamentario presentou unha emenda de substitución ao seu texto, ao texto que propoñen vostedes, consistente en tres aspectos fundamentais. Isto partindo da base de que —como vostedes saben perfectamente, e creo que o sabemos todos os que temos a responsabilidade de vir aquí falar de infraestruturas— hai unha subcomisión sobre a sustentabilidade das infraestruturas viarias que vai empezar a funcionar —entendo que en función do calendario do Congreso dos Deputados— no mes de xaneiro do ano que vén. E non hai ningunha postura prefixada. Non é certo que o Goberno do Estado estea defendendo que a conclusión desa subcomisión deba ser o establecemento de peaxes; trátase, simplemente, de garantir a suficiencia dos recursos necesarios para o mantemento desta extensa rede de infraestruturas que construímos entre todos, extensa rede de infraestruturas que ademais sufriu unha redución dun vinte e sete por cento nos últimos seis anos no que se refire aos orzamentos para o mantemento.

E, ademais, o que queremos —e por iso pretendemos substituír o seu texto— é que nos dirixamos ao Ministerio de Fomento para que se elabore un estudo que determine un modelo máis eficiente e menos gravoso para manter esta rede de autovías estatais.

E tamén queremos —e vostede fixo referencia na súa intervención— que nos dirixamos ao Goberno do Estado para que se establezan mecanismos de solidariedade con aquelas comunidades autónomas nas que existen autoestradas estatais de peaxe —como é o caso da nosa— cun prazo máis longo de concesión —como é o caso da nosa—. Evidentemente, todos os que aquí estamos sabemos a quen lle debemos a extensión da concesión da autoestrada, porque vostede fixo referencia a que hai unhas autoestradas que van deixar de ter peaxes nos próximos días, pero non fixo referencia a que iso non é unha consecuencia de que o Estado decida pagar esas peaxes, senón da fin da concesión na que foron construídas. E, polo tanto, sobre esa situación —que non é homoxénea en todo o Estado con respecto ás peaxes e que grava particularmente a nosa comunidade autónoma—, claro que queremos que se establezan mecanismos vía financiamento que permitan corrixir esas deficiencias entre comunidades autónomas. Sobre todo, tendo en conta que hai algunhas que, por finalización do prazo de concesión, van ter unha rede gratuíta, caso que non imos ter na nosa comunidade autónoma.

E, por último, introducimos —e é certo, eu téñollo que dicir: vostede empezou falando disto, pero é que na súa iniciativa non figuraba nada— a redución das peaxes das autoestradas autonómicas; foi o noso grupo, vía emenda, o que introduciu este debate nesta proposición non de lei. Así que —insisto— estamos a falar sobre unha vontade non explicitada en ningún momento polo Goberno do Estado, que se pretende emendar por vía dunha proposición non de lei neste parlamento autonómico. Pero, en todo caso, cremos que a nosa emenda pon o tema do mantemento da rede de autoestradas e de autovías no seu punto xusto, e esperemos a ver cal é a conclusión dos expertos que van falar deste asunto a partir do mes de xaneiro. E tamén queremos que se nos corrixa, vía orzamentaria, mentres non busquemos unha alternativa para a peaxe da AP-9, e que, ademais, se reduzan tamén as peaxes —porque producen inequidade— que son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Aínda estou sorprendido de como durante toda esta mañá, dende as bancadas populares, se utiliza a palabra «Constitución» como un fetiche, cinicamente, para, incluso, incumprir os preceptos constitucionais. É dicir, a Constitución, un obxecto, está por riba dos dereitos das persoas, do dereito á vivenda, do dereito ao traballo, e incluso por riba da democracia. E non é certo: a democracia está por riba de calquera constitución, está por riba dos argumentos (*Aplausos.*) de quen incumpren os preceptos progresistas desa constitución, incluso. (*Aplausos.*) E, polo tanto, cinismo, menos.

E, incluso, tamén, os que se autodenominan constitucionalistas —e todo o que está fóra do constitucionalismo é terrorismo—, en cambio, bloquean de xeito inconstitucional a tramitación da Proposición de lei de transferencia da AP-9. ¡Manda truco! Ou sexa, vostedes danlle tanta importancia á Constitución... ¡Vamos!

Ben, e, por outra banda, falaba o señor Álvarez dos datos de infraestruturas do Estado español. E, claro, vostede dicía que temos unhas infraestruturas que só están por detrás de Alemaña, e é exacto. É que vostede está definindo seguramente un modelo de desenvolvemento de infraestruturas irracional e guiado polos intereses do *lobby* das construtoras. Por iso as construtoras españolas tiveron unha época dourada con gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular, que fixeron delas potencias a nivel mundial. Esas mesmas construtoras veñen, dende hai anos, defendendo a idea das peaxes xeneralizadas para sufragar o que é o mantemento dunha rede de infraestruturas que moitas veces foi construída con pouca racionalidade.

E vostede tamén acaba de falar dunha comisión de expertos. Mire: a primeira comisión de expertos que teñen que levar a cabo no Congreso dos Deputados cun Goberno socialista son os expertos en reformas fiscais. Que fagan dunha vez por todas unha reforma fiscal progresista, e que cumpra os principios da Constitución tamén, por certo. (*Aplausos.*) E para que paguen as infraestruturas, os mantementos das infraestruturas, a sanidade e a educación, e que non vaian a un sistema fiscal de impostos indirectos, que gravan máis a quen menos ten e que benefician a quen máis ten.

Polo tanto, a idea globo sonda de aplicar peaxes xeneralizadas é unha medida contra a maioría social, contra as clases traballadoras, que terían que sufrir no seu día a día un custe que non os afecta do mesmo xeito que afecta as grandes fortunas, como é ben evidente. Polo tanto, do que se trata a iniciativa —entendemos que non hai ningunha medida oficial— é dunha PNL preventiva; ben, pois se é preventiva, nós ímola apoiar.

Porque aquí tamén discutimos —e eu estiven no debate— sobre a Lei de estradas de Galicia; que non falen tanto os señores do Partido Popular de globos sonda, que tamén, en canto a globos sonda, a Lei de estradas do Estado —artigo 22 da Lei de estradas do Estado— apro-

baba polo Partido Popular, di: «Artículo 22.2. La utilización de la carretera por el usuario será gratuita o podrá conllevar el pago de peajes o tasas cuyas tarifas aprobará el Gobierno».

Ou a Lei de estradas de Galicia, aprobada polo Partido Popular tamén:

«Artigo 31, Recursos xerados pola explotación das estradas. As estradas reguladas por esta lei poderán xerar recursos económicos a favor da administración titular da rede conforme o seguinte: a) Mediante o establecemento de taxas creadas consonte a normativa tributaria».

«Artigo 34, Modos de explotación. A administración titular da rede, como regra xeral, xestionará e explotará directamente o dominio público viario, incluídas as súas travesías, cuxa utilización será gratuíta para as persoas usuarias agás que se estableza unha taxa polo seu uso».

O CES, o Consello Económico e Social Galego, dicía isto sobre o artigo 31: «O CES salienta a inoportunidade da introdución ou consolidación *ope legis* de novas cargas, xa que conleva un forte prexuízo á cidadanía e aos sectores empresariais como o do transporte, cun incremento de custos insostible, co que se prexudicaría os produtos fabricados en Galicia fronte os producidos en rexións máis centrais», etc. Incluso dicía: «Aínda que este artigo tan só reflicte a posibilidade de financiamento das estradas “mediante a implantación dunha taxa polo uso da rede de estradas”, e que a súa implantación debe establecerse a través da modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos públicos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o CES quere manifestar a súa oposición a que esta figure como unha realidade no anteproxecto informado». Finalmente foi unha realidade na Lei de estradas de Galicia.

Polo tanto, tanto o Partido Popular como, esperemos que non, pero parece ser que o Partido Socialista, coinciden en ir introducindo esta medida que, evidentemente, non é moi fácil de introducir, porque provocaría unha reacción social moi forte, pero si que están facendo forza para introducir o concepto de que isto é caro, de que isto non se pode soste cos orzamentos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Álvarez, eses son os argumentos que utiliza sempre o neoliberalismo para empezar a precarizar os servizos públicos: que é insustentable. Non, é sustentable se pagan impostos os que teñen que pagar neste país e non hai fraude: se pagan as rendas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...se non hai sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario (socimis), e se non hai evasión fiscal, elisión fiscal, etc.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.
Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bo día.

Señor Sánchez, por empezar xa por estas últimas cousas: home, o mínimo será que as leis recollan a realidade das peaxes, ¿ou van quedar alegais? Para iso xa temos as propostas do BNG, digo —perdón— da Marea; tamén do BNG. *(Murmurios.)* Pero, en calquera caso, que fale vostede de democracia e Constitución... O primeiro que tería que facer sería respectar a democracia e crer nela, porque, como escoitamos esta mesma semana no seu grupo e no seu partido, creo que exactamente o que poñen en dúbida é a democracia —a interna, xa non digo a externa— e creo que é o primeiro que ten que mirarse no seu partido.

Pero, evidentemente, agora parece que o globo sonda é que volve para atrás. Efectivamente, aquí falabamos dun globo sonda para instaurar estas peaxes en vías que antes non a tiñan, unha medida que entendemos totalmente improvisada e pouco reflexionada, pero agora adiántanos que non é verdade. Pois é verdade, será preventiva. Entón, a verdade é que tamén esta semana estamos acostumados ás rectificacións do Partido Socialista, primeiro coa dimisión de Susana Díaz e logo coa inviolabilidade do Rei. Parece que o PSOE anda en si ou non. Pero a cousa é que o globo sonda está mandado, igual que se mandaron tamén os globos sonda da subida do diésel ou da subida das cotizacións da Seguridade Social aos autónomos. Todas medidas en contra da clase traballadora, da clase media, dos autónomos, e —sinto estar de acordo co señor Sánchez— incrementando a desigualdade, e ademais con estes impostos indirectos que creo que veñen a engrosar... *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Vilán, se quere subir ao estrado... Eu respectei... *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor presidente... *(O señor presidente, Calvo Pouso, pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pero se fai o favor de pedirlle que me respecte o turno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso estamos ante unha proposta —xa dicía— e un modo de traballar dun Goberno socialista que non parece serio, que non parece responsable, que lanza o globo sonda sempre en contra destas clases medias, pero que ademais cremos que non está guiado polo interese público. Efectivamente, veñen seguindo unha proposta das empresas construtoras que, evidentemente, teñen os seus intereses, pero que nós cremos que está xerando unha enorme preocupación e un enorme desacougo en Galicia, porque —como xa se dixo aquí— xera unha preocupación nunha comunidade que está xa —digamos— cunha grave preocupación pola escalada de prezos da AP-9. E isto, como se dixo, dino na mesma semana e no mesmo día que anuncian a eliminación das peaxes da AP-1 e nos soben as da AP-9. A mesma semana e o mesmo día. E, sinceramente, nós non estamos a favor de tolerar que se siga incrementando esa discriminación con algunha das comunidades autónomas, con Galicia en concreto, e non imos apoiar medidas que non teñan en conta isto e que xeren máis discriminación dos galegos. Porque isto é sinceramente o que se sente.

Este goberno socialista, en tema de estradas e infraestruturas —comentámolo o outro día nos orzamentos—, o único que está traendo é malas noticias a Galicia, o único. Nin unha licitación, nin unha, nestes seis meses. Pero, ademais, outro globo sonda: imos anular o PIC. O PIC significa a anulación da autovía, do novo trazado de Vigo-Porriño. E o que oímos, sinceramente, son só malas noticias para Galicia; obras novas e licitacións, nin unha.

Pola contra, e falando xa de peaxes, que, evidentemente, xa leu, e non estaba na orixinal: o Goberno galego creo que está facendo xusto o contrario e predicando co exemplo. É o único goberno, o único —cando gobernaba o BNG non se fixo así— que baixou as peaxes en Galicia, ¡o único! Pero, ademais, baixounas xeneralizadamente, e tampouco volveu atrás, a un acordo —recordouno esta mañá o presidente— que custaba catrocentos millóns de euros a Galicia en pagamento de peaxes á autoestrada —unha peaxe dunha vía estatal, porque son competencias estatais o que pedía—; pero foi un acordo do Bipartito, do BNG e do PSOE co Goberno de Madrid, e ese acordo do Bipartito, que nos custaba sete millóns de euros, volveuse agora atrás.

Pero, ademais, non só baixou as peaxes das autoestradas galegas —da A-55 e da AG-57—, senón que, ademais, xa están en estudo e propoñendo novas bonificacións —como recordaba, señor Bará— para aplicar descontos en determinados horarios nestas autoestradas, sendo como son as autoestradas máis baratas de España e sendo un trinta por cento máis baratas que a propia AP-9. Autoestradas que, cando gobernaba o Bipartito, o BNG, señor Bará, non rebaixaron nin un só céntimo. O único que pode dicir isto é o Goberno do Partido Popular.

Polo tanto, cremos sinceramente que este tipo de plantexamentos non son serios e que non poden non pensar en comunidades como Galicia, que xa ten unhas peaxes excesivas na AP-9, e que non poden plantexarse deste xeito, e menos cando ten previsto a apertura dunha subcomisión para o tema no Congreso dos Deputados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Señor Álvarez, ¿sabe aquel dito de «cando non queiras facer nada, crea unha comisión»? Tamén vale para a subcomisión.

De todas maneiras, a nós parécenos ben que haxa unha subcomisión de estudo. Pero, claro, se hai unha subcomisión de estudo, podía quedar calado o señor Ábalos, porque foi el o que causou este debate, o que anunciou esta posible medida. Ademais, unha medida que saía ao mesmo tempo que as promotoras, as construtoras, estaban tamén demandando cuestións semellantes. E, por moito que haxa unha subcomisión, desde logo nós defendemos a lexitimidade e a capacidade, a soberanía deste parlamento para pronunciarse sobre calquera

asunto que nos afecte e, neste caso, creo que sería unha cuestión que nos afectaría, e pensamos que sería positivo que se traslade unha posición unánime deste parlamento a esa subcomisión para que saiban cal é a opinión unánime ou, polo menos, maioritaria dos grupos políticos deste parlamento.

Eu falei na miña intervención das autoestradas de competencia estatal e tamén das de competencia autonómica, e fixen referencia a propostas que temos trasladado a este parlamento tamén sobre as autoestradas de competencia autonómica, nas que pedimos non esas bonificacións, senón a eliminación desas peaxes, señor Fernández Prado.

E tamén fixen referencia a un debate, que é de onte ou de antonte, sobre o escándalo que supón que teña que intervir a Fiscalía pola absoluta pasividade e complicidade dos gobernos da Xunta, e tamén do Goberno central, fronte a eses abusos da concesionaria. E creo que a demanda da Fiscalía deixa absolutamente clara a situación que levamos denunciando moito tempo tamén aquí e fóra de aquí.

Tamén nos chama a atención, señor Álvarez, que vostedes teñan esta postura cando, por exemplo —non sei se isto é cuestión de autonomía local—, en Ferrol, despois do cambio de goberno, empezaron a recoller sinaturas para pedir a eliminación da peaxe de acceso a Ferrol na AP-9. Entón, debían ser un pouco máis coherentes.

De todos xeitos, por moito que agora o Partido Popular cambie de camiseta —falou o señor Fernández Prado unha vez de cambio de camiseta; antes chamábase cambio de chaqueta, vostedes agora cambiaron de camiseta e agora colleron a bandeira da reivindicación—, antes estaban caladiños e actuaban como palmeiros do señor Rajoy. Porque vostedes, ata hai seis meses, non dicían nin pío; dicían «Si, *bwana*», dicían que si a todo o que ordenaba o Partido Popular de Madrid, vetando incluso a tramitación da lei aprobada por este parlamento. Porque foron vostedes quen a vetaron nese día da vergoña, o 13 de decembro de 2016.

E, claro, xa o colmo é que nos fale vostede aquí de construtoras. Vostede fálanos de construtoras, desas construtoras favorecidas polos gobernos do Partido Popular —empezando pola ampliación da concesión da AP-9—, esas mesmas construtoras que foron financiadoras do Partido Popular, como se demostra no caso Gürtel. Así que mellor estaría vostede caladiño e sen mencionar aquí as construtoras.

Nós mantemos esta proposta e imos aceptar como emenda de engádega o punto 3 presentado polo Partido Socialista que fai referencia ás peaxes, á rebaixa das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica; polo tanto, mantemos o noso texto e incluímos como engádega ese terceiro punto do Partido Socialista, e non teríamos problema en que se votase por separado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír no texto da parte resolutiva o seguinte:

«No punto 2 da parte resolutiva da iniciativa, onde di: “...gasto total en soldos públicos...”, debe dicir: “...gasto total en cargos públicos autonómicos...”».

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutiva o seguinte punto:

«3.- A incluír nos cadros de persoal que forman parte da información dos orzamentos xerais anuais da Comunidade Autónoma de Galicia o número, categorías e retribucións de persoal eventual e de gabinete.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

Trouxemos esta iniciativa, tal e como explicamos na propia exposición de motivos, como unha reflexión sobre o que significou a crise económica e as súas nefastas consecuencias, xa que foi sentida como unha estafa por gran parte da cidadanía, que o amosa seguido CIS tras CIS. Esta percepción veu xerada por diferentes motivos, explicabamos na exposición. Un dos motivos máis relevantes e que, ademais, ocasionou maior indignación a milleiros de cidadáns e cidadás é que, mentres os executivos aplicaban duros recortes sociais e laborais ao conxunto da cidadanía, rebaixando as súas condicións —repito— laborais e tamén as súas condicións de vida, ese *modus operandi* que se aplicaba sen ningún tipo de cortapisa e sen compaixón á maioría social non era equivalente na súa aplicación ao que sería á clase política, aos altos cargos, aos directivos de todos os eidos, e non eran nin sequera equivalentes para atender á redución do gasto, aos salarios, aos privilexios de innumerables cargos políticos e cargos públicos, mentres si se aplicaban eses recortes a todos os empregados e empregadas públicas e a todos os servizos do Estado de benestar. Certos partidos e executivos, aínda no día de hoxe, intentan xustificar e defender esas políticas para non aplicar as novas formas de limitación salarial con carácter exemplifi-

cante, que son propostas por distintos organismos e fundacións, e din que non se arranxa nada con estas medidas.

Chegouse a escoitar neste parlamento que non se ía apoiar ter políticos *low cost* cos salarios que se perciben por lei, que non supón un aforro orzamentario significativo e que son medidas populistas. Diciáo o propio presidente da Xunta, cando el si baseou a súa campaña en 2009 en denunciar supostos despilfarros en coches de luxo e en soldos de conselleiros e de cargos de chiringuitos do Bipartito. Grazas a iso conseguiu chegar á presidencia da Xunta, pero nove anos despois, cando xa leva tres gobernos consecutivos de maioría, estas denuncias de despilfarro parece que xa non existiron para o Partido Popular.

Agora mesmo o señor Feijóo defende estes soldos astronómicos para cargos e entidades que moitos cidadáns e cidadás seguimos percibindo como chiringuitos, como explicabamos na exposición de motivos —é o caso de Suplusa, da Deputación de Lugo—, e agora xa non está preocupado o señor presidente. De feito, máis ou menos durante o mes de abril deste ano foi cando Feijóo apoiou publicamente estes soldos astronómicos e que o seu partido aprobara para o socialista e tráfuga deputado non adscrito en Lugo, Manuel Martínez, un salario superior aos setenta e un mil euros —case o mesmo que cobra o presidente da Xunta—, que se sumaba a outros salarios que el tiña; parecíalle ben para aprobar os orzamentos. Un argumento que se utilizou para xustificar esta situación —que non tiña ningún tipo de lóxica— era que Suplusa non podía funcionar se non tiña este soldo o señor Martínez, cando cobraba como alcalde de Becerreá máis de corenta mil euros e tiña tamén un salario como deputado non adscrito de cincuenta mil euros.

O que observabamos eran escusas para colocar unha clientela política e pagala cos cartos de todas e de todos, mentres se nos recorta e se subsidia de maneira precaria o conxunto dos máis desfavorecidos.

De todos modos, a semana pasada alegrounos coñecer que o PP deu marcha atrás, unha vez que decidimos introducir esta iniciativa no pleno, e que, debido á rectificación do Partido Popular para facilitar a aprobación dos orzamentos provinciais, que decidiu non darlle eses cento vinte e un mil euros anuais que acordaran, o señor Martínez —aínda que ao señor Feijóo lle parecía ben— quedou sen o soldo astronómico.

Pero non é o único caso. Tamén coñecemos o caso do ex- líder do PP coruñés no Congreso a través da prensa, quen está a piques de perder a presidencia que lle deu Rajoy nunha empresa de gas con outro macrosoldo astronómico: Antonio Erias, ex-deputado e cabeza de lista do PP da Coruña ao Congreso e amigo do ex-presidente M. Rajoy, que foi colocado polo anterior Goberno de España á fronte do operador de mercado organizado Mibgas en 2015, agora mesmo está a punto de ir... non vou dicir ao paro, porque seguramente terá outra portíña xiratoria para el.

É unha substitución que formaría parte da renovación tras o cambio do Goberno, como tivo noutras empresas do sector —como Red Eléctrica ou o Operador do Mercado Eléctrico - Omel—. Erias, que acaba o seu mandato como conselleiro de Mibgas o 21 de maio de 2019, explicou nunha conversa telefónica a *eldiario.es* que o seu contrato tiña unha cláusula de

blindaxe no caso de cesamento parecida á que tiña o daquela presidente do Operador do Mercado Eléctrico - Omel, o ex-secretario de Estado co PSOE Pedro Mejía, cando se incorporou a Mibgas.

Mejía foi cesado a finais de 2017 en Omel, cunha liquidación de ano e medio de soldo. Segundo as últimas contas de Mibgas, dispoñibles no rexistro mercantil de 2016, a retribución de Erias ese exercicio, contando variables, medrou un 17,5 por cento, ata catrocentos vinte e seis mil euros, unha cifra recollida na partida de soldos do Consello de Administración da empresa, que inclúe a retribución do presidente. É unha cantidade absolutamente escandalosa, ademais, tendo en conta que o señor Erias, despois de catro anos á fronte de Mibgas, recibiu moitas máis críticas que eloxios: daquela, o ministro de Enerxía Álvaro Nadal, do propio Partido Popular —do seu propio partido—, chegou a sinalar directamente a Mibgas, en xaneiro de 2017, como un dos responsables dun episodio dunha forte subida da luz derivado dun encarecemento do gas para abastecer as centrais do ciclo combinado, que queiman gas en plena onda de frío.

E isto non é máis que un exemplo incluído no informe durísimo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que é un organismo público que criticou os gastos elevadísimos de persoal e de distintas cuestións de Mibgas. Incluso falou da compra dun vehículo en 2015 para este señor, adquirido por 61.440 euros. Á cidadanía ten que escandalizala, e escandalizaría a calquera.

E repetimos: é alguén que foi o vicepresidente da provincia da Coruña polo Partido Popular en 2004, 2008 e 2011, o cabeza de lista da Coruña para o PP e o portavoz en materia de enerxía no Congreso dos Deputados.

Os soldos dos políticos e dos altos cargos navegan, deste xeito, entre a opacidade e a incoherencia, e ese é o gran problema. Non se quere dar o debate, ou non se quere dar un debate público, serio e rigoroso, e o que se fai é un debate terriblemente escaso sobre os soldos dos políticos e dos altos cargos das administracións públicas. Están, por unha banda, as voces minoritarias —pero que dende o noso grupo compartimos— reclamando unha mellor retribución dos nosos cargos públicos para atraer os mellores profesionais para acometer as grandes reformas e transformacións para o noso Estado e para o noso país, e despois está, por outra banda, o cabreo polo moito que cobramos a clase política e os innumerables privilexios que desfrutamos fronte ao común da cidadanía, á cal se lle exixen uns sacrificios que son inhumanos.

Isto ocorre e existe tamén porque hai unha pésima percepción pola corrupción, que se sente e percibe como xeneralizada entre a clase política, algo ao que contribuíron enormemente os gobernos, as imputacións e as condenas ao Partido Popular, e tamén porque o nivel dos cargos electos e os altos cargos, desafortunadamente, en moitos casos deixa moito que desexar, como tamén demostran os casos de falsificación e embelecemento dos currículos —tipo a señora Cifuentes ou o presidente do PP, o señor Casado—, que tamén avergoñan os grandes talentos que temos no país e que teñen que emigrar.

A situación do mercado laboral dificulta, ademais, enormemente a reflexión sobre as remuneracións públicas. Os datos da precariedade, o paro, a emigración dos mellores —dos talentos—

e os subsidios precarios non permiten dar un debate serio e rigoroso e non permiten á clase política exemplificar e dignificar a nosa clase, porque a cidadanía o que percibe é unha estafa.

Hai fundacións como a fundación Hay derecho, que realizou un estudo no que se analiza o sistema actual retributivo dos responsables —limitado, iso si, ao Estado—, e inclúe propostas de mellora para establecer unha política retributiva máis transparente e coherente e para reducir o gasto total en soldos públicos. Eles din que calquera revisión do esquema salarial actual non pode plantexarse de xeito illado, senón que debe abordarse dentro dun amplo conxunto de reformas: mellora da democracia interna dos partidos políticos; profesionalización dos postos directivos dos entes públicos, onde se inclúan procesos transparentes e competitivos capaces de garantir os principios de mérito e capacidade; a despolitización dos órganos de goberno de axentes reguladores e supervisores; a rendición de contas, e, por suposto e principalmente, a loita contra a corrupción. Ademais, din que calquera modificación na distribución salarial dos dirixentes públicos debería ir encamiñada a traer e a reter os mellores profesionais, sexan funcionarios de carreira ou non, para ocupar os cargos públicos de maior responsabilidade, e —repito— á gran transformación política, social e económica que necesita tanto o Estado como o noso país galego.

Dende logo —denúnciano tamén estas organizacións, e nós compartímolo—, se o obxectivo é —que nunca debe ser— colocar a clientela dos partidos políticos —como fai o Partido Popular—, non ten sentido cambiar nada nin é razoable que falemos de nada. O razoable é baixarlles os soldos drasticamente, como din estas propias organizacións.

En calquera caso, a análise dos soldos públicos é moi complexa. Habería que falar máis de paquetes retributivos que de soldos con carácter neto —podemos falar deses paquetes retributivos na réplica—. Pero, sen máis dilación, non quero seguir afondando nisto e quero deixar algo para escoitar o que os grupos políticos teñen que dicir diso.

Como non temos datos da situación dos altos cargos da Xunta, o Grupo de En Marea insta este parlamento para que inste a Xunta de Galicia a realizar un estudo no que se analice o actual esquema retributivo dos responsables públicos galegos, e, en segundo termo, a realizar unha proposta que amose un compromiso real para establecer unha política retributiva máis transparente e coherente, co fin de reducir o gasto total en soldos públicos e, sobre todo, para que empeceamos a dignificar a clase política, a actividade política, e que a cidadanía non siga avergoñándose dos políticos que ten en fronte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Presidente, grazas.

Señorías, comentaba antes dunha forma eufórica o señor Pazos que era militante do cons- titucionalismo. Eu, desde esta tribuna —porque creo que as tribunas públicas e as políticas

nos obrigan aos políticos a dar as nosas opinións desde esta tribuna pública—, como fillo de andaluza, pídolle ao Partido Popular que non alimente a España negra. *(Aplausos.) (Risos.)* Si, non se rían, non se rían. Dígoo porque, desde esa militancia constitucional, desde o constitucionalismo, pídolles ou dígolle ao Partido Popular que lle diga ao Partido Popular en Madrid e que lle diga ao Partido Popular en Andalucía que, polo ben da democracia, *(Murmurios)* —¡si!—, que polo ben da Constitución —que mañá celebramos—, que polo ben da liberdade e da igualdade, non entren en alianzas con forzas políticas xenófobas, *(Balbordo.)* con forzas políticas profundamente... *(Aplausos.) (Balbordo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Díganllo ao alcalde de Vilanova. Busquemos... *(Murmurios.)* Se me permiten...

O señor PRESIDENTE: Silencio, xa estamos rematando. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Se me permiten, busquen —busquemos— fórmulas constitucionalistas e integradoras, da máxima integración democrática, para que Andalucía non caia no abismo. *(Murmurios.)* Si, si, porque a España negra está aí e non deixou de estar nunca. *(Risos.) (Balbordo.)* Si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se podo continuar, presidente...

O señor PRESIDENTE: Si, se pode ser, sobre a cuestión, que é o soldo dos políticos, que vos-
tede o está gañando aquí, tamén. *(Risos.)*

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, por iso me estou pronunciando politicamente.

O señor PRESIDENTE: Por iso, correcto. Pois imos á cuestión.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Ben, entrando na cuestión específica e concreta que nos presentaba a portavoz de En Marea *(Murmurios.)* —se se pode continuar—, comentáballo á señora Santos: non me deixaba de chamar a atención a formulación desta iniciativa, desta PNL, e a súa interrelación da exposición de motivos coa parte resolutiva. Porque é certo que non están vostedes no mellor momento, están nunhas —poderíamos dicir— semanas *horribilis*, como para traer esta cuestión formulada desta forma. *(Murmurios.)*

Dito isto —se se pode seguir falando—, eu creo que cando se fala xa non de soldos públicos —que estaríamos a falar dos soldos de todos os empregados públicos—, senón cando se fala de soldos dos responsables políticos... *(Murmurios.)* E pediríalle, señor presidente, que agora que estamos na cuestión...

O señor PRESIDENTE: Ten razón, si; é que hai moito murmurio aquí. Molesta moito a quen está no uso da palabra. É normal que... ¡En fin!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: A min non me molesta, pero é porque igual non poden escoitar perfectamente o que se di. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Si, imos alá. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vostede fala despois.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Entón, diríalle, señora Santos, que nestes temas hai que andar con máximo coidado, porque temos que traballar no equilibrio de non utilizar a demagogia e o populismo de tirar os prezos e de abaratar precisamente a retribución da función pública e da función política, sen que iso signifique, evidentemente, non poñer barreiras e non poñer límites ao abuso das contas e dos soldos públicos. Estamos, si, con esa transparencia que solicitan e cunha cuestión adicional que quero comentar e que foi motivo, precisamente, da emenda que presentamos.

É certo que a estrutura retributiva no ámbito da Administración local en todo o país conforme a Lei de bases ten un marco regulado, ten un marco de límites, e é certo que no ámbito da Administración autonómica de Galicia tamén existe un marco desregulado de retribucións dos cargos públicos. Chama a atención —tamén é certo— que se coloque o salario do agora presidente de Suplusa ao máximo nivel retributivo de toda a administración de Galicia, ao nivel da Compañía Radio e Televisión ou de Sogama, no grupo 1 dos entes instrumentais.

Chama a atención como se está a utilizar —ou se estaba a utilizar; espero que se corrixa esta decisión— Suplusa como fórmula de compra de vontades no ámbito de Lugo, porque, sen ir máis lonxe, é certo tamén —e está documentado— que en maio colocaron cincuenta e sete mil euros para o presidente de Suplusa —que nunca se viñan cobrando—, máis cincuenta mil para unha dedicación exclusiva na Deputación, e agora tomouse o acordo en Suplusa de asignar case setenta e dous mil euros —é certo— e cincuenta e dous mil para asesores. Espero que o Partido Popular, que está a permitir a aprobación dos orzamentos da Deputación de Lugo, corrixa esta situación para 2019.

Pero é certo tamén que co que hai que continuar é co proceso de racionalización de todo o entramado de entidades instrumentais do sector público autonómico. Que non o dicimos nós desde o Grupo Parlamentario Socialista —que si—, senón que o di o propio Consello de Contas. Desde 2010 o esforzo de racionalización do entramado instrumental autonómico non deixou de supoñer menos dun un por cento dos fondos que se están a xestionar, que pasan dos mil seiscientos millóns de euros, máis do quince por cento do orzamento autonómico; por certo, que está sendo xestionado nun trinta e sete por cento polo entramado das axencias. E dío tamén o Consello de Contas: Galicia segue a ser a quinta ou sexta comunidade autónoma en número de entes instrumentais, cento oito —os últimos datos do Consello de Contas informados ao 1/1/2017.

E, para finalizar, quixera poñer tamén encima da mesa —xa que estamos no actual debate de aprobación dos orzamentos de 2019— as previsións para o 2019; no capítulo I —gasto en altos cargos e gasto en persoal eventual e de confianza—: catorce millóns de euros. Poderíamos comparar con outros programas de gasto, como cooperación ao desenvolvemento: 4,7 millóns; programas de solidariedade: 1,4; e infraestruturas pesqueiras —por poñer exemplos—: 6,1.

Xa sei que nos van dicir que aforraron un vinte por cento respecto dos gastos nesta materia do Bipartito, pero é certo que as magnitudes de gasto, daquela, nestes programas eran, evidentemente, outras.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: E, nese sentido, presentamos as nosas emendas aos orzamentos e as emendas que estamos a presentar a esta iniciativa, para que tamén exista, primeiro, unha análise específica para cargos públicos, non para todos os soldos públicos, que son transparentes en materia de persoal eventual.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada. Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Así, a modo de cuestión previa: estafa foi rescatar a banca e perder sesenta mil seiscientos millóns de euros (*Aplausos.*) saídos da riqueza que xeran as traballadoras e os traballadores, e que o propio Banco de España reconece que non se van recuperar. Estafa foi reformar a lei para abaratar o despedimento, foi recortar os dereitos ás traballadoras e aos traballadores, foi reformar pola porta de atrás exprés aquel artigo 135 desa manida e sacrosanta Constitución española para impor antes o pagamento da débeda que o mantemento dos servizos públicos, que son dereitos fundamentais para as traballadoras e os traballadores. Cremos que non se pode tampouco ter unha visión con pouca profundidade de campo da realidade que vivimos durante os últimos anos.

E, simplemente, outra cuestión previa: clases sociais hai dúas, e cadaquén sabe de que lado está nesa batalla.

Nós concordamos, desde o BNG, coa filosofía que se desprende da iniciativa que defende hoxe e que presenta hoxe a señora Santos en nome do Grupo Parlamentario de En Marea na súa parte resolutiva. Concordamos en dotar —e sempre o dixemos e sempre o defendemos— de transparencia, en fixar mecanismos de fiscalización e de control do diñeiro público e dos salarios, mais non só, tamén dos investimentos ou das axudas que se dan con cargo ao erario público.

E non cansaremos tampouco de repetilo unha e mil veces: os fondos públicos que se xestionan por parte das administracións —sexa por parte do Goberno do Estado, das deputacións, dos concellos, do Goberno da Xunta de Galiza— saen dos impostos que pagan as traballadoras e os traballadores. Todas esas axudas, todos eses investimentos teñen que ser fiscalizados, teñen que ser controlados. E é razón tamén pola cal propoñemos cada ano —falaba antes o señor Villoslada do Consello de Contas—, por parte do noso grupo, que o Consello de Contas fiscalice, por exemplo, o diñeiro que recibe a escola privada a través dos concertos educativos ou os contratos con empresas privadas a través da contratación de medios aéreos de extinción en materia de incendios. Por iso temos solicitado e levamos máis dun ano —e

non somos o único grupo nesta cámara—agardando por ese contrato de patrocinio negociado sen publicidade polo Son do Camiño. Ou os concertos sanitarios, por exemplo, con Povia, que tamén teñen sido obxecto de debate nesta cámara.

Nós coincidimos en ter que ampliar un pouco tamén a perspectiva e a análise que facemos, esa reflexión á que vostede facía referencia ao comezo da súa intervención sobre esa grande estafa que —insistimos— vai moitísimo máis alá.

Nós compartimos todo o que acabo de dicir e, neste senso, tamén —permítame que o exprese así, señora Santos— nos parecía que deixaba, ao final —nesa parte resolutiva, no punto 2—, en mans do propio Goberno, da propia Xunta —lanzaba vostede unha crítica, pero, ao mesmo tempo, deixaba en mans da propia Xunta— deseñar esa proposta para establecer unha política retributiva máis transparente e coherente. Quizais tiña que saír deste parlamento unha proposta máis definida e máis clara de cal debe ser ese proceso ou mecanismo de fiscalización ou de control que dote de transparencia no que ten que ver con esa retribución pública.

Simplemente outra cuestión, tamén por ampliar a profundidade de campo, por dar maior profundidade de campo ao debate: o que permite ter un salario e unha retribución digna —e eu aí estou completamente de acordo co señor Villoslada— da representación pública, sexa política ou sexa en calquera outra parte da administración, é que as traballadoras e os traballadores tamén poidan estar neste parlamento. Porque se non hai unha retribución xusta da representación pública, apenas aquelas persoas que teñan recursos económicos —o gran capital, os empresarios; só eles— poderían exercer o labor de representación no modelo de democracia que existe até o momento neste país.

Non podemos —e eu coincido co señor Villoslada— caer na demagogia, porque entón estamos facéndolle o xogo a quen defende que só uns poucos poidan facer parte desta cámara. Nós entendemos que o que debería haber aquí é máis traballadoras do mar, máis traballadoras do agro, máis traballadoras doutros perfís que non sexan apenas a función pública. E moitas veces, en moitos casos, o sistema do que nos dotamos, o que rexe e impera aínda no Estado español, máis que garantir ese acceso, o que fai moitas veces é poñer pexas para que poidan estar aquí, por exemplo, persoas que traballen de maneira autónoma.

Pola miña banda máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente, señorías.

Ben, como cuestión previa: señor Villoslada, que veña vostede aquí intentar darnos leccións de con quen pode pactar ou non o Partido Popular, cando o Partido Socialista está gobernando en España cos votos dos independentistas, dos de Bildu, dos que dixeron que ían entrar no sistema para derrubalo dende dentro e cos que cospen aos ministros no Congreso dos Deputados, non deixa de ser gracioso, señor Villoslada. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A verdade é que onte, cando me dixeron que se aprazaba unha iniciativa, pensei que sería esta, porque vendo a semana que levan as mareas de Podemos debatendo sobre soldos e salarios, transparencia, ocultación, sistema de votacións e demais... Xa llo dixon onte a miña compañeira Raquel Arias: mala semana, señora Santos, para presentar esta iniciativa. Pero, ben, á vista de que vostedes non teñen pudor ningún nin se ruborizan e queren que sigamos aquí facilitándo-lles que se tiren os trastos á cabeza publicamente, nós non imos deixar de dar este debate.

En primeiro lugar, quero negar a maior. Vostede di na súa iniciativa —e díxoo aquí— que o Goberno do Partido Popular dende 2009 non reduciu en absoluto os custos de gabinetes, persoal eventual e altos cargos. Vostede dixon que o presidente Feijóo nada fixo para que iso se reducira, que na crise (*Murmurios.*) só se lles baixara o soldo aos funcionarios, que a xente o estaba pasando moi mal e que os políticos non faciamos nada. Pois non, é absolutamente falso.

Mire: vostede di que onde están. Pois na páxina web e no portal de transparencia pode vostede acceder a todos os soldos dos altos cargos. E, ademais, nos orzamentos que estamos debatendo agora mesmo na Cámara, vostedes tamén presentaron emendas, precisamente, para retirar incluso persoal de confianza ao seu propio grupo na Mesa da Cámara. Así que que me diga vostede que non sabe onde están os soldos dos altos cargos a verdade é que é faltar á verdade, señora Santos.

Pois mire: o gasto de persoal eventual de gabinete da Xunta de Galicia dende 2009 ata 2019 —e pódoo comprobar cos orzamentos do 2009 e cos do 2019 que estamos debatendo na Cámara nestes días— é un trinta e sete por cento inferior a cando gobernaba o Bipartito. E, na mesma liña, os importes das reducións dos altos cargos tiveron unha redución, dende o 2009 ao 2019, do 46,58 por cento. Se a vostede non lle parece moito... A verdade é que a min me parece unha rebaixa bastante considerable: menos conselleiros, menos persoal de confianza, menos altos cargos, salarios máis axustados que cando gobernou a esquerda, máis transparencia e máis control, señora Santos. Nós mesmos, nesta cámara, baixamos os soldos e non os volvemos subir, non os recuperamos.

Onto mesmo, no Congreso dos Deputados, os seus compañeiros tamén votaban incrementar o salario dos deputados e deputadas nun 2,5 por cento. Supoño que iso tamén a escandaliza, señora Santos. (*Murmurios.*) Supoño que iso a avergoña e supoño que para vostede iso tamén será unha estafa. Supoño que virá aquí e o dirá.

O actual presidente da Xunta cobra menos que o vicepresidente da Xunta de Galicia cando gobernaba o Bipartito, o señor Quintana. Os directivos dos entes públicos xa non cobran o que lles peta, señora Santos, non; agora hai un control dos salarios dos altos cargos.

E, claro, se vostede di que é populista que nós criticabamos na campaña unha cousa que logo non fixemos... Iso é absolutamente falso. O que é populismo é traer hoxe a esta cámara esta iniciativa cando vostede sabe que se teñen rebaixado nestes nove anos de goberno do Partido Popular os salarios, o número de altos cargos e o persoal eventual. (*Aplausos.*)

E sobre o persoal eventual non fagamos demagogia, señora Santos. Porque, mire: ten vostede aí o seu asesor de cabeceira que, ademais de débeda, tamén sabe disto, e tamén escribiu

sobre a necesidade de que haxa gabinetes para poder impulsar a acción política. Pero non só el, o señor Xulio Ferreiro: «*Nos hemos pasado de frenada recortando asesores*». (A señora Prado del Río amósalles un documento aos membros da Cámara.) Se queremos traer profesionais cualificados á política temos que pagarlles ben, ¡claro que si! Vostedes, que falan de precariedade laboral: se queren un profesional cualificado, claro que hai que pagarlle ben, non pretenderán pagarlle oitocentos euros, ao mellor, a un persoal cualificado. ¡Claro que hai que pagarlle ben! ¿Ou non?

Ben, vostede di tamén que hai que colocar a clientela dos partidos políticos. Iso é o que din vostedes. Errejón: «*Hay que dejar sembradas instituciones populares para refugiarse cuando gobierne el adversario*». (Murmurios.) Colocar militantes, simpatizantes e firmantes saben vostedes facelo moi ben: en Santiago, o señor Martiño Noriega, e, na Coruña, o señor Xulio Ferreiro. As entidades que subvencionan —bastante ben— colocan perfectamente os firmantes das diferentes mareas. (Murmurios.)

Miren: vostedes veñen aquí falar de salarios. Levan dende que empezaron a lexislatura discutindo se lle daban máis salario, secretaria e coche oficial ao portavoz interino, ao señor Villares, ata hoxe. Que tamén non sei que é o que queren que sigamos recortando.

En calquera caso, señora Santos, nós estamos de acordo e imos votar esta iniciativa. Aínda que, coa emenda do PSOE, o PSOE non quere falar de España, quere falar só da autonomía porque, claro, temos o Goberno máis caro de España. Diso vostede non fala, a vostede non a avergoña o que está facendo o señor P. Sánchez, non a avergoña que colla o Falcon para ir ver un concerto de The Killers, que custa cinco mil seiscientos euros a hora de Falcon. (Murmurios.) Iso a vostede non a avergoña. Non a avergoña que incrementara o número de ministerios, ¿verdade?, e todos os ministros que están baixo sospeita de evasión fiscal. (Murmurios.) ¡Iso non a avergoña, señora Santos! (Balbordo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Vostede ten unha vergoña selectiva, señora Santos. (Aplausos.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Iso é a vergoña selectiva. (Aplausos.)

Claro, vostede non quere falar dese goberno. (Murmurios.) Non quere falar do Goberno que apoian e do que son cómplices as mareas de Podemos. (Murmurios.) Porque ese goberno do señor P. Sánchez...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...está gobernando grazas aos votos das mareas de Podemos. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Nós estamos e imos votar a favor desa iniciativa tal cal está, aínda que entendemos que no segundo punto, cando vostede fala de soldos públicos, se refire ao

punto primeiro —representantes públicos—. Entendo que non quere baixarlles o soldo a todos os funcionarios, entendo que é así. Se é así, agardo que mo aclare na súa intervención.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas.

Eu quedo un pouco perplexa porque creo que se están confundindo debates. Vou contestar a todas as intervencións e aclarar o que teñamos que aclarar. Agradezo as reflexións e agradezo máis unhas intervencións que outras, porque o primeiro que dixen na miña intervención é que había que dar un debate serio e rigoroso sobre estas cuestións, e dei moitos argumentos. E moitas cousas das que dixeron aquí os grupos é porque non escoitaron o que eu dixen, porque se escoitaran o que eu dixen é imposible que contesten o que contestaron. É dicir, que xa traían o discurso preparado e non contestaron absolutamente nada á reflexión que eu mesma dei.

Unha cousa son as propostas políticas; e lea ningún, lea é de quen ten casos de corrupción, de quen roubou do público e de quen fixo todas as atrocidades contra a maioría social, e por iso o CIS demostra —como expliquei cando presentei a iniciativa— que segue sendo a maior preocupación, despois do desemprego e o traballo, a corrupción.

Entón, unha cousa son as propostas políticas que poden facer as organizacións de autoestablecerse limitacións salariais en distinta contía —que na iniciativa eu non vin en ningún caso—, que digamos os representantes políticos —señora Paula Prado, evidentemente, isto é para persoas que teñen unha representación ou unha designación política—: tres salarios mínimos ou xe salarios. Nós o que estabamos pedindo era unha proposta seria e un debate rigoroso.

O que pasa é que, ao mellor, hai partidos que no seu programa —incluído o Partido Socialista— non queren facer ningunha política exemplificante de redución salarial por propia vontade, como facemos —coas nosas diferenzas— o Grupo de En Marea, onde todos os deputados do Grupo de En Marea cobramos de maneira voluntaria menos que o resto. *(Murmurios.)* Eu entendo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Iso é voluntario, é unha proposta política, é unha proposta política voluntaria! ¡Por favor, que me deixen acabar! É unha proposta política e cada un fai as propostas políticas, no seu programa político, que considera...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! *(O señor presidente tange unha campaña.)*

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...de maneira aleccionante para quen considere. E a moita honra, ¡a moita honra! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E molesta moito, molesta moito. Nós cumprímolo, cumprimos co que prometemos, e iso é, ao mellor, o que irrita. (*Murmurios.*) Despois, no demais, podemos entrar en matices ou o que queiramos. Pero populismo non, feitos. (*Murmurios.*)

Polo tanto, evidentemente, non se pode restrinxir a actividade política a funcionarios e, dende logo, eu díxeno claramente cando presentei a iniciativa e cando a expuxen aquí, evidentemente. Porque a única reflexión sería —aínda que hai cousas en que non concordo— foi do BNG.

Dende logo, paréceme increíble que se levanten estas ampolas cando hai xente que está cobrando subsidios de catrocentos cincuenta euros e quiñentos euros. O que temos é que subir a vida e dignificación da vida de todo o mundo e, por suposto, traer os mellores talentos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...que haxa un debate e que o demos de forma seria. Explíqueino claramente na exposición. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Do señor Erias e do señor Martínez non se dixo nin pío, ¡non se dixo nin pío!, cos soldos astronómicos e as portas xiratorias ata da clientela dos partidos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E falei das propostas de organizacións e fundacións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...para todos os gobernos, para todos. Só que hai casos de escándalos, de condenas, de másters embelecidos e dun montón de cuestións... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...que non as inventa esta deputada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Que son parte, por desgraza, da comunicación política... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...deste país ás maiorías, e por iso hai que dar exemplo.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda do PSOE.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Eu acepto a emenda porque entendo o matiz que me explicou o señor Villoslada antes de presentala. Non comparto para nada a súa exposición, e cada un ten que ser coherente coas súas propostas, (*Murmurios.*) tanto de programa como despois, cando accede ao Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos. Grazas, terminou o seu tempo.

Despois deste debate eu só quero clarexar unha cousa. (*Murmurios.*)

Por favor, silencio.

Quero deixar clara unha cousa como presidente do Parlamento que son e membro da Mesa: aquí todos os deputados cobran igual. (*Balbordo.*) Xa, si, si... Iso quero deixalo claro. Agora, as disputas que teñan vostedes, iso non é problema meu. Aquí todos os deputados cobran exactamente igual. (*O señor Calvo Pouso: Efectivamente.*) Morreu aí o debate; agora, a partir de aí, iso xa non é cuestión miña. (*Murmurios.*)

Imos votar as proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Está todo xa transaccionado e falado? Vale, pois entón imos votar.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.

Hai unha proposta de transacción. Se nola le, señora Arias.

Déanlle voz ao escano. Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Si, grazas, presidente.

O que votamos é: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado e aos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados, e no marco dos traballos que está a rematar a Subcomisión para a reforma electoral, creada no seo da Comisión Constitucional, que modifique con carácter de urxencia a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior, para que poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os re-

sidentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade».

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; votos en contra, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

Hai tamén unha transacción que me fixo chegar. ¿Quere lela? (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Votación por puntos. ¿Pódeme dicir como separan os puntos? (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Dous puntos? (*Murmurios.*) Perdoen, eu non sabía que tiña dous. Podía ter cinco, entón sería outra cuestión. Se ten dous, entón votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro.

Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto segundo.

Votamos.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Otero.*

Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego nin do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero e D^a María Dolores Toja Suárez, sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 40; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don David Rodríguez.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da política agraria común.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Tellado.

Non se aceptaron as emendas dos tres grupos que as formularon.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.º.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

(O señor Pazos Couñago solicita a palabra.)

Pide o señor Pazos a palabra. ¿Para que quere a palabra, señor Pazos?

Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Gustaríanos solicitar a votación separada do punto primeiro desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta, señor Bará? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Si.

Entón, votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro desta iniciativa.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así

como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto de puntos da iniciativa. votamos.*

Votación dos puntos 2, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2, 3 e 4 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará.*

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a que manifestou o señor Bará que aceptaría o punto número tres como engádega e tamén, se fora necesaria, a votación por puntos. (O señor Álvarez Martínez solicita a palabra.)

Si, ¿para que quere...? (O señor Álvarez Martínez: Quero solicitar tamén a votación por puntos.)

Solicita a votación por puntos. ¿Cantos puntos hai? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Dous.

Entón, coa incorporación da emenda, votamos, en primeiro lugar, o punto número 1.

Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto segundo desta iniciativa.

Votamos.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Carmen Santos.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións, abran as portas, por favor.

Continuamos coas interpelacións.

Pero antes quería saudar os alumnos de terceiro e cuarto da ESO do colexio Sanxillao, en Lugo, que tamén veñen cos seus profesores. ¡Benvidos ao Parlamento!

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión do Goberno galego en materia de sanidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día, deputados e deputadas. Bo día, señor conselleiro.

O noso plantexamento con esta interpelación trata de facer unha análise o máis analítica posible dentro dos tempos e do marco que temos dispoñibles nestes debates parlamentarios e poder, a través da análise de certos datos, concluír ou, polo menos, tratar de expoñer as preocupacións ou as interpelacións que cada un, en representación de cada grupo, ten sobre a situación da sanidade en Galicia. Pretenderei facelo no que ten que ver ou algo parecido ao que puidera ser un plantexamento minimamente académico de plantexar uns certos datos e algunhas conclusións sobre os datos que nós tiramos ou que extraemos a través deles, e que poderían contrastarse ou non cos que ten o Goberno da Xunta.

Por dar algúns datos, e apelando ao barómetro sanitario, que nós consideramos unha fonte bastante fiable, na última comisión, na que vostede compareceu, de orzamentos, dixo que calquera enquisa que tivera menos de tres mil participantes nunha comunidade autónoma non era de fiar (*Aplausos.*). Para nós si, para calquera mínimo especialista no tema é suficientemente fiable, incluso con menos de tres mil tamén o é. O CIS para Galicia contempla menos de quíntos, pero aínda así os datos de fiabilidade son bastante altos conforme se pode comprobar ou como pode analizar calquera mínimo experto en estatística. Para nós é fiable, e tamén é unha das preguntas que lle plantexamos se para vostede e para o seu goberno tamén o é.

Datos que para nós son relevantes: a valoración dos usuarios sobre o sistema. A valoración que teñen os usuarios do sistema sanitario en cada comunidade autónoma ofrece un resultado que nos coloca na terceira peor comunidade autónoma de toda España; valorado polos usuarios e usuarias do sistema, a terceira peor valorada de toda España.

Máis dun setenta e cinco por cento, é dicir, por poñelo máis simple, tres de cada catro usuarios ou usuarias do sistema demandan a necesidade de cambios na xestión. Por dar algún dato comparativo: valoran ben o sistema, sen necesidade de cambios en Galicia, un 24 por cento, un 23,6 por cento, e en Asturias o 42,5 por cento; por coller unha comunidade autónoma cunha certa posibilidade de ser comparada en termos demográficos, en termos de ubicación e en termos poboacionais, aproximadamente en termos de orzamento sempre con diferenzas. Un 23,6 por cento en Galicia consideran ben e o 42,5 por cento en Asturias.

Aumentou máis dun cinco por cento a cidadanía que prefire este ano acudir a unha sanidade privada que a unha pública con respecto ao ano pasado, nun só ano, o cal para nós é un dato preocupante.

A valoración dos profesionais é boa. Temos os profesionais moi ben valorados, aproximadamente na media de España, lixeiramente mellor na atención primaria, lixeiramente inferior na atención hospitalaria, pero en realidade próximos á media. É unha boa valoración,

que supera o sete en todas as categorías profesionais que son avaliadas. ¡Temos uns grandes profesionais!

Pero nas esperas, por exemplo, máis de seis meses de espera para unha cita en atención hospitalaria, ¿que din os nosos usuarios? No 2006, un 8,6 por cento dicía que tiñan esperas de máis de seis meses; no ano 2017, o 14,4 por cento. Practicamente se duplica nun só ano. Isto contradí bastante as cifras que oficialmente dá a Consellería. É certo que isto se lles está preguntando aos usuarios, e as da Consellería ninguén sabe a quen se lle preguntan porque non se comparten. Compártese o dato final pero non a metodoloxía; nin sequera se comparten realmente todas as cifras de lista de espera, por exemplo, como non se comparten as listas de espera non estruturais.

Por poñer un exemplo deste último barómetro sanitario, o 14,4 por cento di esperar máis de seis meses para unha cita, o 14,4 % en Galicia; en Asturias o 2,4 por cento. Catorce e dous. En realidade para nós multiplicar por sete a outra comunidade parécenos un mal dato.

En termos xerais, ¿que nos din estes datos, aínda que hai algúns outros, pero que nos din por non aburrir? Que os cidadáns están moi preocupados pola sanidade —obviamente é un campo que lles preocupa—, e que neste caso están preocupados pola situación. E non lles botan a culpa aos profesionais, que os valoran ben, pero si din que necesitamos cambios de xestión. Valoran ben os profesionais e valoran máis mal os xestores. E isto é o que nos din estes datos.

Para nós isto ten certa lóxica, ¿por que? Porque dende unha interpretación a partir destes datos, que nós podemos interpretar como argumentais, esta é unha cuestión dun contraste de visións. Hai dous modelos de afrontar este sistema. En termos moi académicos, un é o modelo moral-filosófico e o outro é un modelo economicista. Eses modelos poderían interpretar incluso se a media explica unha poboación ou se para ver como atendemos a poboación debemos de ir a como se atende o 10 por cento inferior. Podían ser dúas visións: unha visión moral prefire ver como se atende a porcentaxe de poboación menos favorecida e un modelo máis economicista pretende ver como se atende a media, e na media camúflase todo. Dende o noso punto de vista, hai unha das visións que é predominante, que é a visión máis moral. Sabemos —ou polo menos comprobamos habitualmente— que non é a visión da Xunta, que é unha visión economicista.

¿Por que valoran ben aos profesionais os cidadáns? Porque os profesionais atenden as persoas. ¿Por que valoran mal a xestión? Porque vostedes atenden aos números. E esa é a visión que nós contrastamos, que vemos cos datos e que, por certo, comprobamos cando se ofrecen visións economicistas neste parlamento cando se di que os enfermos terminais son moi caros, e no Partido Popular ninguén discute esa afirmación. Iso tamén o comprobamos neste parlamento, e a verdade é que iso ao final é ideoloxía. Porque nós estamos bastante afeitos a que se diga que aquí non hai que ideoloxizar a sanidade. Claro, non ideoloxizar supón ter a mesma posición que ten o Goberno da Xunta, que debe ser que non ten ideoloxía sobre a sanidade. (*Aplausos.*) Si, é ideoloxía defender que os enfermos terminais son moi caros, si é ideoloxía, incluso para os que non a compartimos e a rexeitamos profundamente. Entendemos que é unha ideoloxía, non a compartimos pero entendémola, e entendemos que quen non a discute tamén a valida.

Esta visión economicista absoluta non a compartimos. Polo tanto, o que comprobamos é que fronte aos datos que existen, ¿cre a Xunta de Galicia realmente que a valoración que se está dando satisfai mínima, digna ou totalmente a súa xestión? Dende o noso punto de vista, non, porque cremos que hai que atender, sobre todo nos servizos públicos, a poboación máis necesitada. E non o está facendo este servizo, que apela a datos macro, pero nós apelamos a datos persoais, micro, como se están atendendo as persoas máis necesitadas.

Por iso os profesionais están ben valorados, porque traballan con persoas, e as persoas son un material moi fráxil, moi emocional, e, polo tanto, non é posible tratalas cunha folla de Excel. Iso é o que se está facendo dende este goberno. (*Aplausos.*)

¿Que conclusións obtemos, señor conselleiro? Fronte a uns datos que amosan a necesidade de abrirse, de entender que hai unha realidade máis alá dos datos pechados, escritos en papeis que representan en realidade a ninguén, porque as medidas son datos abstractos, e non representan a ningún estrato social real, ¿que é o que nós comprobamos? Que necesitabamos a apertura do sistema. ¿Que é o que temos fronte esta necesidade de apertura do sistema? Un goberno que se pecha en si mesmo, incluso que manipula, que terxiversa o Regulamento desta cámara, que cuspe nel para poder retorcer unha comisión de investigación. Vostedes están retorcendo este regulamento para protexerse, para facer ou plantexar unha dinámica na que só exista unha visión. Un pode querer reafirmarse preguntándolles só aos que pensan como el. Iso é o que se chama un nesgo de confirmación.

Nós plantexamos outra dinámica, por exemplo, a través desa comisión de investigación sobre a que, por certo —e permítame a paréntese—, é a segunda vez que o presidente Feijóo fala dela e a segunda vez que mente descaradamente. Hoxe dixo aquí neste pleno que había vinte propostas da oposición aceptadas. Mentira. E se non é moi fácil, que veña e as lea. Non é capaz, porque non hai; non é capaz. Pero o señor presidente falou dúas veces da comisión, e dúas veces que mentiu. Unha cousa hai que recoñecerlle: é coherente, cada vez que fala da sanidade mente. É coherente.

Nesta comisión de investigación, señor conselleiro, na que nós plantexabamos unha necesidade de apertura, de incorporar estas visións, non só estas senón tamén aquelas que discrepan da visión da oposición, e que conservan máis ou menos a visión do Goberno, ou incluso que discrepan de todas. Todas as opcións son benvidas. Por iso dende o noso grupo, e tamén compartimos esta idea con outros grupos da oposición, non se vetou a ninguén, porque ninguén debe ser vetado para dar unha opinión. Por suposto, despois os grupos terán a ben apoiar, confirmar, validar ou incluso contrastar a súa opinión, por exemplo, cando se di nesa comisión que os enfermos terminais son moi caros, e o Grupo Popular non o discute.

Polo tanto, cada un poderá retratarse despois. Pero é certo que necesitamos todas as visións, e non están existindo. E os datos dinnos que hai unha visión da cidadanía que dende o Goberno da Xunta no se está atendendo. Porque escoitamos aquí moi recentemente que temos o mellor momento da historia da sanidade en Galicia, e temos as folgas no CHUS, viñeron as folgas das ambulancias —que volverán probablemente—, temos hospitais con esperas en Urgencias, temos as folgas dos PAC. E parece que non pasa nada, e en realidade temos unha situación débil, na que non estamos atendendo as persoas. E isto é o que nos din os

datos, estes datos que eu lle plantexo e outros moitos dos que seguramente podemos falar. E fronte a isto negacionismo. E o negacionismo o único que fai é pretender defender unha visión única, unilateral, cerrazón, e a partir dela describir unha realidade como se fora completa, que non o é.

Vostedes pretenderon facer isto, por exemplo, coa Pediatría de área, que tiveron que envaiñarse o asunto porque os profesionais lles dixeron que non. Pretenden facer realmente case todo en sanidade, atendendo só a un único criterio. E así acabou a Comisión de sanidade, que vostedes están prostituíndo, porque están defendendo que esa é a única realidade, cando hai moitas realidades no sistema que deben ser atendidas. E despois cada grupo parlamentario e o Goberno terán a súa posición, pero, polo menos, hai que escoitar todo o mundo, que esa é a mellor maneira de poder chegar a unha conclusión.

Fíxese: incluso é posible que se todos escoitáramos a todos con respecto, poderíamos a partir diso os grupos da oposición modificar algunha das cuestións que defendemos, e tamén podería o Goberno tamén modificar algunhas, ou non. Pero, polo menos, vostedes non están defendendo nin sequera a oportunidade de que ocorra. ¿Por que? Porque vostedes —permítanme esta interpretación— son conscientes de que vostedes a verdade non a teñen, e o único que queren é manipular a realidade para que pareza que a teñen e que é única. E nós defendemos que hai que atender máis as persoas e menos aos números.

Polo tanto, plantexámoslle nesta interpelación se considera que estes datos son válidos, son satisfactorios, e se considera que esta situación é a real ou é unha situación ilusoria que nós a partir disto nos inventamos, e que vostedes teñen outra que nos poderán demostrar que é máis certa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, señor presidente.

Señorías.

É curioso, señor Torrado, vostedes din que atenden as persoas e nós aos números, e a verdade é que vostede só fala de números aquí; á parte de insultar a xente que non está presente, o demais son números do que vostede fala aquí.

Mire —téño que dicir e téño que repetir, e non me cansarei de facelo—: a sanidade pública de Galicia é un dos servizos públicos mellor valorados por todos os galegos e, desde logo, un dos mellores de toda España.

E a implicación da Xunta de Galicia coa sanidade está clara:

Investimos máis do corenta por cento do que aportan todos os cidadáns de Galicia precisamente a ter unha moi boa sanidade. Nos anos de diminución de ingresos públicos, o que se fixo na Xunta foi dedicar unha porcentaxe maior de orzamento ao gasto social; loxicamente, ao sistema sanitario. Fixemos investimentos para mellorar infraestruturas, novos hospitais, modernos, na vangarda dende o punto de vista das instalacións e da tecnoloxía, porque tamén renovamos a alta tecnoloxía que dá soporte aos procesos diagnósticos. Por certo, este exemplo da renovación da alta tecnoloxía foi copiado por outras comunidades autónomas, porque se conseguiu un financiamento extra, cando xa tiñamos fondos propios para iso, dunha fundación, a Fundación Amancio Ortega, que temos que dende logo agradecer, e logo foi doado a todas as comunidades autónomas, nun sistema que —como digo— se iniciou en Galicia. Novos centros de saúde e melloras dos existentes.

Impulsamos o uso das novas tecnoloxías para mellorar a atención e achegar os servizos ás persoas. Galicia é pioneira nese ámbito, ao igual que na innovación. A través de proxectos europeos fomos quen de desenvolver proxectos como o Hospital 2050-Innova saúde ou o Código 100, entre outros.

Non hai discusión sobre a capacidade e a competencia dos nosos profesionais, demostrada cada día. Co seu traballo e cos medios á súa disposición prestan unha atención de máxima calidade e realizan innovacións que melloran esa asistencia e os seus resultados nos termos de saúde. Temos magníficos profesionais —loxicamente, tense que dicir o que é así— integrados dentro dun sistema que funciona como sistema. Porque temos que dicir con satisfacción que os indicadores de saúde na nosa comunidade non só se manteñen, senón que melloran ao longo do tempo; mellora na que o sistema sanitario ten o seu papel.

Hoxe na sanidade pública traballan 1.544 profesionais máis que no ano 2008. E, a maiores, aprobamos a carreira profesional, a primeira vez que se aproba unha carreira profesional ordinaria. De feito, a partir do mes de xaneiro empezarán a cobrar un grao máis os profesionais do sistema sanitario de Galicia. Tamén se aprobou coa maior parte dos sindicatos o Plan de estabilidade 2017-2020 para tratar de estabilizar o noso persoal.

E falemos agora de barómetro sanitario, porque quere falar de barómetro sanitario. Vostede só quere falar dunha pregunta do barómetro sanitario, pero, ben, eu vou describir algunha cousa máis. O barómetro sanitario é unha enquisa que realiza desde o ano 1993 o Ministerio de Sanidade mediante un convenio en colaboración co CIS —tan coñecido nestes días polas predicións que está facendo o novo director—, na que se pregunta por diferentes cuestións relativas á valoración que para a poboación ten a sanidade en España, con particular énfase no Sistema Nacional de Saúde.

Tal e como advirten sempre os expertos, as enquisas hai que interpretarlas con cautela. O barómetro consta de múltiples preguntas que abordan diferentes aspectos da asistencia e, aínda que poden ser contestadas por un número diferente de persoas, todas teñen un sentido. Vostede fai referencia a unha delas, á satisfacción xeral, pero hai moitas máis —entre sesenta e setenta—, e todas deben ser tidas en conta para ter a imaxe máis completa do conxunto do sistema sanitario público que pode proporcionar este instrumento.

O funcionamento do sistema é satisfactorio para a maioría da cidadanía. Nunha escala de 1 a 10, o 86 por cento asígnalle unha puntuación igual ou maior de 5, e un 52,2 por cento, igual ou maior de 7. A media de Galicia é de 6,49 puntos sobre 10; a media do Sistema Nacional de Saúde é 6,68. Se analizamos a tendencia desde que se fai esta pregunta —ano 2002—, comprobaremos que o ano 2017 é o ano coa valoración máis elevada de todos os anos. No ano 2002 a puntuación era de 5,40, ocupando Galicia o último lugar entre as comunidades autónomas; no ano 2008 foi de 5,87, ocupando o penúltimo lugar, e no 2017, o ano coa puntuación máis elevada, 6,49 —como dicimos—, de todos estes anos. Recórdolle, por certo, que por debaixo de Galicia está Andalucía, que ten unha evolución inversa a Galicia; precisamente, a dela é descendente.

Pero vaíamos a outros aspectos valorados na enquisa:

No que se refire á atención primaria, a puntuación é de 7,54 puntos, cun 88,5 por cento dos usuarios destes servizos en Galicia que consideran que a atención prestada foi boa ou moi boa; cifra lixeiramente superior á media estatal.

O 78,8 por cento dos pacientes de Galicia que foron atendidos nas consultas externas hospitalarias polos especialistas médicos refiren unha atención boa ou moi boa; consultas externas, 78,8 por cento.

O 72,8 por cento das persoas que tiveron ingresos en hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde din que a atención recibida durante a súa estadía foi boa ou moi boa; cifra por debaixo da media estatal. Neste caso, por exemplo, as persoas que refiren un ingreso hospitalario nos últimos doce meses son trinta e seis. Eu non sei se para vostede unha enquisa con trinta e seis persoas dunha comunidade autónoma é relevante ou non é relevante.

Das persoas que utilizan os servizos de Urxencias públicos en Galicia, un 84,7 por cento refiren unha moi boa ou boa atención, fronte ao 78 por cento do Sistema Nacional de Saúde; seis puntos por riba en atendidos en Urxencias.

Polo que se refire á elección da sanidade privada fronte á pública en atención primaria, segundo se desprende do barómetro, en Galicia o valor máis alto da serie foi do ano 2006, un 29,49 por cento. É dicir, ¿cantos e que porcentaxe prefería utilizar a sanidade privada en atención primaria? Un 29,49. No 2017 —nesta última enquisa— é do 18,4 por cento. É dicir, pois once puntos menos neste 2017 que no 2006, que creo que gobernaba o Bipartito e que a conselleira de Sanidade era do seu partido. E, ademais, estamos no 18,4 por cento neste parámetro, e a media a nivel nacional é de 25,7.

E vólvolle repetir: dámoslle ao barómetro o seu valor, sobre o que se refire ás tendencias sobre a valoración de conxunto, non a un valor illado. Por exemplo, a Comunidade de Navarra, tendo un 7 en satisfacción —por encima nosa— pasa dun 7,7 por cento no 2016 ao 24 por cento —máis de tres veces o incremento— en preferencia pola atención privada en primaria. Sobe, pese a que o grao de satisfacción é dun 7.

Se analizamos a hospitalización, no 2009 a preferencia pola privada en Galicia foi dun 26,1 por cento; no 2017 a preferencia na hospitalización é de 16,8 por cento; é dicir, baixamos

dez puntos neste período de 2009 a 2017. Isto quere dicir que a xente, desde logo, en caso de necesitar hospitalización, é dicir, patoloxía grave, prefire estar hospitalizada nun hospital privado. E tamén estamos moi por debaixo da media estatal do Sistema Nacional de Saúde, que está en 26,4. Nós —como dicíamos— estamos en 16.

E se analizamos todas as variables, podemos ir vendo cales son as tendencias da nosa comunidade e no conxunto do Sistema Nacional de Saúde e tamén compararnos con outras.

Con toda esta información, podemos dicir que, habendo sempre marxe para a mellora —non o discutimos—, a sanidade pública de Galicia é un dos servizos públicos mellor valorados polos cidadáns, e, ademais, de forma ascendente. Por suposto que non podemos ser conformistas, pero si creo que podemos estar orgullosos de vivir nunha sociedade na que a sanidade pública é a prioridade, non só dos cidadáns galegos, senón tamén do seu goberno.

E quero dicirlle que creo que a comisión de investigación se lle atragantou, porque é a primeira vez que a oposición pode ter unha comisión de investigación, pedila fronte a un grupo maioritario, e non se presenta. E, despois, como dicía o presidente, dedícase a facer comentarios sobre comparecencias onde non está, e non realmente a estar onde ten que estar, que é onde os grupos parlamentarios deberían estar. Sabendo, ademais, que no voso caso, no caso do Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...isto vén unido á Comisión do Marisquiño; a Comisión de Sanidade, ao final, por parte vosa, foi tratando de seguir a Comisión do Marisquiño.

Desde logo, como digo, estamos nun período sempre de mellora continua, e iso é un labor fundamental de todo o sistema público de Galicia, e seguiremos estando. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Si, a maioría absoluta do Partido Socialista neste parlamento é a que permite colocar as comisións do Marisquiño e de Sanidade xuntas, a que permite delimitar os comparecentes, e esa nosa maioría absoluta é a que nos permite dirixir as comisións, e, por iso, podémolas poñer pegadas unha á outra. Seguro que é unha estratexia do Partido Socialista, que ten unha maioría clarísima neste parlamento e pode facelo. (*Aplausos.*) A ver se vai ser que se equivocou vostede de crítica, e é a inversa. Pero, ¡en fin!

Por certo, señor conselleiro, hai unha semana que unha comparecente que vostede propuxo dixo que os enfermos terminais eran moi caros. Leva unha semana sen dicir nada sobre iso, e puido mencionar algún reproche ou algún comentario en contra, se é que considera que o

seu Goberno está en contra desas afirmacións. Podería —digo—, para solventar algunhas inquiredanzas.

Outra cuestión: vostede mencionou aquí que o insultamos, dío habitualmente, sobe aquí e di que os demais o insultamos —nunca puxo un exemplo, pero di que o insultamos; está ben— e que só falo de números. ¡Home!, lembre que cada vez que plantexei aquí algúns casos individuais de desfeitas por listas de espera, vostede dixo que eran anécdotas. Póñaseme de acordo: se lle traio casos de listas de espera, é que son anécdotas; se non os traio, é que só falo de números. Pois póñaseme de acordo. Eu entro no debate no marco que vostede defina, pero manteña un criterio, que é bastante razoable.

Por certo, non hai trinta e seis que fagan unha enquisa, este é o número de persoas que contestan a unha determinada pregunta. Pero, ben, é unha cousa máis técnica.

Dime que só menciono un dato, e a verdade é que mencionei bastantes: mencionei a tendencia de preferir a privada sobre a pública, que un ano aumentou máis do cinco por cento; dei o dato de que somos a terceira sanidade avaliada polos cidadáns; dei o dato de que máis do setenta e cinco por cento prefiren, necesitan ou demandan cambios; dei o dato de que hai case o quince por cento dos cidadáns que din que esperan máis de seis meses, fronte ao 2,5 por cento de Asturias. E doulle outro, xa que vostede citou as novas tecnoloxías: estamos —din os cidadáns— por debaixo da media española en uso de tecnoloxías. Podemos dar todos estes.

Voulle dar outro tamén, sobre a preferencia do privado ou do público. Vostedes especializaban a atención primaria. E xa lle dixen que os profesionais da atención primaria están mellor valorados —lixeiramente— que a media de España; pero están ben valorados os profesionais, non a xestión. Pero, en atención hospitalaria, mire: é que no 2016 un de cada catro prefería unha atención privada que pública. Neste ano case un de cada tres. Está vostede aproximándose a un de cada dous, e seguramente o seu obxectivo é que ao final da lexislatura prefira tanta xente a privada como a pública. E se tivera oportunidade, que non a terá, de ser conselleiro na próxima lexislatura, seguramente preferiría que todos prefiran a privada. Pero isto é unha cuestión de modelo. Polo tanto, nós o que defendemos é que é unha cuestión de comprobar outros modelos.

Mire máis datos se quere: vostede afirma aquí que hai máis profesionais. Doulle os datos non do Partido Socialista —nin sequera do CIS, que vostede igual discrepa—, doulle os datos dos orzamentos, que os fai a súa consellería —ou a de Facenda; xa sei que están vostedes intervidos por un funcionario de Facenda, pero faino o seu Goberno—, do orzamento e da memoria do orzamento que vostedes entregan cada ano neste parlamento: nos orzamentos de 2018 afirmaban que o Sergas tería 35.011 profesionais; no 2019, 35.026 —quince máis—. A ver se vai ser que multiplicaron por cen e din isto dos mil quiñentos; quince, non mil quiñentos, ¡ quince! Por certo, a maior parte deles son prazas non cubertas. Pero quince nos seus orzamentos.

¿Pódeme explicar —e isto xa é unha pregunta, non está na interpelación, pero a ver se é posible— por que os orzamentos din que crece en quince persoas e vostede aquí di que crece en mil quiñentas, se é posible? Probablemente dirá outra cousa que non é certo.

Deu algúns datos que non son exactos. Gustaríame que cando lea os datos do CIS... Dixo varios, pero, en realidade, deu algúns datos que non son os que aparecen no CIS, salvo que vostede teña algún outro dato.

Non me contestou sobre a posición ideolóxica, se vostedes consideran que é satisfactorio a nivel do CIS, porque as valoracións medias nalgúns casos pódennles gustar, porque non todas as valoracións serán negativas, ou se considera realmente que hai que atender unha poboación que, nese espazo —ese famoso dez por cento; polo menos, en termos conceptuais, a poboación menos favorecida—, necesita estar mellor atendida.

Non me contestou en realidade a case nada, e plantéxollo dunha outra maneira para rematar: cando falamos desta valoración sobre os niveis de satisfacción dos usuarios co sistema, hai outros que teñen unha situación mellor. Por ler os catro primeiros: Cantabria, Euskadi, Aragón e Asturias. Permítame a casualidade: non gobernan vostedes a sanidade en ningún dos catro, pero eses son os catro sistemas mellor valorados polos cidadáns. Eu tiña un profesor que sempre plantexaba que, cando un defende un modelo —político tamén—, a cuestión está en a quen te queres parecer. ¿A quen se quere parecer a Xunta de Galicia destes catro? Porque entendo que hai cousas nas que seremos mellores e, polo tanto, estará ben, pero hai cousas nas que teremos algún modelo de referencia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Remato xa. Cantabria, Euskadi, Aragón ou Asturias: en calquera dos catro poderíamos ter unha boa comparación en varios datos para mellorar. ¿Vostede a que modelo se quere parecer? Porque vostede igual prefire parecerse ao modelo estadounidense, que nos non compartimos tanto. Pero se ten algún modelo preferente, por favor, ¿pódenos contestar, xa que non contesta as preguntas da interpelación?

E, por agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu creo que, para empezar, debería respectar os compañeiros deste parlamento, porque, desde logo, as comparencias que hai na comisión de investigación non son feitas por este que lles fala nin pola consellería, senón por un grupo parlamentario, que é o Grupo do Partido Popular. Que, por certo, incluía xente que fora proposta por outros grupos.

Mire: se hai algo que a ninguén satisfai é esperar. O pasado xoves o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social publicou o informe sobre listas de espera do Sistema Nacional de Saúde. Seguramente non lle deu tempo a poder ver esta nota. Neste informe, Galicia, con

60 días de espera media cirúrxica, é a cuarta comunidade autónoma do Estado con menos demora media; en concreto, despois de La Rioja, Madrid e o País Vasco. Galicia consolida así as tendencias dos últimos anos: 33 días por debaixo da media nacional, que é 93 días; 33 días menos. E no que se refire a consultas, a espera de Galicia é de 37 días; 20 días menos tamén que a media.

Curiosamente, teño aquí un cadro que fai referencia ao barómetro, á puntuación no barómetro e á espera, porque eu creo que a espera é polo que máis protesta a xente, e é razoable.

Estremadura, 6,61 no barómetro, nesta pregunta que colle illada; 105 días de espera. Os estremeños agardan 45 días máis que os galegos para ser operados. Castilla-La Mancha, 6,65, 137 días; 77 días máis que os galegos. Aragón, 7,29, 80 días; 20 días máis que os galegos. A verdade é que é curioso. Pero mire,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto está na estatística que publica o Sistema Nacional de Saúde. *(Murmurios.)* Digo que non estivo atento esta semana a estes datos. *(Aplausos.)*

Tamén podemos analizar o informe publicado na revista *The Lancet* que mide a calidade e o acceso á atención sanitaria nada menos que en 195 países, España entre eles. Publica un informe no ano 2018 que corresponde ao ano 2016, e hai un anterior publicado no 2017 que corresponde ao 2015. Estamos falando, en realidade, de 2015 e 2016. No publicado no 2017 España ocupa o posto número 8, no publicado no... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É certo, no ano seguinte, no ano 2018, que corresponde —como digo— ao 2016, o posto é o 19. Tamén é preciso ler con atención ese informe, non só quedar no ránking, porque resulta que a puntuación de índice que mide a calidade e o acceso ao sistema sanitario é maior no último. Moi importante o acceso e a calidade, que estamos en 92 sobre 100 puntos. Polo tanto, aínda que hai marxe de mellora, teño que dicirle que na gran maioría dos indicadores estamos por encima do percentil 90, ¡eh! É o que publica *The Lancet*, e nalgún caso no cen por cento.

Pero se queremos falar de España no seu conxunto, podemos citar máis estudos, como o informe Bloomberg, por exemplo, publicado no mes de setembro, que sitúa o sistema español como o terceiro máis eficiente de Europa e o terceiro do mundo. O Banco Interamericano de Desenvolvemento fala dun gasto eficiente para vidas máis sas, e pon de manifesto, unha vez máis, a importancia da eficiencia na xestión do sistema sanitario. Como digo, fala de moitísimos países... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Déixeme, por favor, falar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, por favor, cando vostede falaba non o interrompían, así que... Non, non o interromperon ningunha vez. Non, non o interromperon. Así que lle prego que non interrompa, por favor.

Continúe.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Con toda esta información que cada un pode interpretar segundo o seu criterio ou interese, podemos dicir que, habendo sempre marxe para a mellora —algo moi presente no ámbito sanitario—, podemos estar orgullosos do sistema sanitario que temos. En Galicia, ademais de ter en conta os estudos que se publican,

escoitamos atentamente os pacientes. Como vostede sabe, contamos co Consello Asesor desde o ano 2011 e coa reforma da Lei de saúde. Non só lle demos rango de lei, senón que tamén creamos os consellos asesores de área, que xa se están constituíndo neste momento.

¿Que conclusións quero sacar para contestar directamente as súas preguntas? Que o funcionamento do sistema é satisfactorio para a maioría da cidadanía. Nunha escala do 1 ao 10, o 86 % asígnalle unha puntuación igual ou maior de 5, e un 52,2 igual ou maior de 7. O sistema sanitario galego mostra unha clara tendencia de mellora sostida ao longo dos anos, e, loxicamente, a idea é seguir mellorando. E con respecto á preferencia dos usuarios na elección dun centro privado, estamos entre o grupo que menos prioridade pon á xente a ir a un centro privado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Por favor, interrompeume o señor Torrado, déixeme acabar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): O barómetro é unha enquisa coas limitacións que teñen as enquisas; e o valor, as tendencias e a valoración do conxunto non pode ser un valor illado.

E dicir que esta é a gráfica de funcionamento do sistema sanitario, o barómetro. Como ve, en ascenso. Hai outra gráfica, que tamén é un barómetro político, que son os votos que ten o Partido Socialista nas últimas autonómicas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señor conselleiro, aínda que pareza unha obviedade, estamos en Galicia, unha das rexións de Europa que destaca polo alarmante declive da súa economía rural e o seu despoboamento.

Aquí en Galicia, a PAC, os seus obxectivos e mais os que os aplicaron e aplican, vostedes, fracasaron estrepitosamente. Non lograron, de xeito global e equitativo, aproveitar as potencialidades endóxeas do noso modelo de produción agrícola.

O Estado español ten transferidas as competencias en agricultura a aquelas nacións e rexións con realidades propias, que é o noso caso. A flexibilidade prevista nos plans estratéxicos estatais ten un carácter centralizador que non cadra con nós. Máis subsidiariedade equivale a máis responsabilidade na definición, aplicación e xestión da PAC nun país, Galicia, gandeiro e agrícola, cun clima de microclimas atlánticos e cunha estruturalidade e tradición propia e singular fronte a un predominio no Estado dun sector agrícola predominantemente mediterráneo e radicalmente diferente.

Como facer que os intereses galegos sexan respectados e atendidos pola PAC en plano de igualdade, tal e como lles corresponde, sen unha clara posición de país por parte do Goberno da Xunta. Porque a Consellería do Medio Rural ten a obriga, governe quen governe, de defender a toda costa, fronte a quen sexa, os intereses de Galicia, pero vostedes xa abandonaron esta defensa antes de entrar en liza, cun posicionamento de Estado que non lles corresponde, esquecendo as súas obrigas cos galegos e galegas, coas súas vidas, co seu futuro. Xa optaron polo plan estratéxico do estado e renunciaron a un plan estratéxico galego.

A verdade é que non nos estraña, vostedes non cren neste país. Non en van, o seu partido, o Partido Popular, está formulando seriamente devolver as principais competencias a Madrid no canto de profundar no autogoberno. Saiban pois que, co campo galego, esta actitude de abandono ben podería levar o nome de traizón.

Díganos, señor conselleiro, ¿vai apostar polo modelo de explotación familiar ben dimensionada ou polas macro explotacións? ¿Vai defender un plan estratéxico de Galicia dentro dun plan marco do Estado? ¿Vai recuperar as oficinas comarcais para poder desenvolver os programas de asesoramento ou imos continuar en mans de asesores-vendedores de produtos? ¿Vai continuar o Bantegal permitindo que un terreo que bote máis de cinco anos abandonado pase a ser clasificado como forestal? ¿As sebes, lindes de pedra, arrimos, vanse seguir descontando nas axudas da PAC? Madrid nunca o entendeu, vostedes creo que tampouco porque non o defenderon nin o defenden. Mentres, en Holanda cobran por poñer setos. Tamén se descontan as balsas de rega nos prados, os filtros verdes de arredor dos regatos; este, que é o país dos milleiros de correntes de auga.

Son algúns exemplos que deixan constancia da inexistente defensa dos nosos intereses en Europa por parte do Partido Popular, sometido sempre a altos designios que superan as cativices provincianistas das que facemos eixe central os nacionalistas. Porque os recursos e as intervencións da PAC deben planificarse dunha maneira próxima ás realidades de cada zona ou rexión, atendendo a unha mañiza de aspectos: vocación agrogandeira, realidade social, reparto e tamaño da propiedade e tipicidade desta —propiedade xermánica, por exemplo—, poboación, uso... De someter as nosas realidades aos designios ou acordos dun plan estratéxico estatal somos perdidos, porque se non se entenden debidamente estas realidades e se orientan os obxectivos de favorecer unha economía rural competitiva e xusta, que asente poboación e incorpore xente moza, a nova PAC pode sumir Galicia nunha maior re-

gresión que a converta nun inmenso deserto de eucalipto e piñeiro, porque a medida que perdemos superficie agraria, poboación e capacidade produtiva, emerxe un claro desprazamento de intereses contrarios aos obxectivos da PAC: forestación desmedida, produción de enerxía, minaría espoliadora.

Si, señor conselleiro, a falta de competitividade e dinamismo foi aproveitada pola industria forestal para establecer a supremacía dos cultivos forestais invasivos, destruindo a multifuncionalidade do rural, da súa economía, e ocupando amplas extensións de monte, convertendo incluso terras de labradío en eucaliptais. Estas últimas, andan polas 100.000 hectáreas.

Pero entremos en fariña, porque, señor conselleiro, do que lle quere falar o BNG, hoxe e sempre, é da necesidade dunha nova política agraria rural na Unión Europea, que tenda a corrixir os fortes desequilibrios entre sectores e países e que contribúa realmente a lograr un sector desenvolvido e respectuoso, ao mesmo tempo, co medio ambiente.

Querémoslle dicir que esta proposta de reforma da PAC non vai mudar nada neste sentido. Moito tememos que estamos a falar dunha PAC de transición a unha liberalización total no 2027; unha PAC que non responde nin aos problemas con que se enfrenta a agricultura, na Unión Europea e en Galicia, nin tampouco ás expectativas de demanda e demandas da cidadanía. Trátase dunha proposta coa que non estamos de acordo, pero non polo que ten de reforma, senón xustamente polo contrario, o continuísmo coas orientacións anteriores nalgúns aspectos básicos: liberalización do sector ou desvinculación das axudas ás explotacións.

Nese sentido, pensamos que existen tres problemas de fondo que condicionan e hipotecan esta proposta de reforma, facendo que os principios proclamados no documento —que nalgúns casos compartimos— non se correspondan coas medidas concretas que se deseñan.

Vexamos. Problema 1. Un modelo de construción da Unión Europea liberal. Isto plásmase no aspecto orzamentario, nun exíguo orzamento global, que ademais vén reducíndose, como a porcentaxe do PIB dos estados membros, desde comezos da década dos 2000. Acompáñase tamén dunha perda paulatina de peso dos fondos destinados á PAC, e esa orientación liberal reflíctese tamén no plano de regulación dos mercados, onde vimos asistindo á progresiva eliminación dos distintos mecanismos de intervención nos mercados agrarios. E esta tendencia de fondo non se modifica nas propostas para o período 2021-2027, a pesar da crecente volatilidade dos mercados que se constata nestes últimos anos.

Problema 2. A aceptación de que a agricultura europea e a PAC deben someterse aos imperativos do proceso de liberalización do comercio mundial de produtos agrarios, tal como este se vén configurando no seo da Organización Mundial do Comercio.

Problema 3. Non se altera o actual *status quo* no que se refire á distribución dos fondos da PAC entre os diferentes estados membros.

Podíamos, señor conselleiro, poñer neste discurso centos de aspectos troncais que avalarían a necesidade de elaborar, posuír e mais defender un Plan estratéxico galego. Pero imos ser

máis explícitos. Como xa dixemos, todo indica —e unha boa parte de entendidos na materia así o aseveran— que esta PAC que imos debater a partir do próximo verán é unha PAC de transición, preparatoria da liberalización dos mercados agrícolas europeos e internacionais. Faise pois necesario, imprescindible, conseguir as mellores condicións para a débil agricultura deste noso maltreito país, porque se non aproveitamos ben os recursos, ben orientados, da PAC neste próximo período, principalmente os dos segundo piar, a nosa agricultura entraría nunha regresión mortal sen posibilidades de recuperar a súa competitividade.

Toca pois, ao noso entender, negociar cun plano estratéxico propio que reflecta a realidade e as necesidades deste noso país, que non faga concesións, que defenda, raiando o escándalo, condicións vantaxosas para o noso rural. Porque se a liberalización chegase —e créame que nesas andan— e non temos feito o desenvolvemento necesario, será tarde. Desenvolvemento.

O segundo piar: loitar porque sexa dotado de recursos como ata o de agora, como mínimo, e utilízalo con sentidíño, orientado ao fortalecemento das explotacións existentes e á aparición doutras familiares dotadas de base territorial, sostibles, lóxicas co país. Diversificar a actividade agraria. Todo iso que temos repetido ata o aburrimento.

Xa ve que hoxe vai ter difícil tratarnos de catastrofistas. Onte o portavoz de agricultura do seu grupo parlamentario chamounos utópicos, crendo, se cadra, que así nos podíamos sentir ofendidos. Pois ben, desde esta imprescindible utopía para poder resistir toda esta traxicomedia, desde o BNG reformulámoslle esta pregunta: ¿Que opinión e posicionamento ten o Goberno galego ante a reforma da PAC para o período 2021-2027?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu tiven ocasión de estar onte aquí, precisamente para coñecer un pouco as consideracións de cada un dos grupos parlamentarios a respecto da PAC, e despois de levar xa dúas reunións en Europa en representación das comunidades autónomas —repito—, acompañando o Goberno de España, o ministro español Luis Planas, —por certo, teño que dicir aquí que o Goberno español, tanto coa anterior ministra como con este ministro, está facendo unha forte defensa dos intereses dos agricultores e gandeiros galegos e tamén españois—, penso que isto non é unha cuestión de cores políticas, senón que é unha cuestión de defensa dos nosos intereses, e teño que dicir, despois de contestar aquí tamén a unha pregunta e de asistir ao debate da PNL, que penso que falamos suficientemente do que é a PAC e do que é o noso posicionamento. Non obstante, como vostede mo pregunta outra vez, pois eu, evidentemente, voullo explicar tamén.

A reforma da futura PAC ten unha gran importancia para Galicia e para o noso rural, na medida en que incide directamente no impulso ao dinamismo socioeconómico no agro. Dela depende en gran medida a creación de riqueza, emprego no rural e, xa que logo, o seu futuro.

Para os nosos labregos, gandeiros e silvicultores a PAC é unha ferramenta esencial, 26.000 persoas que cobran do primeiro piar, porque contribúe a que manteñan unhas rendas dignas e, polo tanto, a darlle continuidade á súa actividade. Eu non a demonizaría tanto.

Na Xunta estamos empeñados en lograr que o medio rural sexa sinónimo de economía, de emprego, e de futuro. Queremos que o agro sexa un motivo de orgullo para todos os galegos, tanto para os que viven no rural coma nas cidades, e por iso apostamos por unha PAC que nos permita sentar esas bases.

Señor Rivas, o rural é de todos, tamén destes deputados e deputadas, non só do Bloque, ¡eh! O rural é de todos. (*Aplausos.*)

Como saben, na actualidade estase definindo a reforma da política agraria comunitaria máis aló do ano 2020, e xa lle digo eu tamén que xa me gustaría, como conselleiro de Medio Rural, poder ter esa forza que vostedes me supoñen, porque isto se fala en Bruxelas, e alí temos que estar todos con unidade, señor Rivas.

Unha política orientada a cumprir as obrigas establecidas no tratado da Unión sobre esta materia, para loitar contra o despoboamento das áreas rurais ao fortalecer o seu tecido socioeconómico.

A PAC, señorías, é unha política transversal da Unión que atinxe non só ao eido da agricultura, a gandería e a silvicultura, senón tamén a aspectos claves para Galicia como pode ser a necesidade de fixar poboación no agro sostendo as rendas dos agricultores, que se conciben como aquelas persoas que desenvolven a actividade agraria de forma principal; de feito preténdese que eles sexan o referente para fornecer a futura PAC.

Polo tanto, estas políticas forman parte do vindeiro marco financeiro 2021-2027, no que parece —e isto é o grave e contra o que temos que loitar, dende logo, e estase facendo tanto polo Goberno español como polo Goberno galego— que Galicia pode ter unha baixada na asignación dos fondos comunitarios, unha perda, que podería chegar a representar un 46 % menos dos recibidos na anterior etapa, se non actuamos.

Por iso, dende a Xunta xa se está traballando arreo, mesmo —isto da unidade— en coordinación con outras comunidades como pode ser, por exemplo, Asturias, para que Galicia siga percibindo as axudas europeas que lle corresponden nos próximos anos e se teñan en conta as nosas especificidades no reparto deses fondos.

Actuamos, señorías, para paliar esta baixada e para que a Unión Europea teña en conta as peculiaridades demográficas da nosa terra, o bo uso que se fai dos fondos europeos, e que ademais, grazas a estes cartos, se poden poñer en marcha políticas que axuden a combater

o envellecemento e a despoboación, algo que nos interesa especialmente no noso medio rural.

A maiores, defendemos a existencia dunha rede de seguridade por parte do Goberno de España —igual que o que ocorreu no anterior período orzamentario— para asegurar que todas as rexións sigan percibindo as axudas e que ningunha obteña menos do 70 % do que percibía no período anterior. Esta é a posición española e galega.

Centrándome xa na PAC, dentro do marco orzamentario —como saben e como lles dixen—, hai apenas dúas semanas tiveron a oportunidade de asistir ao Consello de Ministros da Unión Europea que abordou esta cuestión, en representación das comunidades autónomas españolas e acompañando o ministro de Agricultura. Alí puideron constatar o grao de avance dos traballos, pero tamén algo que sabemos todos: as próximas eleccións europeas condicionan o debate sobre a futura PAC, que se atopa nunha fase —todo hai que dicilo— moi primaria, e precisamente esas eleccións europeas, se hai un fronte antieuropeísta grande, pode afectar claramente á PAC e por ende aos nosos agricultores e gandeiros.

Isto non é un impedimento para que Galicia teña xa fixada a súa postura ao respecto, que eu, como responsable da Xunta na materia, estou a defender en todos os foros nos que participo, como non podía ser doutro xeito.

Trátase, ademais, dunha posición concertada entre o Goberno galego e os actores económicos e sociais, plasmada nun documento de traballo a modo de decálogo que foi asinado en agosto pasado entre a Xunta e representantes das asociacións profesionais agrarias e cooperativas.

Vanme permitir que debulle —aínda que xa o coñecemos porque se falou varias veces del— os principais contidos deste documento, e eu preguntaría, pediría e rogaría, señor Rivas, que me dixera con cales destes puntos non está de acordo o Bloque. ¿Cales deles?

Primeiro. A nosa Comunidade considera que a PAC debe seguir sendo unha política eminentemente común baseada en dous piares, o primeiro deles, axudas directas. Vinte e seis mil agricultores e gandeiros galegos reciben cada ano 150 millóns de euros que deben financiarse exclusivamente con fondos europeos. ¿É bo isto ou non é bo?, e que o defendamos.

Avógase tamén polo establecemento de medidas que recoñezan as peculiaridades de cada territorio, por favorecer a incorporación de mozos á actividade agraria —¿si ou non?— e por medidas para paliar as oscilacións de prezos nos produtos agrarios.

Outra das demandas de Galicia firmadas co sector é o apoio ás pequenas e medianas explotacións. Señor Rivas, que non estamos a falar aquí de grandes empresas: apoio ás pequenas e medianas explotacións.

Simplificación administrativa da PAC. Debe levar vostede como dez PNL pedindo esa simplificación administrativa, aquí está tamén. O consenso sobre a figura do agricultor xenuíno —aí podemos falar todos para ver como plantexamos ese agricultor xenuíno—, ou apoio aos dereitos históricos no novo pago dissociado. ¿De acordo ou non?

Así mesmo, consideramos adecuado o establecemento dun tope máximo de axudas por explotación. Señor Rivas, non queremos que os cartos vaian ás grandes explotacións. Ademais, dicimos que mentres que a comisión fala do tope de 100.000 euros, nós queremos 60.000, porque os nosos agricultores e gandeiros son pequenos e non perciben por encima desas cantidades, polo tanto, defendemos o noso.

Defendemos tamén, señor Rivas, unha discriminación positiva para as zonas de montaña e con limitacións naturais. A maior parte dos nosos agricultores e gandeiros están percibindo axudas por isto, ¿que lles dicimos? ¿que non? ¿É bo ou non é bo para os agricultores e gandeiros galegos? E a obriga de establecer unha axuda distributiva, de forma que o importe das primeiras hectáreas sexa superior ao do resto. Claro, para apoiar tamén ás pequenas e medianas explotacións, ¡que son as nosas! ¿É bo ou non é bo isto tamén?

Estas son —insisto—, de xeito resumido, algunhas das principais ideas-forza nas que se asenta a postura de Galicia. Falo de principios acordados co sector e penso —estou seguro— que ben coñecidos por todos, polo que non podo estar de acordo coa súa afirmación de que existe desinformación ou pouca claridade na nosa posición. A nosa posición é clara, e é: defensa a ultranza dos agricultores e gandeiros galegos. Antes ao contrario, considero que Galicia mantén unha postura definida de país diante da reforma da PAC. Insisto en pedir nesta Cámara —insisto— o maior consenso posible entre as forzas políticas sobre o particular, porque deste xeito non faremos máis que reforzar esta posición nas negociacións.

E remato. Señorías, con este consenso apoiamos a postura do Goberno español, que nos está defendendo correctamente na procura de que a PAC siga a ser unha das prioridades da Unión Europea, cun orzamento polo menos igual ao do período 2014-2020. Repito, teño que felicitar nesta postura de forza o Goberno español, tanto á ministra Tejerina como actualmente ao ministro Planas.

En segundo lugar, con este consenso, señor Rivas, de todos nós reforzamos a postura negociadora de Galicia, o cal será de máxima importancia cando, dentro da elaboración do Plan estratéxico do Estado español, que é algo que vén determinado pola Unión Europea, teñamos que defender que se recollan as especificidades do noso territorio e tamén das nosas explotacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor González.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, non sei se isto se plantexou mal, porque a PAC non é un fin. Nós desde aquí sempre falamos da PAC non coma un fin, nós non queremos subsidios para o noso país. A PAC é un medio, e como tal, a interpelación a vostede vai aí. Utilicemos a mellor PAC posible que poidamos arrancar como medio para desenvolver. ¡É o último prazo que temos!

Non quero ser agoireiro, pero é o último prazo que temos, porque despois vén a liberalización e despois non vale volver a vista atrás, despois non vale rascar as feridas.

O decálogo. Vostede leu o decálogo, pero ¿vostede leu a recomendación, a emenda que se fixo, das dúas únicas que aceptaron vostedes no Debate do estado da Nación? Unha delas falaba da PAC, e falaba nos termos que vostede falou, pero quedan moitas cousas, moitas cousas, no tinteiro.

A forza da unidade. È o que lle pedimos, posición de país, dura. Non a tiveron. ¿Fixar po-boación fixando a renda, ou desenvolvendo o rural do país?, porque esa é a eterna dicotomía. Non podemos ter traballadores do campo adormecidos pola PAC.

Mire vostede, vostede sabe perfectamente que moitas das explotacións deste país sacan rendimento grazas a PAC. ¡Claro!, e non pode ser. ¿Nós non producimos tanto leite e tan bo leite? Pois teñen que ser competitivas, e haberá que facer que sexan competitivas. ¿Onde está o Bantegal? ¿Onde está o Bantegal? ¿Onde están as terras que están quietiñas? ¿Quen adormece os sectores que non falan?

Considerandos 20-21, páxina 21: «Á luz da crecente demanda dos consumidores de produtos vitivinícolas innovadores, cun grao alcohólico adquirido inferior ao grao alcohólico adquirido mínimo establecido para os produtos... bla, bla, bla... É necesario prever definicións de produtos vitivinícolas desalcoholizados e de produtos...» Isto está no que se quere da futura PAC. Non oín, excepto por parte de consellos reguladores onde o BNG ten algunha voz ou algunha voceciña, excepto aí, non oín reclamar voces en contra disto, ¡porque isto...! ¿Onde imos? ¿A aqueles viños de grao para que se conserven, quitámoslle grao para contentar a Europa e non sei a quen, e imos aumentarlles conservantes? ¿Imos plantar outras castes de vides para non utilizar tantos fitosanitarios e resulta que imos gastar en conservantes...? ¿De que estamos falando? ¿Estamos falando de viño ou estamos falando dunha coca-cola purrela parecida en plan vitivinícola?

Eu non entendo, non entendo quen adormece os sectores deste país que non falan, ¡que non falan, que falan en macroestruturas! Pero o debate da PAC é un debate que hai que levar abaixo, ten que emerxer de abaixo arriba, se é que queremos que o país sexa compartido por todos.

Señor conselleiro, ¡a PAC leva incidindo tanto tempo no rural!, e non incidiu positivamente, senón negativamente. Vostede dígame entonces, desde o ano que empezou a PAC a funcionar aquí, que pasou con este país. ¿Cantas explotacións cerraron? ¿Fíxose algo en serio? ¿Planificouse algo alternativo que dese vida ao rural deste país? Non, a resposta é que non. E non me valen catro denominacións de orixe, catro IXP, catro perlas ou corenta perlas. Eu quero un rural activo, ese rural que necesita este país, non cunha superficie agraria útil dun 21 %, senón cunha superficie agraria útil dun corenta e moito por cento, funcionando, dando de comer a este país alimentos de calidade e dando vida a este país. Ese é o rural que queremos e ese é o rural ao que non contribuíu nin a PAC nin as políticas do Partido Popular, e niso imos estar de acordo todos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Eu teño que dicir que con interpelacións coma esta pásame un pouco como ao presidente da Xunta cando son as preguntas, porque ás veces eu non sei que contestar, señor Rivas. Agora este último discurso penso que non ten moito que ver coa PAC. Intentareino de todas formas.

Mire, se vostede soña ese rural que todos soñamos e que todos queremos que saia adiante, ¿por que votou en contra do ditame da Comisión forestal, que recolle precisamente boa parte desas recomendacións? (*Aplausos.*) Hai 123 recomendacións para ese rural, ¡para ese rural!

Se vostede está de acordo, e o seu grupo, isto é man tendida. Se o seu grupo está de acordo co que está nese acordo que firmamos co sector, e entenden vostedes que é un acordo de mínimos e hai que meter cousas como pode ser a desalcolización ou o tema dos híbridos, veñan para aquí, non hai problema ningún, ¡firmen ese acordo con nós! Firmámolo todos. Temos máis forza, temos máis unión e imos arriba. Eu defenderei, por suposto, o tema dos híbridos e a desalcolización, de acordo tamén cos consellos reguladores galegos. Polo tanto, podémolo incorporar como un punto máis.

Cando se falou dese documento da PAC, firmouse co sector gandeiro, non se incorporou o sector do viño; pero non hai problema ningún. As cousas nas que estamos de acordo poñámo-las en común, e traslademos cara a fóra que os agricultores, gandeiros, todo o sector e todos os grupos parlamentarios galegos estamos de acordo na defensa da PAC.

Mire, demonizar a PAC e dicir que non serviu exactamente para nada, cando 26.000 agricultores e gandeiros galegos perciben todos os anos 150 millóns de euros de axudas directas, ¡home!, ¡eu penso que debería de ter un pouquiño máis de prudencia ao falar destas cousas! Porque ademais, ¿sabe o que pode pasar? Que os de Bruxelas o crean, señor Rivas, e igual non nos dan nada. A ver se por tanto dicir que é malísimo van dicir ¿para que a queren vós-tes, se aínda por encima non fan máis que dicir que non vale para nada?

Polo tanto, eu penso que Galicia ten un plan diante da futura PAC.

Eu —xa o dixen antes— deféndoo tanto en Madrid, nas preparatorias do Consello de Ministros, como en Bruxelas. Alí fala o ministro. Repito, a min non me doen prendas dicir que é un ministro socialista e fala moi ben defendendo os nosos intereses. Basicamente, isto xa máis ou menos estamos intentando conseguilo pero necesitamos o acordo de máis países.

Isto funciona así, señor Rivas e vostede sábeo ben. Na arquitectura institucional da Unión Europea falan os estados membros, eu alí non podo falar nada, teño que falar a través do meu ministro. O que defendemos é que a política agraria comunitaria manteña, como mínimo, o actual orzamento. Hai unha proposta da comisión que o reduce, pero nós queremos ir máis alá. E queremos que se contemplan as peculiaridades da nosa agricultura, pero non é o momento agora, o momento é cando se faga o Plan estratéxico.

O paquete lexislativo da PAC —xa o falei o outro día, pero recórdollo— son tres regulamentos, tres propostas de regulamento. Eu teño aquí o Regulamento do Plan estratéxico que amablemente me deixou o señor Rodríguez. Dinllo o outro día e agora deixoumo, e agradézollo, evidentemente. O considerando 55, que fala claramente do tema —xa o repetimos, pero para que nos quede claro—, di: Co fin de garantir que os plans estratéxicos da PAC teñan un investimento claramente estratéxico e facilitar a súa vinculación a outras políticas da unión, teñen que ser plans estratéxicos por Estado membro. ¡É sentido común! A Unión Europea é un club de estados, e nós defendemos o Estado das autonomías. Nós, dentro da nación española e dentro do Estado español, defendemos claramente os intereses da autonomía, pero respectando —repito— o Estado das autonomías.

Coa nova configuración da PAC, señor Rivas, pásase dunha política de considerar resultados e atender unicamente ao cumprimento do que se fixaba para cada un dos gandeiros e agricultores, a unha política de rendemento. O que di a Unión Europea é que se acerque máis a PAC ás características de cada país. E nós o que imos facer é controlar o cumprimento dese rendemento. O que lle pide a Unión Europea a cada Estado membro é que lle faga un plan estratéxico. E, a partir de aí, no que incide todo este regulamento —e pódeo ler tanto nos considerandum 55, 56 e 57 como nos artigo 93 e seguintes— é que o Plan estratéxico se ten que adecuar ás especificidades do territorio, de cada parte do territorio. Cando se estea redactando ese plan estratéxico nacional é cando nós teremos que falar co resto de comunidades autónomas, precisamente para defender as especificidades da nosa Comunidade autónoma, do noso rural.

Eu téñolle que dicir que espero que despois deste debate que tivemos, e despois de todo o que levamos falado, quede suficientemente claro que non é que a Comunidade Autónoma galega e que non é que a Xunta de Galicia non defenda un plan estratéxico autonómico, é que non pode haber Plan estratéxico autonómico. Polo que temos que loitar é para que haxa cartos da PAC en contía suficiente, e cando estean determinados os cartos que corresponden a España, teremos que loitar con todas as nosas forzas para defender as especificidades das nosas explotacións.

Polo tanto, eu —e remato xa— animo os membros desta cámara a deixar de lado as diferenzas políticas para sumarse a unha posición común de Galicia nun eido esencial para garantir o futuro do noso medio rural, como é o próximo modelo da PAC.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego da industria galega do automóbil

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día, señor conselleiro.

Como todos sabemos, a dirección de PSA-Citroën de Vigo propuxo hai uns días aos sindicatos os elementos fundamentais do Expediente de Regulación de Emprego Temporal que aplicaría a inicios de 2019, para facer fronte á baixa demanda dalgúns modelos que se fabrican nesta planta.

Plantéxase dúas posibilidades. Un ERE temporal de cen días para 800 traballadores. A outra alternativa que plantexa é suprimir unha das quendas da liña 1 de fabricación, onde se fabrican o Peugeot 301 e o Citroën CLX. Os afectados son, fundamentalmente, estes modelos afectados pola baixa demanda. Entón, o ERTE quedaría en cincuenta días para 400 operarios.

Consideramos que habería que buscar alternativas para minimizar o impacto do ERTE, tendo en conta que os traballadores da liña 1 de fabricación de Citroën levan sendo penalizados desde setembro deste ano coa sucesión de días de parada motivados pola baixa demanda dos modelos que fabrica.

Consideramos tamén que o ERTE non pode ser a única alternativa a esta situación, tendo en conta que na factoría hai 2.100 traballadores eventuais e de subcontratas. Hai que buscar solucións antes de mandar a xente para casa.

Por iso, unha posible alternativa sería repartir a carga de traballo, e non a precariedade, entre as dúas liñas de produción da factoría, tomando como exemplo aquela na que se trasladou parte da produción de furgonetas da liña 1 de produción á liña 2. Isto implicaría investimentos para adecuar a plataforma da liña 1, investimentos que a empresa parece ser que non quere facer, optando pola vía máis fácil, e prexudicial para os traballadores, como é o ERTE.

Non se fai planificación tendo en conta outros intereses que non sexan os meramente económicos, e sen pensar tamén no futuro do emprego e da propia factoría.

Por outra parte, a Xunta de Galicia non sabemos se ten avaliado como vai afectar este ERTE nas empresas auxiliares; sobre todo, nas factorías que dependen máis directamente de PSA-Citroën, aquelas que traballan case en exclusiva para eles. Segundo apuntan os sindicatos, serían, entre outras, Plastic Omnium, CIE Automotive, COPO Ibérica ou Faurecia.

Espero que o señor conselleiro nos aporte un posicionamento claro do Goberno ante este asunto, e non quede no habitual discurso compracente de que todo vai ben. Estamos acostumbrados a escoitar, tanto na comisión por parte dos directores xerais, como aquí no pleno por parte do conselleiro, que a mellor política industrial é a que non existe, como xa afirmou no seu día o ministro Solchaga, deixando toda a responsabilidade ás actuacións do mercado.

Por contra, e xa falando en xeral de todo o sector industrial, nós apostamos por unha economía e por políticas industriais proactivas, que defendan a produción material e o emprego necesario para obtela, como base que fundamenta os seus servizos públicos e os servizos destinados á venda.

Incrementar o tamaño do sector industrial vai provocar tamén efectos de arrastre positivos en moi diversas actividades do sector servizos, e é neste senso que poidamos considerar a industria como corazón do sistema económico dun país. Pero a realidade é que a tendencia no noso país é a contraria. A aportación ao valor engadido bruto da produción material en Galicia no ano 2000 era do 40 %, agora non chega ao 32 %; é dicir, perdemos oito puntos do total da capacidade de produción do noso país. Para cambiar esta tendencia hai que desenvolver políticas industriais e de innovación moito máis fortes e implicadas cos problemas que se van sucedendo. Non se poden eludir pensando que son feitos puntuais ou illados, como por exemplo o que hoxe traemos aquí, pois a inacción ante a acumulación de feitos aislados leva a longo prazo a encontrarse con problemas sistémicos, como lle pasou no seu día ao PP coa corrupción, que todos eran feitos illados e así acabamos.

A mellor proba do fracaso da súa non política industrial é a evolución do emprego. Hoxe hai 50.000 empregos industriais menos que no ano 2008. Esa é a realidade. Nunca na historia ningún goberno en Galicia tivera un balance tan negativo. Destrución do emprego que non é algo do pasado, porque a EPA recén coñecida dá un dato moi preocupante. No último ano, en Galicia volvéronse destruír 8.500 empregos industriais, mentres que no resto do Estado a industria xerou máis de 60.000 postos de traballo.

¿Como explica este diferencial tan negativo, señor conselleiro? ¿Van permitir que isto siga neste camiño, transformando Galicia nun país de servizos precarios?

E no que respecta á precariedade, os datos non poden ser máis desalentadores. Os novos contratos foron nun 91 % temporais, cun índice de rotación —é dicir, o número de contratos firmados nun ano de media por cada traballador— de 4,1, e crecendo.

Onde as estatísticas son máis demoledoras é na temporalidade total dos menores de 30 anos, que chegou ao 63,4 %. ¿Quen pode facer proxectos de futuro con estes datos? Aínda é máis desalentador o resultado do índice de produción industrial. En 2008 estabamos nun índice de 140, e no que vai de 2018, en 110; é dicir, perdemos 30 puntos na evolución histórica. Pero o problema é que nos estamos a recuperar de maneira moito máis limitada que a media do Estado. O incremento neste último ano é de 0,6 puntos no índice de produción industrial, a metade que na media do Estado. Ademais, o incremento vén marcado fundamentalmente pola aportación da enerxía, que medara en 6,7 puntos, debido non a que haxa máis produción, senón ao desaforado e inasumible incremento dos prezos.

Moi preocupantes tamén os datos coñecidos de captación de investimento exterior, con especial incidencia no sector do automóbil. DataInvex informa que no primeiro semestre de 2018 Galicia captou 32,6 millóns de euros de investimento exterior, un 0,27 % do total do Estado. Pero o máis importante é que o investimento recibido en 2018 é a terceira parte da cifra de 2017. Foron 32,6 millóns de euros captados en 2018 fronte a 95,6 millóns de euros captados en 2017. ¿Que parte destes investimentos que fuxiron de Galicia acabaron no norte de Portugal? Nós non o sabemos, imaxinamos que vostedes si.

E ante todo isto, tendo en conta o formidable cambio que vai producirse no sector do automóbil, o maior sector industrial de Galicia, nos próximos vinte anos, o maior da súa historia,

¿pensa a Xunta de Galicia vir ao Parlamento a presentarnos que proposta ten para un plan estratéxico que permita que sigamos a ser un dos líderes de fabricación dos novos automóbiles en Europa?

E agora, con permiso da Presidencia e tamén do señor conselleiro, vou empregar só un minuto nun asunto de imperiosa actualidade e enorme importancia. Deixo á súa consideración responder ou non. ¿Vai participar o conselleiro na reunión que cos ministerios e a representación dos traballadores por fin aceptou a empresa Alcoa, e parece ser que se vai desenvolver esta mesma semana ou a próxima? E, ¿vai levar algunha proposta concreta do Goberno da Xunta? Desculpas por saírme do tema pero penso que a ocasión o merece.

E volvendo finalmente ao asunto da interpelación, consideramos que a Xunta de Galicia non pode estar de perfil e ten que intervir para colaborar a que se chegue á mellor solución ante o ERTE de PSA-Citroën co menor prexuízo posible para as e os traballadores.

Por iso lle fixemos esta interpelación que vostede ten por escrito e lle preguntamos se pensa a Xunta de Galicia intervir dalgunha maneira na negociación do ERTE e instar a PSA-Citroën para chegar a unha solución cos menores prexuízos posibles para as/os traballadores. ¿Ten a Xunta de Galicia desenvolto algún estudo para tomar posición de Goberno sobre as mellores posibilidades dende o punto de vista laboral para dar solución a estes problemas puntuais da factoría? ¿Ten previsto a Xunta de Galicia instar a PSA-Citroën a facer os investimentos necesarios para dar máis flexibilidade á liña 1 de produción da factoría, para así poder xestionar mellor as variacións do mercado nalgúns modelos? E finalmente, ¿avaliou a Xunta de Galicia a posible incidencia deste ERTE sobre as empresas subsidiarias de PSA-Citroën en Galicia?

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, eu agradézolle enormemente que traia a este Pleno, a este Parlamento, o debate sobre a situación do sector da automoción e, nomeadamente, sobre a situación que está a atravesar nestes momentos PSA-Peugeot-Citroën-Opel.

Vostede traslada que este goberno fai un discurso compracente, e este goberno o que fai é presentar os datos, e a partir de aí, lóxicamente, explicar cales son as medidas, cales son as políticas e cal é a actuación do Goberno. Eu remítome, neste caso, ao informe da Asociación española de fabricantes de automóbiles e camións, que recolle como Galicia está entre as tres comunidades autónomas líderes en produción de vehículos grazas, precisamente, ao tirón de PSA-Vigo. Ademais, é un sector no que neste momento Galicia representa o 15,3 % da fabricación nacional, un de cada seis coches fábrícanse en Galicia, e levamos tres anos consecutivos de crecemento tanto en vendas como en emprego, e tamén en investimentos.

Pode escoller calquera variable do sector da automoción referida ao ano pasado e verá como o sector está facturando preto de 9.000 millóns de euros, que é a mellor cifra da última década; creou máis de 2.600 empregos, chegando ata os 20.800 traballadores e traballadoras directos despois de tres anos. Duplicou tamén o investimento, con 245 millóns de euros no ano 2017, para seguir adaptándose aos cambios da industria 4.0. E o sector está mantendo ese récord histórico en exportacións, cunha tendencia que se está reforzando no ano 2018, cun incremento do 16,4 %.

Señor Casal, son os datos. Isto non é o discurso autocompracente dun goberno, son os datos. E o que si fai o Goberno é sentirse orgulloso do sector da automoción en Galicia. Porque o sector da automoción, tanto a través da factoría PSA-Peugeot-Citroën-Opel como a través da industria de compoñentes, está convertendo a Galicia nun referente non só no eido español, no eido europeo, senón tamén no eido internacional. E ese éxito é un éxito do traballo compartido que están a desenvolver as máis de cen empresas do sector, incluído o Grupo PSA; os traballadores do sector, eses preto de 21.000 traballadores directos; o clúster Ceaga, o Centro Tecnolóxico CTAG e tamén a Xunta de Galicia.

En definitiva, hai unha folla de ruta e hai unha planificación. Non sei por que traslada a este Parlamento que non existe unha planificación estratéxica porque si existe, e non só por parte de PSA, que decidiu dunha forma creo que moi satisfactoria para todos elixir a planta de PSA en Vigo para desenvolver o seu proxecto de Industria 4.0 e desenvolver dous novos modelos nun curto período de tempo, senón tamén o labor que está a desenvolver a propia industria de compoñentes. Hoxe o sector da automoción en Galicia é sinónimo de vangarda na innovación, na dixitalización, grazas a ese esforzo colectivo de traballadores, empresas e Administración.

Temos que seguir traballando, afrontando novos retos como é a transformación enerxética, como é tamén o desenvolvemento do coche conectado, en definitiva, retos nos que estamos traballando conxuntamente entre o sector e a propia Administración.

Polo tanto, creo honestamente que a sociedade galega, nomeadamente os traballadores e as empresas do sector, poden estar orgullosas do que se está a desenvolver, porque os resultados así o están indicando e temos unha perspectiva clara de futuro tanto de curto como de medio e longo prazo.

PSA segue traballando, nos últimos días coñeceuse esa noticia de que vai fabricar unha cuarta furgoneta, neste caso para unha nova multinacional como é Toyota. Polo tanto, súmanse as furgonetas K-9, os monovolumes C4 Picasso e tamén os modelos que se están a desenvolver a través do todocamiños V20.

En definitiva, a fábrica de Citroën vai poder superar con folgura ese limiar do medio millón de unidades anuais, que é o obxectivo máis inmediato unha vez que entre en produción o novo modelo.

En definitiva, esa é a saúde do sector da automoción en Galicia, eses son os datos. O sector da automoción está na vangarda do desenvolvemento de proxectos importantes na Industria

4.0, na fábrica intelixente e no propio coche autónomo, e a propia Administración, coa súa planificación e apoio á política industrial do sector da automoción, estou acompañando.

Para poder respostarlle á súa intervención e á interpelación, é certo que si hai diferenzas entre a posición de En Marea e a posición do Goberno, lexítimas seguramente, e aí seguramente nalgúns casos é máis difícil atopar un entendemento, pero creo que noutros casos si hai posibilidades, loxicamente, de atopar ese entendemento e, polo tanto, de sumar esforzos tamén coa aportación de En Marea, porque hai espazo para que iso se poida producir.

A primeira diferenza é o respecto ás leis e ás institucións. Estamos preto de celebrar o 40 aniversario da Constitución española e nela recóllense dous dereitos que vostede, señor Casal, pola súa experiencia vital, creo que debería compartir. O primeiro é a liberdade de empresa nunha economía de mercado, e o segundo dereito que se recolle na Constitución é precisamente a negociación colectiva e, polo tanto, a capacidade de empresarios e de representantes dos traballadores para chegar a acordos. Polo tanto, o Goberno está coa Constitución, espero que En Marea tamén.

A segunda diferenza é o respecto aos acordos da maioría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Parécenos tamén moi importante, na medida en que PSA e os sindicatos maioritarios no comité de empresa, que representan o 75 % do cadro de persoal, pecharon a semana pasada —como ben sabe— a negociación sobre o expediente de regulamento temporal do emprego.

Claro que hai que traballar para que ese impacto sexa o menor posible, estamos totalmente de acordo, pero creo que deberíamos respectar ese acordo que os sindicatos valoran como positivo ao entender que se está reducindo o impacto e se dan alternativas a eses posibles afectados. Polo tanto, o Goberno, nese sentido, tamén está de acordo, espero que vostedes tamén.

Hai unha terceira diferenza importante, que é o respecto ao papel da Administración, e nomeadamente das administracións, tanto a través do traballo que se desenvolve na Inspección de Traballo como no Consello Galego de Relacións Laborais. E aí é onde hai que traballar para salvagardar, defender e impulsar os dereitos dos traballadores. Xa sexa porque houbera calquera tipo de incumprimento, e a Inspección de Traballo está precisamente para actuar nese caso, como a través do Consello Galego de Relacións Laborais, para poder dirimir calquera diferenza que poida haber entre unha empresa e os seus traballadores, e aí estamos actuando, estámolo demostrando e estamos sendo útiles para defender eses dereitos dos traballadores. Polo tanto, nese contexto é onde tamén temos que entender a actuación da Administración.

Fálame tamén vostede dos apoios da Xunta de Galicia, que non hai política industrial. Señor Casal, remítome aos datos. Primeiro a través do apoio á Industria 4.0 da Axenda de competitividade do Igape. En segundo lugar, a través da Estratexia de especialización intelixente que está a desenvolver a Axencia Galega de Innovación.

A Xunta de Galicia leva concedidos máis de 150 millóns de euros nos últimos anos a proxectos vinculados coa automoción galega. Máis de 150 millóns de euros que teñen facilitado in-

vestimentos que superan os 800 millóns de euros. Iso non é improvisación, iso é unha planificación que permitiu, por exemplo, que se desenvolvera o coche autónomo a través da colaboración de PSA, CTAG e a propia Axencia Galega de Innovación; esas 12 unidades mixtas que se están a desenvolver no eido da automoción coa participación de multinacionais como Copo, como Antolín, como GKN; en definitiva, que estamos traballando, estamos apoiando ao sector.

Polo tanto, creo que non hai ningunha dúbida, non debería haber ningunha dúbida, de que o Goberno está traballando, apoiando ao sector. Na réplica falareille tamén da formación, porque a formación é outro dos elementos determinantes, con ese primeiro plan de formación no sector da automoción. Pero, en definitiva, o Goberno está dando solucións, hai planificación, hai rigor e, sobre todo, hai acompañamento para que o sector da automoción en Galicia siga á vangarda e siga liderando os retos tecnolóxicos e os retos de innovación do sector da automoción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas pola súa resposta, señor conselleiro.

Efectivamente, os datos constatan —é unha evidencia— que temos unha moi potente industria do automóbil, e o que temos que facer é acometer e enfrontar os riscos que temos diante para que o siga sendo. Diso estabamos a falar.

Non é verdade, e vostede o sabe, que todos os sindicatos estiveran encantados co ERTE, que fora a mellor alternativa e que as condicións e a xustificación do ERTE foran correctos. En concreto —creo que son sindicatos importantes—, Comisións Obreiras, CIG e CUT opoñíanse ás condicións que plantexou a compañía. ¿Por que? Porque plantexan que a compañía soamente mira cal é a solución máis vantaxosa desde o punto de vista meramente conxuntural e económico a curto prazo para Citroën.

Eles plantexan, e vostede o sabe, que se a liña 1 de fabricación da factoría de PSA-Citroën tivera a flexibilidade e a capacidade de transformación que ten a liña 2, este ERTE non sería necesario, porque se poderían trasladar outros modelos a fabricar nesa liña 1, que é moito menos flexible á hora de tomar estas decisións. Co cal si hai outras alternativas. Eu non digo que teña que ser a Xunta de Galicia a que lle diga a PSA o que ten que facer, pero si penso que un goberno ten que ter unha opinión. A min gustaríame que o Goberno de Galicia dixera: PSA tomará as súas decisións, pero o Goberno de Galicia pensa que o que se debería de facer é isto e non isto. Penso que iso é totalmente lexítimo por parte dun goberno.

E despois, ao mellor, habería que plantexarse se é lóxico que o 85 %, como está nos orzamentos deste ano, dos investimentos da Axencia Galega de Innovación vaian soamente ao Polígono de Rozas, que, efectivamente, é un plantexamento de futuro superinteresante.

¿Pero ten e vai ter, xa non digo a curto prazo, a medio prazo, a quince anos vista, a vinte anos vista, a importancia que ten o sector do automóbil, por exemplo? Ao mellor iso hai que plantexalo e hai que xustificalo mellor. A min paréceme que si.

Evidentemente, este grupo non está en contra do punto da Constitución que fala da liberdade de empresa, evidentemente que non, pero hai que estar a favor de todos os puntos da Constitución, non coller os que máis interesan en cada momento.

Imaxino que vostede deixaba caer iso con respecto á situación de Alcoa. Pois, efectivamente, hai un punto explícito na Constitución —e non o vou repetir porque vostede o coñece tan ben coma min— que explicita... Non se dá neste sector, pero si no sector do aluminio. A fabricación de aluminio por parte de Alcoa supón o 50 % do consumo de aluminio de España, sendo monopolística. Ou sexa, xa dependemos nun 50 % de produción exterior, produción, ademais, exterior da Unión Europea, fundamentalmente dun país que non podemos dicir que teña unha estabilidade e que poida darnos unha garantía de futuro. Hai outros países que están facendo accións para non depender de maneira tan exhaustiva, por exemplo, do gas de Rusia, dada a situación dese país. Pois parece que Arabia Saudita tampouco é un país do que nos pidamos fiar a longuísimoo prazo. ¿Van depender os 60.000 postos de traballo que dependen da transformación do aluminio de que teñamos que exportar o cen por cento do aluminio primario que necesitamos? Parece que non, hai alternativas. Hai empresas transformadoras, de extrusión, importantísimas, como a de Amorebieta, por exemplo, que ao mellor estarían dispostas se o Estado —aplicando ese 128.2— estivese disposto a entrar no capital. E ao mellor de maneira provisional, ata que se encuentre unha solución definitiva no capital das factorías da Coruña e de Avilés de Alcoa. Porque si, evidentemente son estratégicas, evidentemente son monopolísticas, explicitamente o que pon o artigo da Constitución. Entón, non se pode dicir que iso é unha «ida de olla», falando así... É totalmente lóxico que un país, nun sector como o aluminio, que é un metal xa non só do futuro, senón do presente, de reciclaxe indefinida, porque sabemos que o aluminio, efectivamente, ten un consumo enerxético moi forte cando se produce como aluminio primario, pero, a partir de aí, cun 5 % da enerxía que se necesitou para produci-lo como aluminio primario, pódese reciclar indefinidamente. É o único metal que se pode reciclar indefinidamente.

Ou sexa, que se podería chegar a unha situación con economía circular efectiva e eficiente, non faría falta producir máis aluminio primario. Ao mellor, non sei cando, pero algún día.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Entón, esa industria non pode deixar de estar en España e non pode deixar de estar en Galicia. Por iso pensamos que a Constitución si, pero toda a Constitución, non a parte que lle interesa a un e non a outros.

Gustaríame que na segunda parte me contara tamén como pensa que este ERTE vai afectar as industrias auxiliares, se teñen avaliado ese impacto, e que accións pretenden desenvolver para solucionalo.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, a verdade é que ten unha capacidade enorme para plantexar diferentes sectores produtivos e sectores estratéxicos nunha interpelación sobre un concreto, que é o sector da automoción.

Efectivamente, quere falar do sector aeronáutico, quere falar tamén de Alcoa, por suposto do sector da automoción, e eu estou, de verdade, encantado de poder respostar a todas as interpelacións e preguntas que o seu grupo poida plantexar, e non lle oculto que tamén me gustaría que ese mesmo interese o trasladaran sobre outras empresas e outros traballadores. Gustaríame que me interpelase sobre Meirama e tamén me gustaría que me interpelase sobre Ence ou sobre Elnosa, porque tamén son traballadores galegos que merecen o noso apoio e merecen tamén ter un oco no sector e na política industrial deste Goberno. *(Aplausos.)*

En calquera caso, remitíndome ao sector da automoción, efectivamente, son os datos, e polo tanto é a capacidade que ten o sector da automoción para ser competitivo. Como PSA en Vigo está xerando emprego e está xerando investimentos; 650 millóns de investimentos é o que está desenvolvendo PSA-Peugeot-Citroën-Opel precisamente para adaptarse á fábrica intelixente, para adaptarse á fabricación dos dous novos modelos. Polo tanto, nese sentido o que está facendo o Goberno é apoiar ese investimento e permitir que PSA desenvolva esa planificación.

Polo tanto, o éxito que está a desenvolver o sector da automoción é un éxito dos traballadores, é un éxito dos equipos directivos, é un éxito da industria de compoñentes e é un éxito tamén dos diferentes centros tecnolóxicos, que están sabendo poñelo á vangarda e están permitindo que Galicia sexa pioneira.

A Xunta de Galicia o que fai, neste sentido, é adaptar a súa política industrial e os seus apoios a un sector estratéxico como é o sector da automoción. Polo tanto, imos seguir traballando e apoiando para que o sector da automoción siga liderando esa transformación a través da industria 4.0, a través da innovación, a través do talento, e, polo tanto, poder garantir un futuro sostible e de calidade.

O Goberno tamén valora o diálogo entre a empresa e os traballadores a través dos seus representantes. Polo tanto, o Goberno valora ese acordo sobre o expediente de regulación de emprego de PSA en Vigo, que sabe que responde perfectamente ás incertezas que nestes momentos están a trasladar mercados doutros países, e nese sentido, ese diálogo e ese entendemento entre a maioría dos representantes dos traballadores de PSA alcanzouse.

En definitiva, estamos falando nestes momentos de que Vigo é un dos principais núcleos produtivos, é un motor de crecemento, e seguiremos apoiando que a industria da automoción siga sendo máis dixital, siga sendo máis conectada, e que esteamos preparando o desafío da transición enerxética, que debe ser ordenada.

Nestes momentos, lamentablemente, a política enerxética e esa transición enerxética está plasmada dunha falta de planificación por parte do Goberno central que está xerando incertezas na industria e nos consumidores dunha forma que entendemos inapropiada, e a Xunta de Galicia seguirá —como lle dicía— apoiando o sector.

Farémolo con novas iniciativas. Faláballe do Plan de formación da automoción, que vai investir máis de vinte millóns de euros nos próximos tres anos precisamente para favorecer a formación de 9.000 traballadores no sector da automoción. A través da formación é onde temos que garantir tamén unha política industrias adecuada.

Seguiremos traendo iniciativas, e eu espero que En Marea poida apoiar esa alianza da Xunta de Galicia e dos concellos emprendedores para baixar impostos, porque iso, señor Casal, é o que permitiu que Benteler este ano estea realizando un investimento de preto de trinta millóns de euros para desenvolver unha nova fábrica aquí en Mos, e faino precisamente porque Mos é concello emprendedor, en Mos baixaron os impostos e Mos está facilitando o investimento empresarial. *(Aplausos.)* Polo tanto, precisamente aí é onde nos temos que encontrar para poder entre todos, entre todas as administracións, entre todos os grupos políticos, facer que Galicia sexa un lugar axeitado para investir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Iso significa tamén apoiar a alianza dos concellos emprendedores e tamén esa nova iniciativa —e xa termino—, a iniciativa empresarial prioritaria, que se está tramitando no Parlamento e que vai permitir reducir o prazo de tramitación á metade nos proxectos estratéxicos, nos proxectos industriais, e creo que En Marea ten unha oportunidade de novo para apoiar unha política industrial coherente, unha política industrial facilitadora e unha política industrial coa que, dende o punto de vista da tramitación administrativa, poidamos colaborar no desenvolvemento deste tipo de iniciativas empresariais prioritarias.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas, señor Conde.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta, catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e doce minutos da tarde e retómase as catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Reiniciamos a sesión, se lles parece.

Comezamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 8/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señor Rueda, seis meses de mobilizacións, vixésimo noveno venres negro, masiva mobilización en Santiago de Compostela o 8 de setembro, paros parciais e intermitentes no mes de novembro que remataron esta fin de semana e dúas convocatorias de folga de 24 horas para os días 19 e 22 de decembro. ¿Que ten vostede que dicir? ¿Que vai facer? ¿Cando vai comezar dunha vez por todas a escoitar os traballadores e as traballadoras da CRTVG? *(Aplausos.)*

Profesionais que se manifestan contra a manipulación informativa, por uns telexornais que cada día se asemellan máis ao NODO, que mesmo levou á dimisión de dous grandísimos profesionais que daban as novas. Ante esa ausencia do Consello de Informativos que tiña que estar en marcha, e vén recollido na propia Lei de medios, é o propio Comité de empresa —ao que hoxe saúdo e que está acompañándonos para asistir á súa resposta— o que está sendo o garante do pluralismo, o que está denunciando os casos de manipulación informativa. Casos que, cando se denuncian, conlevan represalias por parte da dirección da CRTVG, pero que en realidade son represalias por control remoto do señor Feijóo, que acusa e que está castigando e amedrentando os traballadores e as traballadoras que denuncian esas novas á carta do Partido Popular nos telexornais que son de todos e de todas.

Abriuse un expediente a Tati Moyano, un expediente que se pechou grazas a esas mobilizacións tremendas dos seus compañeiros e compañeiras. E xusto ao pouco tempo de pecharse, volveuse abrir un expediente, nesta ocasión a Carlos Jiménez, por uns motivos moi similares, que son os mesmos. Non é un tema de compatibilidade, señor vicepresidente, e vostede sábeo, é unha maneira de seguir amedrentando.

En realidade o que fan é manifestarse a prol da Lei de medios públicos, esa lei que leva sete anos sen cumprirse. Unha lei que garante o pluralismo e a obxectividade dos nosos medios de comunicación; que promociona a nosa lingua e a nosa cultura con esa produción propia que segue minguando. O que están facendo, en realidade, é manifestarse por uns medios públicos de comunicación que sexan veraces en aras da súa profesionalidade. E temos que agradecerlles estas mobilizacións porque, en realidade, estano facendo polo dereito á información de todos e de todas as galegas.

A pregunta que lle queremos facer hoxe dende o PSdG é moi clara, señor vicepresidente: ¿vai seguir vostede e o seu Goberno mantendo intervidos os medios de comunicación públicos desta Comunidade Autónoma? ¿Ou van comezar a cumprir, dunha vez por todas, a Lei de medios?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, vostede, por unha banda, denuncia que o Goberno intervén no día a día da Compañía da Radio-Televisión de Galicia en todo o que ten que ver co seu funcionamento, dende a cousa máis pequena ata a cousa máis grande. Por outro lado, á parte de denunciar esa intervención dicindo que non deberíamos intervir, vénme preguntar que cando vamos intervir para acabar con todo isto que precisamente está motivado pola nosa intervención? ¿Dáse conta da contradición absurda? ¿Dáse conta de que seguen sen entender, por moitas veces que eu, cumprindo coa miña obriga —¡faltaría máis!, e dígollo sempre que veño aquí responder estas preguntas— voulle dicir sempre o mesmo: a Compañía de Radio-Televisión de Galicia é unha compañía independente, non depende do Goberno, ten as súas propias normas e ten aquí, no Parlamento, unha comisión de control específica, na que estivo, por certo, o director hai cinco días. Vostede xa tiña formulada a pregunta, xa tiña formulados os argumentos, e déronlle igual as explicacións que veu aquí dar o director, que é quen ten que dalas e onde ten que dalas.

Polo tanto, mentres siga pensando que nós temos que intervir e, ao mesmo tempo, denuncie que todos os problemas son de que intervimos, na súa propia contradición vaise seguir perdendo e a nós non nos vai atopar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra para o turno de réplica a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Eu xa lle preguntei o outro día, señor Rueda, ao director da CRTVG, e lévao facendo o meu grupo en numerosas ocasións. Pregúntolle a vostede porque, segundo esta deputada e este grupo ten entendido, a Secretaría Xeral de Medios depende do seu departamento. (*Aplausos.*) A Secretaría Xeral de Medios está exercendo un control férreo (*Aplausos.*) da dirección e está amedrentando os traballadores e as traballadoras. (*Aplausos.*) E ese departamento depende de vostede, señor Rueda.

Incumprimentos da lei. Mire, non teño tempo para lerrlos todos. Artigo 5, obriga de servizo público. Non se garante o pluralismo. Artigo 23, nomeamento do director xeral —témoslle repetido en numerosas ocasións que ten que ser por acordo parlamentario—. Artigo 27, Consello Asesor. Artigo 33, contratos-programa que non existen. Artigo 36, estatuto profesional e Consello de Informativos que non existe. Artigo 39, acceso ás autoridades audiovisuais. Artigo 48, control parlamentario do contrato-programa —que non existe, co cal non se pode desenvolver—. Disposicións transitorias cuarta e quinta. ¡Ata as disposicións transitorias desa lei están incumprindo —repito—, que leva sete anos en vigor.

Mire, señor Rueda, vostedes, que apoian os seus fillos políticos de VOX, xunto co Ku Klux Klan e coa señora Le Pen, dicía hoxe o seu secretario... (*Murmurios.*) ¡Non se alporicen! Están apoiando a mesma persoa que está apoiando o Ku Klux Klan (*Aplausos.*) e que está apoiando a extrema dereita da Unión Europea. (*Aplausos.*)

Hoxe dicía o secretario xeral do seu partido, do Partido Popular a nivel estatal, *que está dispuesto a estudiar la petición de VOX de cerrar Canal Sur.* Pechar Canal Sur, imaxina este Grupo Socialista, señor Rueda, para montar Canal Ultra Sur, (*Risos.*) que é o que están facendo. (*Aplausos.*) ¿Cal é o problema? Que vostedes aquí non necesitan que ninguén lles pida que desmantelen a CRTVG, xa o están facendo vostedes por si mesmos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Blanco, a que se alporiza é vostede, (*Risos.*) e bastante, que é o que soe pasar cando non se ten razón e cando non se teñen argumentos. Entón, alporízase, vostede ía *in crescendo* e, ao final, acabou como acabou.

Pero mire, diga o que diga, a situación non vai seguir cambiando respecto do que lle digo pleno tras pleno, cando —insisto— cumprindo coa miña obriga veño aquí contestar as preguntas que teñen que ver coa compañía, que non depende do Goberno, ¡non depende do Goberno!

Mire, voulle ler unha cousa que ao mellor lle soa. Un informe pagado con cartos públicos antes do ano 2009 —entre o ano 2005 e o ano 2009—, supoño que levaría moito tempo elaboralo e, dende logo, valeu cartos —insisto, cartos públicos—. O informe e as conclusións dicían: «A situación é a seguinte: o PSdG domina a Radio Galega e a Dirección Xeral da Compañía, para o Bloque queda a Televisión de Galicia. E, a partir de aí, hai un reparto equitativo...» —e cito textualmente— «...en cascada, sobre os xefes de informativos e xefes de programación, o cal leva a que a situación sexa certamente delirante». (*Murmurios.*) (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Se quere, pásolle o informe. Nótase que non o ten, porque se non sabería que é da súa época (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) e agora iso acabouse. Hai unha compañía independente que ten os seus órganos de control que están neste Parlamento. É unha mágoa que vostede lle dea tan pouco valor... (*Aplausos.*) ¡É unha mágoa que vostede lle dea tan pouco valor á función deste Parlamento e ao control que ten que exercer. Non me estraña que, se non valora o que fai o Parlamento, pretenda que o faga o Goberno. Pero o Goberno si que valora o Parlamento, é aquí é onde ten que estar o control.

Por moito que vostede sinale, por moito que vostede se enfade, a situación non vai cambiar. Ese control, recoñecido polos propios informes que vostedes pagaban, acabouse, afortunadamente para a democracia. ¡Iso si que era democracia!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa rexeneración da ría do Burgo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Sendo neno, lembro de ir co meu pai á estación, ao tren correo en Baamonde, mercar berberechos ás peixeiras da Cruña —diciamos daquela—, que ían no segundo ou terceiro vagón; medio cento, 2 reás, e un cento, 1 peseta, e comiámoslos crús. De seguro eran da ría do Burgo, o paraíso perdido que debemos recuperar.

Señora conselleira, desde o BNG sentimos solidariamente —con moitos coruñeses e coruñesas— que a historia da ría do Burgo é a historia dun desatino e dun esquecemento interesado; ou, o que é máis grave, a inacción cómplice de sucesivos gobernos.

Os cerca de dous mil postos de traballo e a actividade económica que xeraba, aló van. Digamos que a empresa máis grande da Coruña fixo varios ERE consecutivos e nos últimos tempos está ameazada de peche. Nada que dicir. O proxecto definitivo está sen publicar. e, ¡xa se sabe!, mentres non se publique, non hai orzamento. E mentres, asistiremos a unha liorta interesada, debatendo sobre un orzamento que sairá do carto público e que, polo tanto, a liorta é de peso político, non doutra cousa; é de peso político de Galicia, de dar un puñetazo sobre a mesa. Ou, o que é o mesmo, de facer valer o peso deste país, de exixir os parlamentarios nados aquí, de presionar por parte dos partidos de obediencia estatal para que se diga basta e se orce convenientemente o dragado para comezar o regreso á posición ambiental que nunca debe perder.

Na Xunta están descansados porque cren que teñen os deberes feitos, e non é así. Teñen responsabilidade do atraso da documentación preceptiva; teñen atraso na orzamentación; teñen tantos atrasos que aínda non saíron da estación. E mentres ollan para outro lado, a saúde da ría vai a peor, apenas cen mariscadores e mariscadoras sacan algo dela; menos do 18 % da actividade extractiva dos últimos anos. Tal é a desatención, que nin teñen un local decente para se cambiaren.

Unha vez máis, e cunha soa deputada, o BNG volveu poñer o dedo na chaga. Vaise reabrir na eurocámara o informe de 2013 sobre as rías galegas, nomeadamente a de Vigo e esta do Burgo. ¡Curioso!, co voto en contra do PP. Aclárense, ¿están a favor ou en contra da ría do Burgo e da recuperación da súa saúde? ¿Ou teñen medo a que aparezan as desatencións, incompetencias e demais culpas?

Nun país cun goberno civilizado, a factoría da ría do Burgo estaría xa operativa hai anos, convertida nunha fonte de riqueza económica e medioambiental. Porque todo o ecosistema, toda a riqueza que atesoura a área, é competencia do Goberno galego, tamén a actividade marisqueira; pero, unha e outra vez, van a menos.

Señora conselleira, ¿teñen pensado facer algo desde a Xunta de Galicia a prol da ría do Burgo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra por parte do Goberno a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Rivas, eu agradézolle que traia esta pregunta no día de hoxe. Dende logo, para a Xunta de Galicia a protección e a mellora da calidade das augas de todas as rías é unha prioridade. E estamos volcados, estivemos volcados e seguimos volcados co saneamento de todas as rías, tamén a ría do Burgo. É unha prioridade o bo estado da calidade das augas das rías e garantir a actividade marisqueira. Dende logo, tamén pensamos en todos os profesionais do sector e nos profesionais do mar. E volcados, e non atrasados, senón volcados —como estivemos e como estamos—, con investimentos e con traballo intenso, señor Rivas. E colaborando e apoiando os concellos, dentro das súas propias competencias, no saneamento e depuración.

Dende hai moito tempo, primeiro xa cun Plan de saneamento local. No Plan de saneamento local investimos 1 millón de euros, detectando a diagnose clara dos problemas, analizando palmo a palmo a rede de saneamento, vendo onde están os puntos críticos e os problemas. Moito traballo, intenso, importantísimo, e identificando as actuacións prioritarias e necesarias para emendar de forma integral toda a problemática relacionada co saneamento, coas augas residuais e coas augas pluviais nas rías.

Non é este o único ámbito no que estamos a actuar, senón que tamén facemos un control de seguimento de todos os puntos de vertido. Temos un Plan de control de vertidos. Fixemos 1.200 campañas de inspección de saneamento na ría da Coruña e na ría do Burgo, identificando os puntos de vertido e axudando os concellos a emendar estes puntos de vertido. Foron máis de 600 puntos de vertido emendados. Polo tanto, eu creo que nada de atraso, senón aposta polo saneamento da ría do Burgo, traballo, investimentos concretos

para o bo estado ecolóxico. O certo é que o último exemplo polo que velamos polo saneamento da ría do Burgo é a paralización parcial —que coñecemos no día de onte— duns vertidos que coñecemos na praia de Santa Cruz, porque velamos pola calidade das augas das nosas rías.

O Goberno galego levamos investidos 100 millóns de euros na ría do Burgo, dende a Xunta de Galicia. Contribuímos tamén ao financiamento dunha depuradora de interese xeral do Estado, a depuradora de Bens, con 20 millóns de euros. Polo tanto, financiamos integramente proxectos esenciais para mellorar a calidade das augas, dende os que podemos ver as competencias compartidas cos concellos: saneamento e depuración, proxectos esenciais, estación de bombeo de augas residuais no Temple, Ponte Pasaxe e Bastiagueiro, colectores xerais en Cambre, rede de abastecemento e saneamento.

¿As últimas obras? Tanque de tormentas en Santa Cruz, 3 millóns de euros; optimización dos bombeos do Temple á Pasaxe e un sifón na Pasaxe, 2 millóns de euros. E tan importante é facer obras como explotalas, compartirá comigo. Polo tanto, implicación, traballo, investimentos, máis de cen millóns de euros por parte da Xunta de Galicia no saneamento da ría do Burgo.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Señora conselleira, 100 millóns de investimento pero a ría do Burgo vai a menos e os lodos non merman. E antano, hai tres anos eran 200 mariscadores e mariscadoras, hoxe son apenas 100.

Vostede cre que non hai atrasos e fala de 100 millóns de euros na ría. Eu dígolle, son 100 millóns de euros metidos en saneamento obrigatorio de poboacións que teñen que ter todas as poboacións deste país, e que non teñen. Vostede arrima neste momento a sardiña onde lle interesa.

Vamos ver, esta determinación que agora amosan cando se fala da ría do Burgo a xeito daqueles golpes de peito que se daban na igrexa —golpes de peito farisaicos—, non os mostraban nos anos de don Mariano. Don Mariano que soamente se acordaba de Galicia cando viña a San Ginés a veranear. Agora si, agora toman esa determinación absoluta.

Mire vostede, a ría do Burgo vai ser oída en Bruxelas porque vai ir a ría do Burgo a Bruxelas, cousa que vostedes non levan. Nós, cunha soa voz, xuntamos as voces dos afectados e chegarán alí. E de alí virán multas, e virá o que teña que vir, para facelos andar a vostedes, porque vostedes non andan se non é con presións.

E esta élle a historia da ría do Burgo, e esta élle a historia do desatino máis grande que temos na provincia da Coruña desde que eu teño uso de razón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Eu creo que debería saber vostede que as competencias en saneamento e depuración, e tamén de abastecemento, son competencias municipais, lei de bases de réxime local. E a obriga de Augas de Galicia é colaborar técnica e financeiramente porque así está na Lei de bases de réxime local e nas leis correspondentes.

Pero, en calquera caso, vostedes din e non traducen logo en feitos o que vostedes din. Van a Europa pedindo solucións para sanear a ría do Burgo, e cando lles toca actuar sobre o terreo, non fan nada do que din. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A ría de Pontevedra, ¿que lle pasa á ría de Pontevedra? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pasan olímpicamente da depuradora; teñen unha rede de colectores no concello de Pontevedra con deficiencias importantísimas — máis de cen deficiencias— que non sanean; non deixan de poñer atrancos para perpetuar os problemas na ría de Pontevedra, onde tamén hai moitísimos profesionais do mar. No concello de Moaña hai vertidos que non subsana o concello, que ten as competencias en materia de saneamento e depuración e seguro que cobra unha taxa de alcantarillado. O concello de Bueu non encende o tratamento terciario, os raios ultravioleta, e, polo tanto, os parámetros microbiolóxicos nas zonas [...] da ría de Pontevedra teñen o seu risco. Concello de Bueu, que gobernan vostedes. Polo tanto, fai o que eu digo, pero non fagas o que eu fago. Ese é o seu lema, señor Rivas.

En calquera caso, predicamos co exemplo, con investimentos, con traballo, con planificación, e sabendo tamén —volvo insistir— que tan importante é executar obras como explotacións e mantelas en boas condicións. Eu supoño que isto tamén o compartirá comigo.

A nosa responsabilidade dentro das competencias que marcamos no Plan de saneamento local, nas obras de saneamento e depuración, augas residuais e pluviais, completámola o pasado mes de novembro coa posta en servizo do sifón na ría, optimizando os bombeos de O Temple e A Pasaxe, que conducirá as augas á depuradora de Bens. Polo tanto, culminamos un proxecto ambicioso de saneamento de augas residuais e de augas pluviais na ría do Burgo, polo tanto, saneamento e control de augas residuais grazas a 100 millóns de euros destinados a ese saneamento que culminamos cun traballo intenso, volcados, con grandes investimentos e tendo resultados, señor Rivas, tendo resultados. Porque melloramos a calidade das augas; logramos diminuír a contaminación; a totalidade da ría do Burgo é zona B, mentres que cando gobernaban vostedes era zona C. E sabe o que significa zona C. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No ano 2006, gobernaba o Bipartito, era zona C, polo tanto, impedía extraer marisco de xeito directo. Agora é zona B, polo tanto, mellorou; e seguimos investindo na ría do Burgo.

Eu agardo que teña continuidade a través do Estado, que ten as competencias; a rexeneración do litoral é unha competencia estatal. Agora lle toca ao Estado exercer as súas competencias. (*Murmurios.*) Agardo ter unha reunión o próximo 15 de xaneiro que nos concrete previsións, para que asuma as súas propias competencias o Estado.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os traballos para a posta en marcha da 2ª fase do Plan de transporte público de Galicia no ano 2019

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, conselleira.

Ao comezo desta lexislatura, o Goberno galego comprometeuse a que esta sería a lexislatura do transporte en Galicia, tanto na reordenación do mapa de liñas de autobuses como tamén mediante o impulso das infraestruturas necesarias. Nestes últimos tempos, é ben coñecido que gran parte do traballo realizado pola súa consellería se centrou na modernización do transporte de viaxeiros por estrada, e, ao longo do pasado ano, a Consellería levou a cabo un intenso traballo de planificación co obxectivo de garantir o servizo de transporte a todos os galegos, especialmente tras as renuncias de certas empresas a seguir coa prestación do servizo, pero tamén encamiñado a reforzar e ofrecer unha mellor cobertura territorial, fundamentalmente no rural, porque o Partido Popular e a Xunta de Galicia senten orgullo da Galicia urbana, pero tamén orgullo do rural.

Especialmente, todo isto hai que mencionalo despois da Sentenza do Tribunal Supremo 1067/2016, que deu lugar a que o Goberno respondera de forma exemplar —e nisto quero felicitala a vostede e á súa consellería, e especialmente á Dirección Xeral de Mobilidade—, reaccionando cunhas medidas, por exemplo, na Lei de medidas urxentes, a Lei 10/2016, porque despois disto, en xuño de 2017, a Xunta de Galicia atopouse cunha folga de transporte con todo o sector en contra das novas concesións, e con oposición especialmente ao transporte escolar compartido.

As empresas, como é lóxico, defendían o seu beneficio económico e o seu interese privado, pero a Xunta —como non podía ser doutro xeito— defendía o interese social dos galegos, dos usuarios especialmente, e tamén dos traballadores destas empresas. E aquí hai que dicir que había partidos na oposición que neste caso estaban coa empresa, non estaban cos traballadores nin cos usuarios. Pero hai outras modalidades en partidos da oposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Noutros casos si que están cos traballadores, como por exemplo o caso de Alcoa, do cal nos felicitamos; pero hai unha terceira opción tamén, que os partidos da oposición ás veces están en contra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Ogando. Silencio. (*Murmurios.*) Silencio.

O señor MOREIRA FERRO: Hai unha terceira opción, tres modalidades, a terceira é que ás veces están tamén en contra das empresas e dos traballadores, como é, por exemplo, o caso de Elnosa, o caso de Meirama ou o caso das Pontes. Polo tanto, como se pode ver, señora conselleira, hai partidos que presentan unha propiedade física singular, que é a súa elasticidade; dependendo do problema, adoptan unha posición ou outra ou cambian de camiseta, ¿non? E hai que dicir que a maior elasticidade, (*Murmurios.*) a maior maleabilidade, menor credibilidade ante o pobo galego.

Señora conselleira, recentemente, o pasado 16 de febreiro, o Goberno galego anunciaba xa a licitación dos estudos correspondentes a unha segunda fase do Plan de transporte público de Galicia, cun investimento de 2,7 millóns de euros, co obxectivo de que Galicia teña, a finais do 2019, un servizo de transporte moderno e acorde ás necesidades reais dos cidadáns.

Polo tanto, a miña pregunta consiste en que nos explique como están a avanzar os traballos para a posta en marcha da segunda fase do Plan de transporte público de Galicia para o ano 2019.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

Ten a palabra, por parte do Goberno, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do pasado xoves 29 de novembro, aprobaba o Plan de transporte público de Galicia, que renovará por completo todo o mapa de liñas de transporte que se van implantar de forma progresiva no ano 2019; unha aprobación por parte do Consello da Xunta despois dun inmenso traballo de campo que se veu realizando nos últimos meses coa licitación que comentaba vostede, dos primeiros estudos de apoio técnico a todo o persoal da Dirección Xeral de Mobilidade, e unha aprobación que fixemos despois da aprobación definitiva e o informe favorable preceptivo do Consello Galego de Transportes, onde están todos os axentes sociais e tamén está o propio sector do transporte.

Estamos a falar dun plan aprobado que será o documento no que se rexerá a 2ª fase do Plan de transporte público de Galicia. Imos aproveitar ao máximo a oportunidade única que nos dá a caducidade de todas as concesións de transporte —polo tanto, unha oportunidade sen precedentes— para modernizar e para renovar todo o mapa de liñas de transporte no ano 2019. Un transporte público máis sustentable, eficiente e máis adaptado á realidade e ás necesidades de Galicia; un transporte público con futuro; un transporte público útil para os cidadáns, sostible dende o punto de vista do medio ambiente e tamén viable dende o punto de vista económico, é dicir, que teña realmente futuro. Apostamos por tres liñas básicas de ac-

tuación: fomento da mobilidade sobre todo en termos de igualdade, seguridade, pero tamén calidade; potenciar o transporte público e favorecer a intermodalidade e a accesibilidade.

Para isto contamos con ferramentas eu diría que valiosas. A experiencia que nos deu a 1ª fase do Plan de transporte público; a tranquilidade das novas modalidades que están funcionando, o transporte á demanda e o bus compartido; e tamén o inxente traballo que levamos facendo xa no último ano, de diálogo, colaboración e concertación con todos os axentes implicados.

En agosto de 2017, como sabe, implantouse a 1ª fase. Conseguimos que Galicia non quedara nin un só día sen transporte. Puxemos en marcha dúas modalidades: como o transporte compartido, aproveitando as prazas baleiras do transporte escolar con plenas garantías para os escolares e incrementando un 33 % o número de acompañantes; ou o transporte á demanda, para que non circulen autobuses baleiros. Dúas modalidades que, dende logo, atenden moitísimo mellor o rural e que teñen dado cifras realmente positivas.

Unha primeira fase, na que se incrementaron os quilómetros un 37 %, tivo un alcance importante; 800 liñas e máis de 10.000 paradas. En 16 meses, balance positivo. Incremento de viaxeiros, un 2,5 %, 6,3 millóns de euros. Transporte compartido, máis de 200.000 viaxeiros usuarios e sen unha soa incidencia. Transporte á demanda, 3.000 peticións de servizo.

Polo tanto, abordámolo coa tranquilidade dos datos e co aval tamén dos datos da experiencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Grazas, señora conselleira.

Celebramos ese balance positivo da xestión do transporte, porque —como vostede acaba de dicir— non houbo nin un só día sen servizo de transporte e ademais traballaron para garantir os empregos aos centos de traballadores desas empresas que renunciaran as concesións. Todo isto demostra que dun problema se pode sacar unha oportunidade; unha oportunidade para transformar, para modernizar e para ampliar o servizo de transporte en Galicia.

Na réplica pídolle que nos aclare ou nos avance dalgún xeito previsións de datas para a implementación desta 2ª fase, e tamén saber en que medida vai seguir afondando a Consellería na participación. Eu creo que unha cuestión a resaltar en todo este proceso é a participación de todo o sector, de todas as partes implicadas, porque cremos que é importante para acertar en lograr un servizo de transporte, un sistema de transporte, que atenda e satisfaga á maior parte posible das demandas dos galegos.

Tamén nos falou de que se fixeran enquisas aos concellos, que é moi importante neste proceso de participación. E falando de concellos, xa tratamos aquí, no pasado pleno, que é importante que Pontevedra e Ferrol (*Murmurios*.) cumpran cunha petición saída deste Parlamento de Galicia. Porque cremos que os veciños de Pontevedra e os veciños de Ferrol tamén teñen dereito a ter un transporte urbano, e non hai ningunha explicación razoable para todos estes veciños de Pontevedra e de Ferrol para dicirlles que eles non teñen os mesmos dereitos que o resto de veciños das cidades galegas. Teñen dereito a un transporte urbano, e eu agardo, señora conselleira —porque este é o momento acaído—, que estes dous concellos poñan en marcha ese servizo de transporte urbano e que coincida coa implementación desta segunda fase do transporte público de Galicia, porque así gañaremos todos e gañarán especialmente todos estes veciños que, hoxe por hoxe, están discriminados co resto de veciños das cidades de Galicia.

Por outra banda, quero tamén resaltar, señora conselleira, que hoxe mesmo votamos unha proposición na que o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...pedía que se potencie o servizo de transporte á demanda, que creo que tamén é moi importante para o rural de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, pois o certo é que estamos realizando un traballo inmenso de participación, de diálogo, de gran magnitude. Sometemos o primeiro documento de bases do Plan de transporte público de Galicia á información pública; foi o primeiro proceso, ademais, de participación pública. E someteremos tamén á información pública os proxectos de explotación nos que estamos volcados, traballando e elaborando para sometelos á seguinte información pública entre xaneiro e febreiro, para poñer en servizo entre o mes de agosto e o mes de decembro os novos servizos.

Polo tanto, un traballo de participación e de diálogo importante, cun exhaustivo traballo de campo analizando as necesidades, e, dende logo, para atender da mellor forma as demandas.

A colaboración cos concellos parécenos esencial, por iso realizamos enquisas e entrevistas; tamén a información dos centros sanitarios, dos centros de ensinanza, por iso realizamos miles de enquisas e consultas aos usuarios en paradas de autobús, en estacións de autobuses, en centros de atracción de demanda como poden ser os polígonos industrias etc. O certo é

que se contactou con todos os concellos. Bueno con todos os concellos menos un, que non quixo saber da enquisa nin contestala.

En calquera caso, entrevistas e xuntanzas con 312 concellos que quixeron participar, e agora máis que nunca temos en gran detalle todo analizado, e tamén analizado todo o que opinan dos centros de atracción de demanda.

Preto de 1.000 consultas aos centros de atracción de demanda, enquisas a preto de 25.000 cidadáns; nunca en Galicia se fixera unha enquisa tan importante. O certo é que esas enquisas reflicten datos interesantes. Máis non, pero preto do 70 % dos concellos móstranse a favor do transporte compartido, e case o 60 % a favor do transporte á demanda. Tres de cada catro usuarios consultados son favorables do bus á demanda, do bus compartido.

Polo tanto, temos —grazas a ese gran traballo de campo, a ese inmenso traballo de campo feito— unha composición de lugar afinada, con información útil e valiosa para a elaboración dos proxectos de explotación. A segunda fase o certo é que ten un gran alcance. Hai 1.500 liñas, máis de 30.000 paradas, máis de 100.000 horarios.

Agardamos realizar este mapa de transporte en catro niveis de liñas de transporte, autonómicas e intercomarcais, comarcais e liñas municipais, que poden ser rurais e urbanas. Dende logo, é importantísimo que o Concello de Ferrol e o Concello de Pontevedra atendan a súa obriga legal e implanten o seu transporte urbano.

Queremos e traballamos por un transporte eficiente. Imos ampliar o transporte á demanda. Imos ampliar este ano o transporte compartido. Imos facer un acceso igualitario, cunha tarifa homoxénea, e estender as vantaxes do Plan de transporte metropolitano coa Tarxeta Xente Nova, menores de 19 anos, e transporte interurbano gratuíto en toda Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para revertir o incremento do número de persoas falecidas nas estradas de Galicia no ano 2018

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe traemos unha pregunta motivada polo alarmante incremento da mortalidade nas estradas galegas; unha cuestión que atinxe a toda a sociedade no seu conxunto e que interpela

dunha maneira máis importante a Administración, que ten a responsabilidade de liderar o traballo pola seguridade viaria.

A pregunta está rexistrada tralos datos negativos do pasado verán, pero a día de hoxe a alarma é aínda maior, marcando tendencia neste incremento. Mesmo este outubro foi o peor mes dos últimos sete anos nas estradas de Galicia, con 17 vítimas mortais, cifra á que non se chegaba dende o 2011; e este novembro pasado tamén se duplicaron as mortes nas estradas do novembro anterior.

A día de hoxe, atopámonos co dramático dato de que xa van 97 persoas mortas nas estradas galegas, 27 persoas máis que en todo o ano pasado, o que supón un incremento dun 37 % neste momento, a falta aínda dun mes para rematar este ano. Esta situación coloca a Galicia moi por riba da media do Estado en canto a persoas mortas por violencia viaria, e consolida o estancamento de Galicia no obxectivo de reducir a mortalidade, aloxándonos moito dos obxectivos europeos de redución da mortalidade nas estradas.

A situación de alarma —que supoño que é compartida e non nos acusará de alarmistas— resposta a que dos tres anos nos que está en vigor o Plan galego de seguridade viaria 2016-2020, dous deles, 2016 e 2018, son terriblemente malos, e estancan a Galicia no avance da estratexia europea, rachando cunha tendencia positiva de trece anos.

A situación de alarma, supoño que compartida, responde a que os terribles datos do 2018 veñen despois de cinco trimestres de redución de mortos, rachando tamén esta tendencia positiva que se daba dende o mal ano 2016, que podería quedar nun mal ano se este ano non volvera ocorrer o mesmo, o cal demostra que é unha tendencia e que hai un estancamento.

Compartiremos todas que na seguridade viaria tense que involucrar toda a sociedade no seu conxunto, e compartimos tamén que a seguridade viaria é unha prioridade da Administración, que debe poñer todos os medios que teña ao seu alcance.

Dende a Administración tense que poñer o foco no factor humano, con campañas de concienciación, sensibilización, na educación viaria nas escolas, ademais de campañas de vixilancia de tráfico centradas no factor de velocidade e distraccións ao volante —o uso do móbil fundamentalmente, que é un dos principais motivos agora mesmo— e tamén no estado das estradas, das infraestruturas, e dos vehículos.

Nós entendemos que en todas estas cuestións non se ten feito suficiente e pódese facer moito máis. Faltan campañas de sensibilización; a educación viaria nas escolas faise moi tibiamente; o estado dos vehículos non é o máis axeitado coas políticas de precarización das maiorías e coa falta de axudas; as estradas non están en bo estado en Galicia e non se fai todo o que se pode facer en medidas de seguridade viaria.

Pero o que máis nos preocupa desta situación é que non se ven, por parte da Xunta de Galicia, visos de emenda con todos estes datos, e diante do fracaso do Plan 2016-2020 non vemos que a súa consellería tome ningunha medida nin que anuncie ningún cambio; vemos un tremendo inmovilismo, e nestas cuestións o inmovilismo custa vidas.

Polo tanto, facémoslle unha pregunta moi concreta e moi clara: ¿que vai facer o Goberno para mudar esta realidade? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogado.

Por parte do Goberno ten a palabra a consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Voulle contestar unha pregunta que xa lle formulou o director da Axencia Galega de Infraestruturas. Eu intentarei aclarar, pero o certo é que eu sospeito que este repentino interese é como consecuencia do discutible papel que tivo con ocasión de debater os orzamentos, facendo alusión aos informes das empresas construtoras para pedir que investiramos máis. Ese discutible papel que tivo no debate dos orzamentos fai que agora teña ese repentino interese para falar «en serio» da seguridade viaria.

En calquera caso, eu agradézolle a ocasión que me dá para falar deste asunto que para nós é prioritario, o dos accidentes nas estradas. Cada vítima é un drama. A evolución do ano 2018 por suposto que non é boa, a do último mes de novembro non é boa. A do 2017 si que foi un dato positivo, pero a do 2018 non é boa, e estamos preocupados pola sinistralidade do ano 2018. Vimos insistindo e traballando dende hai moito tempo, e insistímoslle ultimamente á Delegación do Goberno en reiteradas ocasións pedíndolle a convocatoria da Comisión autonómica de Tráfico e Seguridade Viaria para avaliar a situación e adoptar medidas oportunas; unha reunión na que está a Administración xeral do Estado, a Xunta de Galicia, as administracións locais, as deputacións... Celebrouse, por fin —despois de insistir—, o pasado 7 de novembro e puxéronse en común moitísimas cousas, coa preocupación do incremento do 32 % das vítimas mortais nas estradas galegas. Propostas, medidas e solucións que queremos para atallar este problema neste ano. O certo é que os datos que contrastamos apuntan a factores concorrentes pero, dende logo, preocupantes: distraccións ao volante, principalmente o móbil; exceso de velocidade; non levar o cinto de seguridade —foron 22 persoas este ano 2018 que non levaban o cinto de seguridade—; alcohol e drogas. Son datos concorrentes —eu diría que sobre todo preocupantes— que suxiren un certo relaxamento nas normas de condución.

Temos que reflexionar, e as administracións temos que adoptar medidas para liderar. Reducir a accidentabilidade é un traballo conxunto de implicación e concienciación. Temos un plan de seguridade viaria que está vivo; reforzar e intensificar as medidas, pero o certo é que levamos moito tempo traballando, non agora que o di vostede. Fala vostede de medidas de educación e concienciación. ¡Claro que si, sempre o dixen! Máis concienciación e máis educación, non informes das empresas construtoras. (*O señor Cal Ogado pronuncia palabras que non se perciben.*) Menos informes de empresas construtoras e máis concienciación e información.

¿Quen puxo en marcha a campaña «O corazón está no teu lado»? Esta consellería. ¿Quen puxo en marcha a campaña «Metro e medio»? ¿Sabe cal é? Esta consellería. ¿Quen puxo campañas

de distracción ao volante? Esta consellería. Polo tanto, levamos traballando moitísimo tempo. Menos informes de empresas construtoras, máis concienciación e máis educación.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Non respostou absolutamente a nada, non dixo que van facer. É evidente que os datos din que o que se está facendo non é positivo. Está morrendo máis xente nas estradas, señora conselleira. Non pode dicir que están facendo, que están facendo, que están facendo. Terá que dicir: teremos que buscar que temos que facer a partir de agora para mudar esta realidade, que é o que eu lle estou preguntando.

Nós traemos esta pregunta porque estamos preocupados diante desta alarma: un estancamento na redución de mortes, despois de trece anos de tendencia negativa, e o incremento este ano nun 37 % cando falta un mes para rematar. Por iso traemos esta pregunta, non por ningunha outra cuestión, como di vostede.

Nós, a diferenza de vostede, traemos as cuestións cando son importantes, non como fixo vostede, que veu comparecer para falar do Plan de seguridade viaria 2016-2020 o mes seguinte a que saíra o informe de Tráfico que dicía que Galicia lideraba o descenso de mortalidade nas estradas. Veu comparecer vostede aquí ao mes seguinte para presumir de números, e agora que está morrendo moita máis xente, que se están incrementando os datos, vostede non dá a cara, e vén vostede agora aquí a dicir que están facendo, que están facendo, que están facendo.

¿E logo por que saen estes datos? ¿Que están facendo vostedes mal? ¿Cantas campañas fixeron este ano de non utilización do móbil ao volante? ¿Cantas fixeron? Porque é un das principais motivos de mortalidade. ¿Que están facendo vostedes a ese respecto? ¿Fixeron algo a ese respecto?

¿Que están facendo vostedes coas estradas de Galicia? En Galicia contamos co punto de autovía con maior sinistralidade, o mesmo nas estradas, o maior número de puntos negros nas estradas de competencia estatal. Temos un montón de vías que son perigosas, que pasan por núcleos moi poboados e teñen moitísima sinistralidade, e vostedes non están facendo absolutamente nada.

A semana pasada, nesta comisión da que fala vostede, a oposición levou tres iniciativas nas que intervín eu, que foron sobre a PO-331, a PO-308 e a PO-841. As tres eran para pedir melloras de seguridade viaria nas estradas porque eran zonas de moita sinistralidade. ¿E sabe que fixeron vostedes? Votar en contra, iso é o que están facendo vostedes, non están tomando as medidas necesarias en seguridade viaria nas estradas, non están facendo cam-

pañas de sensibilización. Vostedes este ano non fixeron nin unha soa campaña de sensibilización sobre as distraccións coa utilización do móbil, cando saben que é o principal motivo de accidentes.

Polo tanto, fagan vostedes algo máis, porque os datos son moi moi negativos e o que están facendo, evidentemente, non está funcionando, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Para o turno de réplica ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Vostede non debe de saber señoría, que na PO-308 levamos moitísimos investimentos realizados en execución en materia de seguridade viaria, moitísimos investimentos. Debería acercarse a todas as obras coas que estamos, porque estamos cosendo toda a PO-308 entre Sanxenxo e Poio e tamén a PO-531. Non debe saber que estamos realizando aí obras importantísimas en materia de seguridade viaria.

En calquera caso, levamos moitos anos traballando de forma intensa, redobrando esforzos en materia de seguridade viaria, e queremos seguir sumando e concentrando esforzos. Temos, por exemplo, a estratexia de eliminación de todos os treitos de concentración de accidentes, na que estamos traballando para eliminar todos os TCA —os puntos negros, para que se ubique— das estradas autonómicas. Un programa específico de inspección das pontes, das obras de paso, que incrementaba os anoiros nas nosas estradas; tamén identificación e sinalización, que estamos e que seguiremos realizando, das rutas ciclistas nas estradas galegas, e campañas de concienciación e educación viaria.

Eu volvo insistirle, as campañas de educación «*Metro e medio*» e «*O corazón está no teu lado*», para os nenos pequenos, estámolas a facer. Aínda estiven o outro día, señor Cal, no concello de Toén. Reparto de elementos reflectantes; aínda estivemos hai pouco cos colectivos vulnerables: os ciclistas, os peóns. Campañas de conducción segura, cursos de conducción segura. Eu aconséllolle que se apunte aos próximos cursos de conducción segura.

Traballo intenso e relaxación ningunha, redobrando e incrementando esforzos e investimentos. Con orzamentos, 75 millóns de euros nos orzamentos do ano 2019. ¿Que fixeron vostedes nas emendas? ¿Que fixeron vostedes nas emendas dos orzamentos? *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Cal. Señor Cal, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Reducir o investimento da Axencia Galega de Infraestruturas. ¿Que fixeron vostedes nos orzamentos do ano 2019? Reducir, reducir o investimento en seguridade viaria, en investimentos da Axencia Galega de Infraestruturas, e vén aquí facerme esta pregunta.

Dende logo, unha minoración de investimentos que son imprescindibles, que tería consecuencias negativas, por iso non lles imos votar a favor. ¡Sería unha perda real de investimentos de 59 millóns de euros! ¡E venme facer esta pregunta!

Polo tanto, eu creo que hai que falar en serio, é un tema moi sensible. Plenamente convencidos de sumar para restar, plenamente convencidos de traballar pola seguridade viaria, que é unha cousa de todos. Ningún plan da Administración pode substituír a prudencia, supoño que isto o compartirá comigo. Concienciación de todos e vixiante, non podemos baixar a garda.

Na Delegación do Goberno, na xuntanza que tivemos, propuxemos un protocolo de actuación ao Estado —eu agardo que o acepten canto antes— para que elimine tamén o estado todos os treitos de concentración de accidentes nas súas estradas. Creo que estaría ben. Mellor seguridade nas zonas de travesías porque é por onde máis circulan os cidadáns vulnerables —na PO-308, en travesías, estamos xa actuando—, e incrementar a seguridade viaria tamén nos peregrinos.

Colaborando, sumando todos, señoría. Máis concienciación, máis educación e menos utilizar os informes das empresas construtoras, como fixo no debate de orzamentos.

Pola miña parte, nada máis (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego referida á posible realización por Augas de Galicia dun seguimento das condicións nas que quedou a canle do río Xunqueira despois da corta autorizada de árbores

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Benvida, conselleira.

Quero saudar a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, que hoxe nos acompaña, representante da Administración que estivo en todo momento ao lado das veciñas e veciños de Xunqueira, despois das inundacións acontecidas na noite do 18 de novembro en Viveiro. (*Aplausos.*)

A urxencia desta pregunta vén dada pola inqueda e inseguridade que está a padecer a veciñanza de Viveiro despois dos catastróficos danos producidos por esta tromba de auga

acontecida na noite do 18 de novembro. Nesa madrugada, unha forte tromba de auga desatou unha riada que arrasou o barrio de Xunqueira en Viveiro, arrastrando coches, provocando danos en vivendas, anegando os cortellos e alpendres, e o que é máis grave, provocando a morte dunha veciña do barrio de 83 anos. Dende o noso grupo, amosamos e transmitimos á familia de Amparo Verde Alcamba o noso máis sincero pésame.

O peor é que esta morte podería terse evitado. Todos os anos, a Asociación Valdeflores, de Xunqueira, remite cartas á Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia pedindo a limpeza do río que pasa por Xunqueira antes dos temporais de outono, advertindo das posibles consecuencias de non facelo; é dicir, atranco das pontes e inundacións, que foi o que finalmente aconteceu.

Esta inundación tivo a súa orixe na cantidade de maleza e árbores que levaba o caudal do río. Varios veciños e veciñas, entre eles unha concelleira do Grupo Municipal Popular no Concello de Viveiro que me imaxino que por coherencia política, e tamén avergoñada pola responsabilidade da Xunta neste tema, dimitiu, aseguraron que esa falla de limpeza do río foi unha das causas da riada, e lembran que levan meses, incluso anos, exixindo ao Goberno galego unha solución.

O primeiro que dixo Augas de Galicia e a conselleira foi que os seus técnicos estiveran en setembro na zona asolagada e observaran que estaba en boas condicións, e que as inundacións foron froito unicamente do fenómeno meteorolóxico. É máis, a conselleira vaticinou que non se van volver repetir en 500 anos. En fin, argumentos de gran calado para tranquilizar os veciños.

Pero o certo é que os problemas se iniciaron na zona da riba do río, tal e como dixeron os propios veciños, o propio Goberno municipal, e como así finalmente tamén recoñeceu Augas de Galicia no informe remitido ao Concello o pasado 28 de novembro.

A Xunta concede permisos para talar árbores e sacar a madeira vadeando os ríos, pero despois a Xunta de Galicia non se preocupa en comprobar o estado no que deixaron a canle e as ribeiras dos ríos as empresas forestais que levan a cabo a tala das árbores. Por iso nós preguntámonos: ¿sabe o Goberno galego se Augas de Galicia realizou o seguimento das condicións nas que quedou o río de Xunqueira despois da tala autorizada de árbores? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para a resposta ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu tamén quero aproveitar para saudar a alcaldesa de Viveiro, a María, e tamén ao tenente-alcalde, que o vexo aí arriba tamén. Saben que estamos dende o primeiro momento alí axudando e apoiando, mandando técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas, técnicos de Augas de Galicia, que incluso contactaron directamente con eles.

Eu quero comezar, dende logo, lamentando o grave suceso que afectou a decenas de persoas, e tamén houbo unha persoa falecida, Amparo. Quero trasladar novamente as miñas condolencias a todos os afectados e aos familiares da persoa falecida, e dicirlles a todos, e a toda a sociedade en xeral, que temos que traballar para que isto non volva suceder. Traballo de todos que non se limita a un único factor, porque a conselleira non limitou nunca a un só factor o que pasou. Unha reflexión conxunta da sociedade en xeral. E, dende logo, administracións non só con competencia en augas de Galicia, creo que en materia de urbanismo, en materia de protección civil, en materia de aproveitamentos forestais, en materia de predición meteorolóxica.

Dende Augas de Galicia e dende a Consellería a máxima colaboración e o máximo traballo para investigar en profundidade. Estamos investigando, dende o primeiro momento, todo o acontecido, pero creo que debemos ter claro que o certo é que foi un fenómeno absolutamente extraordinario: en moi pouco tempo, e nun único espazo, moitísimas choivas concentradas.

Dende o primeiro momento, puxémonos á disposición do Concello de Viveiro. Dende logo, isto é para tomalo en serio: 25 chamadas ao 112. Augas de Galicia mobilizou os equipos dende o primeiro momento. No primeiro momento, desprazámonos á bacía despexando todos os arrastres, para evitar problemas similares se volvía chover. E tamén operarios de conservación de estradas da Axencia Galega de Infraestruturas, colaborando en viais municipais. Dende o primeiro momento tamén iniciamos unha investigación.

Información meteorolóxica. Eu debo informar, ser transparente, dicir os datos que temos e a información meteorolóxica: unha choiva intensa e concentrada. O certo é que o que trasladei e o que informei foi de cuestións e parámetros de enxeñería hidráulica, de hidráulica. O período de concentración e o período de retorno son parámetros hidráulicos e creo que tamén debo informar deles. Tempo de concentración moi pequeno, períodos de retorno moi longos, o que significa probabilidade en cincocentos anos.

Eu creo que as choivas a 10 minutos, con este gráfico, é bastante clara a excepcionalidade. Pero, en calquera caso, eu non quero minimizar o ocorrido. É unha zona de risco potencial de inundacións coñecida tamén polo Concello de Viveiro —teño que dicilo—. É, polo tanto, un fenómeno extraordinario nunha zona de risco de inundacións; non é unha opinión política, isto é unha certeza. Polo tanto, estase traballando para paliar, analizar todo o que pasou e impedir, dende logo, que volva pasar.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, para o turno de réplica, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, vostede nun primeiro momento, cando se acercou a Viveiro, dixo que a única causa pola que se produciran aquelas inundacións fora o fenómeno meteorolóxico. Os

veciños e o propio concello dicíanlle que non, que había máis causas, e que a causa era que non estaba limpa a parte de arriba do río Xunqueira. Vostedes recoñecérono a posteriori e dixeron que podía ser que algunha empresa que talara árbores non fixera a limpeza que era conveniente, pero nun primeiro momento achacárono única e exclusivamente; e coa súa frase de que só se ía repetir de aquí a cincocentos anos, limitárono única e exclusivamente a un fenómeno meteorolóxico.

Nós, señora conselleira, non estamos a negar que caera unha gran cantidade de auga, pero é que se o río estivera limpo, as inundacións non chegarían a ser de tal calado, coa peor das consecuencias que así aconteceron, que foi a morte dunha veciña do río de Xunqueira de 83 anos. Se o río estivera limpo, as inundacións non serían de tal calado.

Non nos contestou á pregunta de se se fixo ese seguimento, de se quedou limpa a canle do río despois de autorizar esa tala de árbores. O que nos queda claro é que vostedes non fixeron os deberes, non comprobaron como quedaron os ríos despois da tala autorizada por vostedes mesmos. Vostedes autorizan a tala e, a pesar de non deixar os veciños que poidan limpar os ríos, vostedes tampouco os limpan nin fan o seguimento e a comprobación de como quedan os ríos despois desas talas.

Aquí, unha vez máis, amosan a súa incompetencia e o seu facer oídos xordos ás reivindicacións dos veciños de Xunqueira, que levan anos pedindo esa limpeza. Esperemos que agora se poñan a traballar, fagan os deberes e procedan a esa limpeza para evitar que se volvan repetir estes feitos e evitar novas mortes por asolagamentos. Iso véñenllo reclamando os veciños, que teñen medo de que se volva repetir, por iso piden que limpen e draguen de forma urxente o río nesa zona e que desatranquen a canle de árbores caídas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...na parte superior do río.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Para o turno de réplica por parte do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, eu rógole que non terxiverse o que dixen, ademais o certo é que alí non a vin. Polo tanto, non terxiverse o que dixen. Pero si lle vou concretar algo que si dixen, e que vostede non di, para centrar máis este problema, que me parece bastante serio, e para tomar en serio o asunto.

Estamos nun episodio meteorolóxico que creo que todos temos que recoñecer, polo menos así o traslada Meteogalicia. Eu si que teño que recoñecer que o fenómeno meteorolóxico —

claro que si— foi excepcional. Foi nunha zona de risco potencial de inundacións, isto tam-pouco o podemos obviar. Sábeo o Concello de Viveiro porque o sometemos á súa considera-ción, e non mandou ningunha alegación. Temos en Galicia non só a zona de Viveiro, hai moitas zonas en Galicia que son zonas de risco especial de inundacións. O Concello de Viveiro sabíao e non alegou, e cando estás nunha zona de risco especial de inundacións, tes que, polo menos, telo en conta.

Eu trasladei o que din os técnicos de Augas de Galicia, que teñen o meu respecto. O que din os técnicos eu tamén teño que respectalo, entendo eu, non saltarmo; e tamén en aras de ser transparentes.

En canto á limpeza da propia canle do río, do propio leito, se fora máis limpo, evitaríanse este tipo de inundacións como consecuencia desas choivas. Vexo que non podo falar nin de tempo de concentración nin de período de retorno porque o terxiversan. En calquera caso, eu xa lle digo que son parámetros dos que se soe falar en enxeñería hidráulica. Pero voulle dicir o que si dixer. O que si dixer —e creo que é bastante importante que o saibamos todos— é que o treito urbano que pedían os veciños que se limpara é un treito que lle co-rresponde limpar ao Concello. O treito urbano, que si que foi o que dixer no propio concello, artigo 28.4 do Plan hidrolóxico nacional ratificado por sentenza do Supremo: Os treitos ur-banos dos ríos son competencia municipal limpalos e mantelos. Si, señoría, debería vostede informarse máis do que dixer alí e non terxiversalo.

Por outra banda, en temas de limpeza dos ríos, Augas de Galicia facilita. Temos activado un decreto, desde o ano 2015, cunha declaración responsable para obras menores de lim-peza de ríos e para dar facilidades para a limpeza de ríos. Como lle dicía, as competencias non son só de Augas de Galicia. As competencias para ver o estado das talas, das cortas, en zonas de policía, non é de Augas de Galicia, é de Medio Rural, é do distrito forestal, e tamén do dixer. (*Murmurios.*) Polo tanto, non concentre... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En vez de inventar algunhas cousas que se trasladan aquí, volvo insistir nunha reflexión conxunta nun asunto moi serio, onde estamos a falar de predición meteorolóxica, de xestión de ríos —por suposto que si—, de urbanismo —por suposto que si—, tamén de protección civil —por suposto que si—, e de previr para impedir, pero dende unha reflexión conxunta de todos.

Pola miña parte, nada máis. (*Murmurios.*)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Como saben vostedes, a Xunta de Galicia comunicou o aprazamento da pregunta documento número 40853, a 7.6 da orde do día. Polo tanto, pasamos á seguinte.

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña lucense

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Vega Pérez.

O señor VEGA PÉREZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos, señorías.

Mañá cúmprense corenta anos da Constitución española — como ben sabemos todos —, que nós celebramos — non sei se outros, pero nós si — porque supuxo as maiores cotas de benestar na nosa comunidade — é dicir, o autogoberno — xamais soñadas para Galicia. E fago este encabezamento, se me permiten, porque unha das competencias que ten a Comunidade Autónoma é a sanidade pública. Na sanidade pública, na nosa comarca, na Mariña, temos un magnífico hospital. Ese autogoberno, dentro da nosa comarca, do noso distrito, ten unhas competencias e ten un poder. A Xerencia da Mariña ten un poder e, polo tanto, xestiona perfectamente o noso hospital.

Nós dicimos con claridade que era unha demanda histórica da nosa comarca; unha demanda que reivindicaban os veciños, unha demanda que demandaba o Grupo Popular, e, en consecuencia, hai un compromiso claro e rotundo por parte deste Goberno e, en consecuencia, por parte do noso presidente Feijóo.

A sanidade pública goza, en consecuencia, de boa saúde. O noso hospital gana 6.000 metros cadrados máis de sanidade pública, gana servizos. Señor conselleiro, eu pido que llelo explique a todos os veciños da nosa comarca — da miña comarca —, pero que tamén llelo explique a esta oposición, que acudiu con mentiras, sistematicamente, á nosa comarca. ¿Enganaron a 80.000 persoas? A resposta é que non, porque os veciños souberon perfectamente que había un goberno que actuaba, que non acudía a unha pancarta porque esa pancarta o único que quería era electoralismo, e ningún veciño acudiu a esas manifestacións.

Conselleiro, a esas manifestacións — escóitenme, señores da oposición — acudían representantes do Partido Socialista — é verdade que non o votan no seu pobo pero vai manifestarse a outros —, os do BNG — ven o resultado que tiveron, seis parlamentarios — e as mareas — non teñen representación municipal en ningún dos concellos da nosa comarca, en ningún —; en consecuencia, a xente decidiu, ¿e que decidiu? Que había un partido que era responsable, que había un partido que non xogaba coa sanidade.

Nós apostamos pola sanidade pública, nós defendemos o rural...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VEGA PÉREZ: ...claramente defendemos o rural. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

O señor VEGA PÉREZ: ¿Sabe por que defendemos o rural? Porque apostamos por unha sanidade de proximidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

O señor VEGA PÉREZ: En consecuencia... —se me permite, presidente—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Remate.

O señor VEGA PÉREZ: ...fágolle a pregunta. (*Murmurios.*) ¿Cales son as características, se mas pode detallar, da obra da ampliación do hospital público da Mariña?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vega.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, presidente.

Señor Vega, señores deputados.

A verdade é que si, ademais coincide que hoxe é un día importante para A Mariña —polo que contarei a continuación—, pero é certo que desde a Consellería de Sanidade temos un obxectivo claro e común a toda a xeografía, que é acercar os servizos ao cidadán. Como cando se defendeu a Lei de sanidade neste parlamento, díxose en todo momento, e isto é o que se demostra, que o gran hospital está sendo e vai ser o Hospital da Mariña.

A ampliación é, como digo, a mellor proba de que lonxe de pechar centros ou minorizar servizos —como se di moitas veces por parte da oposición—, apostamos por tratar os pacientes nos seus hospitais preto das súas casas.

Temos magníficos profesionais no Hospital da Mariña que fan que este hospital sexa valorado tanto polos cidadáns desa comarca como polos profesionais do Sergas, en xeral.

Esta ampliación supuxo a construción dun novo edificio de novas instalacións e supón un incremento de superficie do centro do 33 %, moi importante, 6.000 metros cadrados sobre os 17.600 que xa tiñamos en funcionamento. Un investimento de 8,5 millóns, que chegará a 10,5 cando logremos completar esta primeira fase do plan director. Nesta fase o hospital conseguirá mellores espazos asistenciais destinados á hospitalización, con habitacións máis confortables, como puidemos ver na visita que tivemos hai unhas semanas.

Tamén destaca a mellora no espazo do hospital de día oncohematolóxico, moi importante o espazo que agora vén completar os servizos e que se creou co equipo de toda a área de Lugo. Ese equipo de oncohematoloxía desprázase para atender os pacientes da Mariña, evitando viaxes innecesarias a todos os cidadáns. Vai dispoñer de 270 metros cando ata agora eran

120 metros. Un espazo no que se administran os tratamentos contra o cancro sen que os pacientes —como digo— teñan que ir a Lugo, como facían ata hai uns anos.

Ademais, haberá unha nova zona de consultas externas con trinta e un locais novos e dúas salas de endoscopias dixestivas dotadas con dúas novas torres de exploración, unha sala de técnicas cirúrxicas ambulatorias e un gabinete para cardioloxía.

A nova área de oftalmoloxía, tamén moi importante, vai contar con dez locais con aparataxe completamente renovado, moderno e novas prestacións. Instalacións e equipamentos que permitirán atender os pacientes en espazos máis confortables dotados de mellor tecnoloxía, que farán posible realizar atencións con menores desprazamentos e molestias para eses cidadáns.

Tamén grazas á reforma da farmacia, estará dotado con modernos medios electrónicos para o nacemento e mellores instalacións para atender os pacientes.

E esta ampliación non remata aquí, senón —como dicimos— que tamén queda unha segunda parte desta fase 1 que empezará a partir do día de hoxe, en que estamos empezando a desprazar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ... todos os pacientes a estas novas áreas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Para a réplica ten a palabra o señor Vega Pérez.

O señor VEGA PÉREZ: Ben, pois puidemos escoitar perfectamente todos que a sanidade pública na Mariña se defende con feitos, non con palabras simplemente; con orzamento, non con pancartas. (*Murmurios.*)

Eu xa sei que a vostedes lles molesta que eu dixera «diga», e vou seguir dicindo que non se pode acudir á Mariña con pancartas, ¡non, non!, hai que acudir á Mariña para explicar os feitos que esta Administración está cumprindo con cada un dos veciños da Mariña. (*Murmurios.*)

Cando se fala de sanidade pública, fálase de sanidade de proximidade, e cando se fala de sanidade tamén se di con total claridade que hai que incrementar os servizos na nosa comarca. Un deles, por exemplo, a hospitalización a domicilio. ¿Por que eu, na miña intervención, dicía que defendíamos o rural?, ¿por que dicía que había un orgullo do rural? Porque esa hospitalización a domicilio a quen máis beneficia —onde é moi valorada— é ás parroquias, é ao rural, e eu levo o rural no corazón, pero tamén levo o rural nas miñas reivindicacións, sistematicamente, como deputado desa comarca.

Por iso, conselleiro, llo di un señor que vive no rural: siga traballando pola sanidade pública, siga traballando para defender o noso hospital. (*Murmurios.*) Hoxe na Mariña houbo todo o cambio do hospital antigo, o hospital que vai ser agora remodelado, ás novas instalacións; porque seguimos investindo. O conselleiro deu unha cifra, 12 millóns de euros, e agora vaise incrementar esa cifra porque vai existir unha remodelación do actual hospital. En consecuencia, seguimos investindo, porque eu —e creo que todo este grupo parlamentario—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VEGA PÉREZ: ...teño un orgullo da sanidade pública.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vega.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, presidente.

Pois si, señor Vega, a verdade é que é un día importante para A Mariña, porque é certo que neste momento os pacientes van empezar a poder ver xa, de forma clara, as novas instalacións, que ademais nos van levar nesta segunda parte a remodelar o espazo que ata agora estaban ocupando. Van ver esta diferenza clara entre unha hospitalización antiga e unha nova, pero en moi pouco tempo estarán igualadas as dúas.

Ademais, tamén temos xa moi avanzado o expediente para mellorar o edificio, en xeral cunha nova fachada que vai mellorar a eficiencia enerxética e que vai ter un investimento, un investimento duns dous millóns de euros, tamén.

Polo tanto, como digo, esta tarde pódese ver xa, en principio, este primeiro cambio, e en próximas datas entrará en funcionamento, tamén, o hospital de día oncohematolóxico e os gabinetes e consultas de cardioloxía, e así progresivamente para en xaneiro ter completada a ocupación desta área nova e remodelar a antiga.

Pero, ademais, a verdade é que ese edificio mellora a confortabilidade de todos os pacientes que o teñan que utilizar. Queremos, ademais, potenciar a zona ambulatoria, sabemos que o futuro vén por aí: máis cirurxía ambulatoria, máis hospital de día, máis tratamentos ambulatorios para que os pacientes poidan regresar ao seu domicilio o antes posible. Pero aqueles que queden, loxicamente, van ter un mellor paso por este hospital.

Ademais, a verdade é que os resultados asistenciais nos últimos anos teñen mellorado moitísimo na Mariña, como digo pola instalación propia, pero tamén por eses profesionais que están desempeñando un magnífico labor.

En 2009 a espera media cirúrxica era de noventa e seis días, en 2018 o último dato é de 40,8, é dicir, reduciuse nunha porcentaxe practicamente de máis do 100 % con respecto a esa data.

En consultas externas estaba en 41,6 días e agora mesmo está en trinta e catro días. Tamén baixando sete días sobre o que tiñamos anteriormente.

Un hospital que en 2017 sacou adiante 5.329 ingresos e máis de vinte e tres urxencias atendidas. Queremos que os veciños da Mariña poidan ver ampliado o seu hospital de confianza e que teñan acceso a unhas mellores instalacións máis confortables para seguir facendo os tratamentos de alta calidade que se están facendo alí.

E, como digo, isto representa cumprir unha débeda que tiñamos cos cidadáns e cos profesionais da Mariña, unha débeda que —como dicía o señor deputado— algúns crían que consistía en maior número de pancartas, pero que realmente o que queren os veciños son feitos.

E, desde logo, imos seguir acercando os servizos aos cidadáns, mellorando as infraestruturas, potenciando, tamén, outras formas de asistencia: as cirurxías —como dicíamos— ambulatorias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ... os hospitais de día e, desde logo, a eficiencia enerxética de todos os nosos edificios, que loxicamente tamén mellorarán o medio ambiente.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señor conselleiro.

O 4 de agosto, coa morte de José Manuel Brey no PAC da Estrada pola falta de persoal para poder atendelo, saltaron todas as alarmas sobre a situación da sanidade. Alarmas que vostede non quere ver nin atender e segue a facer oídos xordos ás advertencias sobre a falta de persoal, sobre os descubertos que se están producindo a pesar de que o persoal dos PAC leva en folga desde mediados do mes de outubro. Lonxe de tomar nota, señor Almuíña, segue facendo o mesmo, e repetindo o mesmo parece, dende logo, moi pouco intelixente agardar resultados diferentes.

O pasado día 29 de novembro, por exemplo, no PAC de Tui estiveron sen persoal médico durante máis de dúas horas. Diante da ausencia dun médico no PAC da Guarda o que se lle ocorre ao Sergas é sacar un médico do PAC de Tui e mandalo para A Guarda. Xorde unha urxencia

en Tui e ten que saír para cubrir esa urxencia e o PAC de Tui queda sen médico. Desvestir un santo para vestir outro nunca foi solución, señor conselleiro. É a mesma imprudencia, a mesma temeridade repetida unha e outra vez, xogando coa vida dos galegos e das galegas sistematicamente.

Tampouco toma nota das demandas do persoal do Servizo de Urxencias do CHUS, un mes en folga en demanda de persoal e mellora dun servizo en situación de colapso permanente. Tampouco toma nota das demandas do Hospital do Salnés, que denuncia plantas con multipatoloxías, con camas pechadas, cunha carga de traballo brutal, sen reforzos. Denuncian que o Sergas se comporta como a peor das ETT, que realiza contratos lixo de hoxe para mañá, de media xornada sen respectar os días de libranza...

Ás demandas do persoal súmase a preocupación e indignación da poboación, que non está disposta a que a deixen sen pediatras, a que lle pechen os centros de saúde polas tardes. Teñen aos veciños indignados de Cambados, de Cuntis, de Aldán, de Mondariz, de Moaña, de Moraña, de Ponte Caldelas, de Coruxo, de Soutomaior..., e podía seguir coa lista bastante tempo.

Son, polo tanto, cada día máis as profesionais e os profesionais —a veciñanza— que, dende logo, non están dispostos a seguir soportando en silencio esta situación. Esta situación que, dende logo, non é casualidade, non é sobrevida, non é de última hora, estaban vostedes advertidos de que isto ía pasar; incluso o Plan de ordenación de recursos humanos do Sergas advertía de que esta situación ía pasar, advertía do avellentamento do persoal e das consecuencias que ía ter, e diante diso vostedes non fixeron nada porque o que querían era chegar a esta situación de deterioración da sanidade pública para derivar convenientemente á privada.

Co cal, señor conselleiro, a pregunta é, ¿ata cando van seguir poñendo en risco a saúde, a vida dos galegos e das galegas por falta de profesionais?

Moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para a resposta ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, señores deputados.

A Estratexia 2020 recolle un eixe para nós fundamental: os profesionais comprometidos e coidados pola organización. Distintas liñas de traballo co obxectivo de conseguir unha organización flexible e aberta a todo aquilo que contribúa a seguir na mellora do noso sistema sanitario.

Di, ¿que medidas tomamos no Sergas? Pois mire, o Sergas foi pioneiro en moitísimas medidas que se están tomando, para un déficit de profesionais que non é un tema de Galicia,

que é un tema de toda España; véxase Cataluña, Andalucía, Madrid..., todas as comunidades autónomas.

Pero nós, por un lado, empezamos facendo incremento de formación de especialistas. Nos últimos anos vimos incrementando a oferta de prazas MIR, especialmente en medicina de familia, e nas dúas últimas convocatorias incrementamos trece máis con respecto ao 2016.

Ademais, como ben saben, porque xa está a ministra de Sanidade nun diario —que foi creo que publicado o domingo— onde ela mesma reconece que a Consellería de Sanidade de Galicia está pedindo un grupo de traballo para a busca de máis profesionais, e especialmente o incremento de prazas acreditadas en pediatría, para poder pasar de vinte, como hai actualmente, a vinte e seis.

Pero tamén tomamos medidas como a retención do talento, co atraso da idade de xubilación. Galicia foi a última das comunidades autónomas que fixo obrigatoria a xubilación aos sesenta e cinco anos, e foi tamén das primeiras en levantar esta prohibición e facer incremento da idade de xubilación, ano a ano, ata os setenta anos, e así consta nas nosas reunións cos representantes sindicais.

Tamén mellora outro factor moi importante: a mellora das condicións de traballo. Polo tanto, seguimos coas ofertas públicas de emprego, esgotando a taxa máxima de reposición.

Firmamos en abril de 2017 un plan de estabilización de emprego e provisión persoal estatutario do Sergas, coa maioría dos sindicatos; as OPE non só se mantiveron, senón que tamén se incrementaron, e a oferta do ano 2016 foi de 818 prazas, duplicouse practicamente en 2017 en 1.616, e acabamos de publicar a última con 1.460 prazas.

Priorizamos, tamén, as categorías propias do primeiro nivel asistencial, como médico de familia, pediatría e atención primaria, especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Destacamos, tamén, unha vez máis esa medicina de familia, pediatría e atención primaria e enfermería especialista, categorías que creamos de especialistas en enfermería de pediatría e medicina de familia por primeira vez nesta comunidade autónoma.

Tamén fixemos o concurso de traslados aberto e permanente, que agora nos están copiando outras comunidades autónomas; de feito, 1.806 adxudicacións, con 293 médicos de familia que puideron facer este traslado aberto e permanente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E tamén, dende logo, aprobamos por primeira vez o sistema ordinario da carreira profesional para 22.000 traballadores do Sergas, e ademais tamén na mesa sectorial asinamos en outubro o Acordo de modificación do pacto de selección de persoal estatutario temporal, incluso algún sindicato falou de acordo histórico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Mire unha cousa, señor conselleiro, vostede vive no seu planeta Sergas, ¿non? *(Aplausos.)* Vive no seu planeta Sergas, onde debe estar cun sistema de illamento tal que aí non chegan os problemas, porque efectivamente en Cataluña hai conflitividade, pero hai unha cuestión, alí séntanse cos profesionais e chegan a acordos.

A vostede eu fíxenlle aquí unha serie de relación dos conflitos que ten enriba da mesa, e vostede pois non ten nin a máis mínima intención de falar con eles, só supoño que pensa que os problemas con podrecerse se solucionan sos, e vai ser que non. Entón, non seu planeta Sergas falta moita autocrítica, faltan solucións e sóbralle bastante prepotencia, porque os profesionais o que necesitan é que os escoiten e diálogo.

Dende logo, na súa Consellería pois non hai —e eu o que lle pido é que o faga—, e o que non pode ser é que non haxa profesionais. A solución non pode ser que non hai profesionais, deixar a poboación sen asistencia e dicir que xa aumentamos en trece a petición de formación e pasamos de vinte a vinte e seis... Mire, con este aumento, ¿cantos anos fan falta para que chegaran ao número de profesionais que se están demandando? É que vostede está de risa, supoño que isto é unha tomadura de pelo pensando que con este aumento se vai solucionar, e non se soluciona nin minimamente. A demanda de profesionais é necesaria.

Dende logo, a falta de persoal non se soluciona con estes números que vostede acaba de dicir, porque non son suficientes, nin de broma, para o número de xubilacións que se está a producir. A oferta de prazas, dende logo, coa convocatoria de oposicións que se están facendo, nin de broma, dende logo é totalmente insuficiente; e, dende logo, a solución pasa por ter unha política de persoal eventual cuns dereitos mínimos para evitar a fuga en busca de pode ter unhas condicións dignas, que en definitiva lles permita ter unha vida laboral minimamente digna, que non é a que lle ofrece o Sergas, nin moitísimo menos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: —Remato, señor presidente.— A súa política laboral, a política laboral do Partido Popular nestes nove anos supuxo un retroceso nas condicións laborais sen parangón para o persoal do Sergas, e a única solución é a rectificación, e eu agradeceríalle que hoxe, señor Almuíña, o que fixera é comprometerse a —con todos estes conflitos que ten enriba da mesa— negociar con estes profesionais e sentarse a falar. Sería o que tiña que facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para a réplica ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Eu estou no planeta Sergas, e vostede debe de estar no planeta Yupi (*Risos.*), porque no planeta Sergas nós sentámonos con case todos os sindicatos e chegamos a acordos de plans de estabilización da carreira profesional, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —déixeme falar, por favor—, carreira profesional ordinaria por primeira vez no Sergas. ¿Onde se conseguiu exactamente? ¿Onde?

Entón, vostede si que vive illada, vostede vive facéndose fotos nos centros de saúde e nos hospitais, iso é o que utiliza. (*Murmurios.*) Non, todos vostedes, a oposición dedícase a iso, si.

Mire, dende a Consellería de Sanidade traballamos e adoptamos medidas que permitan paliar o déficit de profesionais, moitas medidas, non unha, moitas medidas. O número de profesionais no sistema incrementouse en 1.544 dende o 2008.

Cómpre sinalar que Galicia, ademais de esgotar o 100 % da taxa de reposición, é a única comunidade autónoma que mantivo as convocatorias anuais da OPE, a única, o que permitirá no horizonte 2017-2020 —como chegamos a acordo cos representantes dos traballadores— que 5.000 persoas accedan a unha praza estable, tratando de levar o obxectivo por debaixo do que se pactou a nivel nacional do 8 % ao eventual de chegar ao 5 %.

Solicitamos o incremento na capacidade de formación de especialistas. Os MIR que rematan a súa formación en Galicia contan con moitas posibilidades de poder exercer na nosa comunidade, de feito o 80 % destes médicos de familia que remataron este ano están contratados polo Sergas; dos 69 médicos de familia que terminaron este ano o MIR, 55 están en contrato co Sergas, e dende logo o resto é que por distintas circunstancias non quixeron traballar con nós, por temas familiares, non ser desta comunidade, ou por volver facer outra residencia, querer facer outra especialidade. Pero, desde logo, o que quere traballar con nós está con contrato seguro.

Hai que ter en conta que por iso dicimos que non todos poden ou queren seguir traballando con nós.

Para o ámbito da atención primaria, estudamos o establecemento de novas fórmulas contractuais, para dar unha maior estabilidade laboral e fidelización de médicos de familia e pediatras de atención primaria, que se está negociando neste momento cos representantes sindicais.

Como ven, traballamos de forma planificada durante as últimas lexislaturas en todas estas medidas, e, como digo, a solución a un problema tan complexo non vai vir dunha única medida, senón de moitas medidas tomadas de forma única: tanto para incrementar, estabilizar e reter o talento, como para mellorar as condicións laborais. En definitiva, para que os nosos profesionais se sintan coidados e para paliar o déficit de profesionais, un problema que afecta —como dicimos— non só a nosa comunidade, senón —como estamos vendo— a todas as comunidades de España. De feito, nós conseguimos formar un grupo de traballo no ministerio coa anterior ministra, con Dolors Monserrat, porque a seguinte ministra xa —como saben— cesou, e con esta nova ministra estamos tratando de reactivar este grupo de traballo e procurar, dende logo, buscar solucións conxuntas.

De nada vale que a comunidade galega incremente o número de MIR se non o fan as outras comunidades. Polo tanto, creo que aí é onde temos que traballar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Rosa Oubiña Solla e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa campaña da vendima de 2018 nas cinco denominacións de orixe de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Oubiña Solla.

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señor conselleiro.

En Galicia, señor conselleiro, podemos presumir dos nosos viños como orgullo do rural galego. De todos é coñecido que tanto os brancos como os tintos disfrutan dun recoñecido prestixio, tanto a nivel nacional como tamén a nivel internacional, polo que converten a nosa comunidade autónoma nun referente de calidade no ámbito vitivinícola.

Contamos con cinco denominacións de orixe: «Ribeiro», «Rías Baixas», «Valdeorras», «Monterrey» e «Ribeira Sacra», todas elas —como sabemos— amparan, representan e regulan o máis alto estándar de calidade dos viños producidos na nosa comunidade.

A importancia do sector vitivinícola é evidente. Como dinamizador do rural pon en valor o noso patrimonio cultural e tamén o noso patrimonio etnolóxico; actúa como axente fixador da poboación; e tamén como importante medio económico para as persoas que elixen tanto vivir no rural como poder vivir do rural.

O ano 2017 foi complicado nalgunhas denominacións de orixe, na que tanto as xeadas como a sarabia botaron a perder algunha parte das colleitas, aínda que no seu conxunto foi excelente tanto en cantidade como en calidade.

Este ano 2018 non comezou con bo pé, temos que dicir que as condicións meteorolóxicas adversas na primavera favoreceron a aparición de ataques de fungos, o que supuxo unha gran preocupación, así como tamén un dobre esforzo que tiveron que facer os viticultores.

Pero o bo tempo dos últimos meses previos á vendima, permitiron recoller a uva, como todos sabemos, nas mellores condicións.

Polo tanto, tendo en conta que no pasado mes de outubro —aproximadamente a mediados ou finais de outubro— se remataron os labores de vendima nas cinco denominacións de orixe, dende o Grupo Parlamentario Popular formulamos a seguinte cuestión: ¿que valora-

ción fai o Goberno galego en relación coa campaña de vendima do ano 2018 nas cinco denominacións de orixe de Galicia?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Oubiña.

Para respostar ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde.

O sector vitivinícola galego, como ben dicía a deputada, é un referente entre o noso medio rural pola súa capacidade produtiva, pola súa calidade e pola súa proxección exterior. Hoxe á mañá falouse das denominacións de orixe, e eu teño que dicir que en Galicia temos trinta e seis denominacións de orixe, que facturan no seu conxunto máis de 400 millóns de euros, dan de comer e de vivir a moita xente e fannos sentir moi orgullosos do noso rural. O viño por suposto, pero tamén todas as demais.

Este eido constitúe un factor de salvamento fundamental naquelas áreas nas que predomina este cultivo, que se consolida ano a ano coma unha fonte de riqueza e emprego para as zonas produtoras.

As cinco denominacións de orixe galegas, e eu vounas volver nomear pola súa importancia: «Monterrei», «Rías Baixas», «Ribeira Sacra», «Ribeiro» e «Valdeorras», xeran cada ano un valor económico estimado que supera —tomen todos nota— os 210 millóns de euros, ademais implican a 15.000 viticultores e preto de 450 bodegas.

Centrándome xa na súa pregunta, facemos unha valoración moi positiva da vendima do ano 2018, tanto en cantidade como en calidade. Cómpre destacar, en primeiro lugar, que a colleita medrou por riba do 4 % en relación coa anterior campaña, a do 2017, que foi afectada pola xeadada, e chegou aos 64 millóns de quilos. É a segunda máis abondosa da historia, despois da do 2011. Sobe por riba dun 10 % na media do decenio 2009-2018.

E os datos por denominación de orixe son: «Monterrei», 5,5 millóns de quilos, duplica respecto do ano pasado, porque «Monterrei» foi moi afectada pola xeadada; «Rías Baixas», 38,6 millóns de quilos; «Ribeira Sacra», 6,1 millóns de quilos; «Ribeiro» 8,9 millóns de quilos; e «Valdeorras», 4,6.

A maiores destes datos, podemos destacar unha serie de conclusións, importantes para todos os que estamos aquí. Este ano as tres denominacións de menor produción, «Ribeira Sacra», «Valdeorras» e «Monterrei» aumentaron a cantidade vendimada. É certo que «Ribeira Sacra» e «Monterrei» por riba da media do último decenio.

A denominación de orixe «Rías Baixas» situouse este ano no 60 % do total. Por outra banda, a D. O. «Ribeiro» e a D. O. «Rías Baixas» aínda que baixaron fixérono de forma moi pouco significativa.

As variedades de cultivo tradicional, e este dato para nós é importantísimo, potencialmente produtores de viño de calidade, seguen a ter un peso fundamental no conxunto da vendima, e así: a uva albariño 71 % da uva branca total, treixadura 10,4 % da uva branca total, godello 10,3 % e mencia en tinto case o 80 %.

É dicir, estamos a falar de que os viños galegos se fan en territorio galego e con variedades autóctonas galegas, teñen a singularidade que se poden colocar en calquera mesa dos mellores restaurantes do mundo.

En definitiva, penso que podemos estar moi satisfeitos con estes resultados, e temos que felicitar todos aos viticultores, adegueiros, etnólogos e demais axentes do sector polo seu magnífico traballo, que consolida campaña tras campaña o gran prestixio acadado polos nosos viños.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para formular a réplica ten a palabra a señora Oubiña Solla.

A señora OUBIÑA SOLLA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro do Rural, cos datos que vostede acaba de facilitar podemos dicir que os viños galegos das cinco denominacións de orixe galegas contan con boa saúde, á parte de que son moi saudables tamén.

Nos últimos anos o seu crecemento —como vostede fixo referencia— foi espectacular, e polo tanto dende o Partido Popular queremos felicitar os viticultores, os adegueiros e os consellos reguladores das denominacións de orixe polo seu traballo, pero tamén a Xunta de Galicia e a Consellería, neste caso, pola dedicación e polo traballo feito a prol do sector.

Pero, señor conselleiro, non me quero esquecer tampouco —aínda que na pregunta non facía referencia— dos estupendos e excelentes viños que se elaboran amparados polas IXP en Galicia, polas indicacións xeográficas protexidas, que, sen lugar a dúbidas, tamén forman parte do que é o patrimonio vitivinícola galego.

Polo tanto, seguimos animándoo a que vostede —que é un bo coñecedor do sector— siga traballando para que os viños galegos sexan o orgullo do rural en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra para a réplica o conselleiro de Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Eu agradézolle moito as súas palabras, teño que dicir que son bo coñecedor dos viños e de todo o sector de calidade diferenciada de Galicia. Repito, trinta e seis denominacións de orixe e IXP que nos teñen que facer a todos os que estamos nesta cámara e a todos os galegos sentirnos orgullosos da nosa produción.

Teño que anunciar que hoxe, ademais, no Consello da Xunta se aprobou unha modificación da estrutura da Consellería que reforza —aínda se cabe máis— a nosa aposta pola calidade diferenciada. Dentro da Axencia Galega de Calidade Alimentaria —a Agacal— recóllese unha nova área, unha nova subdirección, que vai estar pensando constantemente nas denominacións de orixe e nas IXP, e que vai levar un departamento de control e un departamento de promoción, unha aposta fortísima pola nosa produción de calidade.

Repito, trinta e seis denominacións de orixe e IXP e máis de 400 millóns de euros de facturación ao ano, con produtos con valor engadido, con produtos con singularidade e con produtos que nos fan a todos enorgullecernos de ser galegos.

Falaba vostede ben de que ademais de ter as cinco denominacións de orixe —ás que se referiu na súa pregunta— temos tamén indicacións xeográficas: son a da Barbanza-Iria, Betanzos, Val do Miño, Ourense e Ribeiras do Morrazo. Aí estanse a facer grandes cousas tamén con algunhas uvas que estaban practicamente desaparecidas. Eu quero lembrar aquí o branco lexítimo, que ten moitísimo recorrido.

E os datos dos que dispoñemos amosan que nestas zonas de produción medrou a uva recollida en preto do 20 %, e pasamos no conxunto de 121 a 145 toneladas. Aínda son cifras pequenas respecto das D. O., pero, bueno, aí estase facendo unha aposta importante. Polo tanto, estamos ante un éxito rotundo das nosas producións vitivinícolas amparadas. Insisto en recoñecer aquí o esforzo de novo de colleiteiros, adegas, técnicos..., que son os verdadeiros protagonistas deste fito.

Por parte da Xunta seguiremos a apoiar este eido produtivo tanto no que se refire ao seu fomento como á promoción interior e exterior. Repito o que comentei antes da estrutura. E quero tamén sinalar que só neste ano 2019 temos previsto achegar un total de cinco millóns de euros en axudas para este sector, con dúas liñas de apoio: unha, para a mellora das instalacións de elaboración e comercialización, e outra, para medidas de promoción en terceiros países.

Polo tanto, o noso compromiso co sector está fóra de toda dúbida e así o manteremos no futuro, porque estamos convencidos de que o viño é un dos grandes valores do agro galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e D^a Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego dalgunha análise en relación coa situación actual da cría do percebe e a previsión cara á campaña do Nadal

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

Conselleira, calquera que nalgún momento vira como ten lugar a extracción do percebe sabe que se trata —e que estamos a falar— dunha das profesións, probablemente, máis duras que existen: saltar as rochas, esquivar os golpes de mar e sortear tamén as pedras que no camiño vai deixando a Administración. Si, as pedras, e falo, por exemplo, das últimas sancións; refírome ás confrarías nas que existe un plan de explotación nas que coexisten os permisos a pé e os permisos a flote; nos que con mal tempo —como vostede sabe— a xente que ten permiso a flote vai por terra. O problema é que non existe un criterio único respecto ao que é o mal tempo, porque realmente, ¿que é mal tempo?, ¿marexada?, ¿marexadiña?, ¿forte marexada?

Entón, como non hai un criterio único prodúcense discrepancias e estas discrepancias ao final derivaron en sancións cara aos traballadores. ¡Que duro é que sancionen unha persoa cando decide que optar polo máis seguro para o seu traballo é non poñer en risco a súa vida nin poñer en risco a súa embarcación! ¡Que duro é ter que acudir á xustiza! E menos mal que a xustiza —e afortunadamente— acaba de anular a primeira de máis das cincuenta multas aos percebeiros de Baiona por inconstitucionais. Porque o fallo di, por un lado, que se anula a sanción porque é contraria a lei; pero, por outro lado —como vostede sabe—, acusa a Administración autonómica de menoscabar dereitos fundamentais, porque ninguén pode ser condenado ou sancionado por accións ou omisións que no momento de producirse non constituían delito, falta ou infracción administrativa, porque os sancionaron como se non tiveran permiso para faenar, e tiñan permiso.

E nós naquel momento xa llo dixemos, conselleira, xa lle advertimos que estaban sancionando inxustamente. Polo tanto, hoxe dea un paso cara a adiante, retire esa pedra, anule esas sancións pendentes de resolver, conselleira, e evítelles ese proceso ás persoas, porque se non vai ter unha choiva de sentenzas desfavorables. (*Aplausos.*) E esas sentenzas o que van provocar son problemas de custas para a Xunta, pero tamén lles van facer pasar aos traballadores e traballadoras un proceso feo, un proceso desagradable, a unhas persoas que o único que queren é traballar e —como lle dicía— non poñer en risco nin a súa vida nin a súa embarcación; especialmente agora que teñen outras preocupacións, como os baixos niveis de produción de cara ao percebe no nivel destas datas nas que nos atopamos, que son as datas do Nadal.

Polo tanto —como lle dicimos—, en lugar de ter que estar preocupadas por esas pedras que vai deixando a Administración no camiño, por favor, déixeos traballar.

Hai moitos motivos que barallan os percebeiros respecto do baixo nivel de produción desta campaña. En calquera caso, trátase de cuestións que se producen da súa experiencia baseada na observación respecto de anos anteriores. E o que piden é que se faga un estudo científico que determine cales son as verdadeiras causas desta baixada de produción.

Polo tanto, o que lle preguntamos hoxe é se vostede levou algún tipo de análise ou se profundou nesta baixa produción do percebe.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Para responder por parte do Goberno ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Toja, como vostede ben comprenderá a Consellería do Mar está ao tanto da situación do estado do percebe. Vostede sabe que dispomos dunha rede de biólogos de zona que se encargan de facer o seguimento de todos os plans de explotación e que están en perfecta coordinación cos biólogos de asistencia técnica que teñen todas as confrarías de pescadores para asesoralas no seguimento dos plans. Xa que logo, esa situación que vostede traslada de falta de recursos nas rochas non se corresponde ás referencias que nos teñen feito os biólogos de zona e as propias asistencia das confrarías. Simplemente o que fan é unha relación ás fluctuacións, ás variacións anuais periódicas que se dan na explotación de calquera recurso.

Nós non dubidamos da apreciación que poden facer os propios percebeiros nas súas zonas de traballo, pero si que temos a obriga de sustentar estas afirmacións cos datos científicos que nos aportan aqueles que son os responsables de facer o seguimento dos plans mediante condicións que son perfectamente medibles. E os datos destes biólogos dinnos que nunha comparanza homoxénea, e sen ser o ano 2018 un ano punteiro, si que podemos afirmar que non está fóra dos parámetros normais da serie histórica dos últimos quince anos.

Tanto é así que a datos consolidados dende finais de outubro podemos dicir que as descargas deste ano transcorren por riba doutros anos, como o ano 2009 ou o 2015, están por debaixo da media dos últimos cinco anos nun 6 %. E falando de ingresos, temos que sinalar que a media supera a media anual dos últimos cinco anos.

Pero nestas comparanzas temos que ter en conta, tamén, que ademais dos criterios biolóxicos da especie tamén debemos de ter en conta outros factores de explotación: como os días que os profesionais poden saír a faenar, que topes dispuxeron cada día, como está a calidade do percebe extraído en cada unha das zonas ou cantos son os plans de explotación que están en vigor.

A este respecto —e como indicador da evolución— cabe sinalar que para o ano 2019 está a punto de aprobarse a orde dos plans de explotación de recursos específicos. Está prevista a aprobación dun total de trinta e sete plans de explotación de xestión de percebe en toda a costa de Galicia. E que ademais das solicitudes de cobertura de vacantes que se poidan producir no desenvolvemento deste plan se solicitaron incrementos dun total de dez percebeiros a pé, vinte e un para embarcacións e cincuenta e dous tripulantes.

Igualmente, non se observa unha diminución xeneralizada nos topes de extracción nin nas xornadas previstas de traballo solicitadas. Temos que saber que esta situación non se daría se o recurso realmente estivera mal, posto que nin os biólogos de zona nin os biólogos das asistencias técnicas das confrarías facilitarían informes favorables para a aprobación dos devanditos plans.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Conselleira, pois se ten eses datos científicos e técnicos o que ten que facer —como lle pedimos sempre— é compartilos coa Comisión aquí no Parlamento, porque non vaia ser que esteamos nun *spin-off* do misterioso caso do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos. (*Aplausos.*) ¡Non vaia ser! (*Aplausos.*)

Por outro lado, vexo que non me contestou a nada do das sancións, xa lle vou pillando tamén a súa metodoloxía, imaxínome que agarda para despois, así eu non teño réplica; pero, bueno, como lle digo, xa a vou pillando.

O que lle pedimos é que analice a evolución ao longo dos últimos anos, as previsións para o futuro, determinar as necesidades de establecer vedas continuadas tal e como pide o sector —porque o sector pide vedas continuadas—. Por certo, que o sector cando pide as vedas continuadas faino en prazas, faino nas portas dos colexios onde agardan os seus fillos e as súas fillas, faino tamén nos mercados. Non o fai unicamente nas salas das consellerías, nos campos de golf...; as persoas que traballan no mar falan nese tipo de lugares. Polo tanto, hai que escoitar a xente do mar en calquera que sexa o sitio onde fale.

De acordo co IGE —que o IGE, por certo, non é un nome dunha taberna de Corme, que o IGE é o Instituto Galego de Estatística—, no ano 2011 había trescentos sesenta e sete permisos de marisqueo de percebe. Agora mesmo, bueno, no ano 2017, que é o último dato, hai trescentos vinte e catro; como ve, hai menos.

Polo tanto, está claro que o que lle pedimos é o mesmo que lle pediamos exactamente cando falabamos dos TAC e cotas: anticipación. Estudos científicos..., si, non se ría, conselleira, é o mesmo, anticipación. Se o sector indica que hai un problema e está falando de vedas continuadas nun tempo, pois faga uns estudos para determinar se esas vedas realmente serían unha solución, tal e como o sector apunta. É o que lle pedimos, cremos que é unha cuestión razoable e que, polo tanto, non hai problema.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Toja, mire vostede, hai máis de vinte anos que comezamos a explotación dos recursos específicos a través de plans de explotacións que se fan nunha coexistión entre o sector e a Administración. E non se establecen vedas xeneralizadas para todas as áreas de produción, posto que isto significaría que quedaría o mercado desabastecido; o que se fai é rotación polas diferentes zonas. Cada plan de explotación de cada confraría está dividido en varias subzonas e os percebeiros, en traballo conxunto coa Administración, o que propoñen é traballar en función das épocas do ano nas diferentes zonas. De tal maneira que cada unha das zonas incluso leva períodos de vedas de máis de seis meses, co cal permite unha explotación sustentable no tempo e permite a recuperación do percebe día a día. E así imos mellorando a calidade do percebe.

Eu non sei que é o que quere vostede de onde teño que escoitar o sector. Eu escoito o sector nos portos, escoito o sector nas confrarías, escoito o sector no meu despacho, escoito o sector nas reunións do Consello Galego de Pesca. Eu escoito o sector en todos os sitios e estamos facendo unha valoración continua.

E vostede pídeme os informes científicos e técnicos dos biólogos. Mire, cada plan de explotación que presenta o sector durante o mes de setembro, de cales son as súas propostas, son avaliadas polos técnicos da Consellería. Eses informes forman parte do expediente que despois se achega á Dirección Xeral, que fai a proposta de aprobación dese plan; todo se fai con rigor e todo se fai con transparencia. E vostede pode pedir na Administración calquera plan, revisalo, ver os informes, ver as propostas do sector, e ver tamén como os informes dos técnicos din o que se pode e o que non se pode aprobar de cada un deses plans.

Claro, todo hai que miralo e lelo con cariño e con criterio. Porque se vostede vén aquí dicir que a sentenza do recurso de ir a pé cando se ten un permiso de a flote lles deu a razón aos percebeiros... Vostede, unha de dúas, ou non leu a sentenza ou quere seguir enganando o sector. (Murmurios.) (Aplausos.)

A sentenza dálle a razón á Consellería. (Aplausos.) O único que lle di a sentenza á Consellería é que en lugar de tipificalo como unha falta grave tiña que estar tipificado como unha falta leve. Pero, se quere, eu léollo exactamente para que conste no expediente, di: *«El recurrente y quienes como él hubiesen faenado a pie ese día, estando autorizados para hacerlo desde la nave, no pueden pretender que la extracción del recurso se realice a bordo de ésta solo en jornadas de calma o ventolina, según la escala de Beaufort, que se corresponde con vientos de 0 a 3 nudos, porque entonces sí que no saldrían a faenar nunca. La mejor prueba de que las condiciones del mar y atmos-*

féricas el día de la denuncia no imposibilitaban o no dificultaban la extracción del recurso desde una nave es que otros profesionales accedieron a él de ese modo, como se refleja en el informe diario redactado por los guarda pescas. Lo que ocurre es que, a pesar de ser posible desde embarcación, será más factible o cómodo hacerlo a pié.»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Aquí, señora Toja, eu o que lle digo é: hai un baremo para acceder á extracción do recurso a pé e hai unha posibilidade de facelo dende embarcación. E o que permite a Consellería é que en determinadas causas excepcionais os que teñen o permiso para ir desde embarcación o poidan facer a pé. Non confundamos a xente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...e non indignemos a xente, leamos o que di a sentenza e vexamos quen ten a razón.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*


O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Terminados os puntos da orde do día, rematamos a sesión.

Remata á sesión ás seis e vinte minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25